

foz

Impulso á mobilidade en Foz coa renovación de sete vías provinciais grazas á Deputación. **Páx. 6**

burela

Vaise renovar o semáforo dos Castros e recuperar pasos de peóns en Arcadio Pardiñas. **Páx. 10**

cervo

Instalada unha pantalla dixital con datos ambientais e mariños en tempo real. **Páx. 14**

a pontenova

A ANPA mantén a mobilización contra os recortes en Infantil e o abandono no colexio. **Páx. 15**

trabada

O Concello impulsa novos espazos de lecer e convivencia con investimentos estratéxicos. **Páx. 20**

Apoio social no rural

COGAMI, Saúde Mental A Mariña e Asociación Guillem Veiga desenvolven proxectos para mellorar a calidade de vida no rural



Estudan o aumento de centenarios

RENACE é un proxecto que busca os biomarcadores do envellecemento saudable. **Páx. 4-5**

A Deputación defende a sanidade pública

Piden manter abertos os consultorios en verán e activar un plan para garantir a atención. **Páx. 25**

Asociación Agarimos



Nace para defender prezos xustos e o benestar das persoas maiores en Foz. **Páx. 7**

Veciños de Xuances



O colectivo veciñal de Xove aposta pola recuperación de festas tradicionais. **Páx. 19**

Museo da Identidade



Eduardo de Martís impulsa esta proposta pioneira para reflexionar. **Páx. 23**

Unha nova directiva para un club con historia

O CB Celtas de Foz mira ao futuro cun proxecto deportivo que aposta poloo arraigo local. **Páx. 30**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

A Mariña COGAMI impulsa a autonomía de 45 persoas con discapacidade na comarca




A Asociación A Mariña COGAMI está a desenvolver un programa centrado na mellora da autonomía persoal de 45 persoas con discapacidade da comarca, así como no apoio aos seus familiares. A iniciativa, que forma parte do Plan de Prioridades da Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica (COCEMFE), conta co respaldo económico da Fundación ONCE e céntrase en ofrecer atención integral e individualizada no ámbito rural. O equipo de profesionais da asociación atende a usuarios dos concellos de Burela, Viveiro, Foz, Mondoñedo, O Valadouro, Trabada, O Vicedo, Barreiros, Xove e Ribadeo, ofrecendo sesións especializadas de fisioterapia, intervención psicolóxica e terapia ocupacional. Estas actividades están deseñadas para mellorar a calidade de vida das persoas participantes e reforzar a súa

capacidade para levar unha vida o máis autónoma posible. Desde a entidade destacan que o obxectivo fundamental do programa é “favorecer o benestar e a independencia das persoas con discapacidade no seu día a día”, algo especialmente importante nos concellos máis pequenos e afastados dos centros urbanos. A atención próxima e personalizada permite detectar necesidades concretas e dar respostas eficaces nun entorno no que os recursos adoitan ser escasos. A experiencia acumulada pola Asociación A Mariña COGAMI no traballo co colectivo da discapacidade confirma que este tipo de programas son imprescindibles para avanzar cara a unha sociedade máis inclusiva e equitativa. Segundo sinalan, resulta esencial garantir que as persoas con diversidade funcional poidan acceder a servizos de apoio, con independencia do lugar no que vivan.

A Mariña será epicentro da música clásica co XII Festival Bal y Gay

A Mariña lucense volve ser, un verán máis, epicentro da música clásica grazas á celebración da XII edición do Festival Bal y Gay, que decorrerá entre o 12 e o 21 de agosto. O evento levará espectáculos e actividades culturais a escenarios singulares de sete concellos mariñaos: Alfoz, Mondoñedo, Ribadeo, Lourenzá, Cervo, Burela e Viveiro, fortalecendo a unión entre arte musical, patrimonio histórico e identidade local. O festival, xa consolidado como unha das citas máis relevantes do norte peninsular, aposta tamén por cultivar a dimensión educativa e creativa da cultura. Este ano, como novidades destacadas, ponse en marcha a coral infantil Marinaencanto, composta por nenos e nenas da comarca, e o proxecto Operiña, unha ópera adaptada e multidisciplinar que integrará música, teatro, danza, literatura e expresión plástica. Ambas propostas buscan estimular o talento da mocidade mariñá e fomentar a súa participación activa. A programación musical comezará de maneira especial o 31 de xullo na praza Conde de Fontao de Foz, onde o espectáculo lírico La Carroza del Real abrirá boca cunha actuación a ceo aberto. O concerto inaugural do festival terá lugar o 12 de agosto, na Fortaleza de Alfoz, coa presenza do recoñecido pianista Denis Kozhukhin. Un dos momentos máis esperados desta edición será o do 13 de agosto na Catedral de Mondoñedo, onde a Real Filharmonía de Galicia e o Coro da Comunidade de Madrid interpretarán o Réquiem de Mozart, nun



entorno cargado de simbolismo e beleza arquitectónica. O broche final chegará o 21 de agosto da man do barítono galego Borja Quiza, quen actuará no Teatro Pastor Díaz de Viveiro acompañado polo pianista Javier Carmena e a mezzosoprano Andrea Rey, nunha proposta que mesturará tradición galega e repertorio internacional. Tamén figuran no cartel artistas de gran prestixio como o Cuarteto Casals e o Cuarteto Quiroga, xunto con moitas outras propostas que converterán A Mariña nun escaparate sonoro e artístico de primeiro nivel. A programación completa e a venda de abonos están xa dispoñibles na web oficial do Festival Bal y Gay, e na páxina www.ocioengalicia.com, que continúa medrando ano tras ano e consolidando o seu obxectivo de achegar a cultura ao rural e poñer A Mariña no mapa musical nacional.

PROGRAMA

- 12 agosto – 20:30 h. Alfoz
Pianista Denis Kozhukhin
- 13 agosto – 21:00 h. Mondoñedo
Réquiem de Mozart coa Real Filharmonía de Galicia e o Coro da Comunidade de Madrid
- 15 agosto – 12:30 h. e 20:30 h. Ribadeo
Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias e Cuarteto Quiroga
- 16 agosto – 12:30 h. Foz
Ensemble Los Elementos
- 16 agosto – 21:00 h. Lourenzá
Núria Rial & Los Elementos
- 17 agosto – 20:30 h. Mondoñedo
Recital de Sara Blanch (soprano) e Julius Drake (piano)
- 18 agosto – 20:30 h. Foz
Marco Mezquida (piano)
- 19 agosto – 20:30 h. Cervo
Leticia Moreno & Friends
- 20 agosto – 20:30 h. Burela
Cuarteto Casals
- 21 agosto – 20:30 h. Viveiro
Borja Quiza (barítono), Javier Carmena (piano), e Andrea Rey (clarinete)



40 ANIVERSARIO
MARUXAINA
SAN CIPRIÁN 9 DE AGOSTO 2025
DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO



‘Coidando de min’ cumpre nove anos impulsando a saúde mental

A Asociación Saúde Mental A Mariña volve poñer en marcha, por noveno ano consecutivo, o programa ‘Coidando de min’, unha iniciativa pensada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Trátase dun proxecto cofinanciado pola Unión Europea e a Consellería de Política Social que busca avanzar na igualdade de oportunidades e contribuír á superación da dobre discriminación que sofren moitas mulleres por razóns de xénero e saúde mental.

A entidade destaca que o principal obxectivo do programa é fomentar que as participantes sitúen o coidado da súa saúde mental como unha prioridade, ao tempo que se potencia a súa integración social cun nivel de apoio adaptado ás necesidades e expectativas de cada muller. Esta nova edición botou a andar no mes de febreiro e desenvolverase ata agosto. Durante estes meses, as mulleres participantes teñen acceso a atención psicoló-



xica individualizada, obradoiros de mellora da comunicación, actividades para identificar e desmontar estereotipos de xénero, e servizos de acompañamento e orientación formativa e laboral. Desde a organización sinalan que se trata dun programa integral, orientado a fortalecer o benestar emocional e a autonomía persoal das usuarias. “A nosa intención é que aumenten o coñecemento sobre a enfermidade mental, coñezan ferramentas

para manexar situacións difíciles, eviten recaídas e melloren a súa autoestima”, explican. Ademais, agárdase que esta experiencia contribúa a reforzar as redes de apoio social das mulleres e a súa participación activa na comunidade. Para a asociación, este tipo de proxectos son fundamentais para promover unha sociedade máis xusta, inclusiva e consciente das barreiras que seguen a condicionar a vida de moitas mulleres.

Ribadeo e Trabada melloran a rede de auga con 8,5 millóns



Formalizouse en Ribadeo a envergadura do convenio entre os Concellos de Ribadeo e Trabada e Augas de Galicia para mellorar a rede de abastecemento de auga entre Vilarbetote e Loureiro, cun investimento total de 8,5 millóns de euros.

O acto, no marco da chamada Mesa da Auga, contou coa presenza dos alcaldes Daniel Vega (Ribadeo) e Rubén García (Trabada), xunto co director de Augas de Galicia, Roi Fernández.

O proxecto contempla a instalación dunha nova condución de 15 km de tubaxe de fundición, maioritariamente soterrada, salvo un tramo de 5,3 km que coincide coa antiga vía do tren mineiro.

Esta actuación responde á necesidade de substituír a rede actual, propensa a avarías frecuentes e cortes no subministro que poñen en risco o servizo á poboación.

O financiamento comprenderá unha achega do 80 % da Xunta, complementar exercida pola Xunta e por contribuídores locais. Con esta infraestrutura renovada preténdese reducir perdas, mellorar a eficiencia e asegurar o abastecemento a case 10.000 veciños e veciñas.

Os responsables municipais destacaron a boa coordinación institucional e salientaron a importancia de abordar un servizo básico de xeito planificado e consensuado.

Instan á Xunta a rematar a senda peonil entre Alfoz e O Valadouro

A senda peonil que comunica os concellos de Alfoz e O Valadouro segue sen rematar, a pesar de ser unha infraestrutura demandada pola veciñanza e de contar co respaldo unánime do Parlamento de Galicia. Así o denunciaron esta mañá o deputado do BNG Daniel Castro e a alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, que compareceron para poñer o foco sobre unha situación que cualifican de “inadmisíbel”.

A obra, iniciada hai máis dunha década, conta cun primeiro tramo xa executado de 1.250 metros de lonxitude e dous metros de ancho. Con todo, resta por construír un treito de 600 metros que permitiría completar o

itinerario peonil entre Vilaúde e O Reirado, paralelo á estrada autonómica LU-160. En febreiro de 2020, o Concello de Alfoz presentou unha proposta formal á Xunta para acometer este remate, mais, segundo afirmou Maseda, “catro anos despois seguimos sen resposta algunha por parte da administración”.

No Parlamento de Galicia, o deputado mariño do BNG Daniel Castro presentou unha Proposición non de Lei o 18 de novembro de 2024 para instar á Xunta a completar o trazado. A proposta foi debatida o 19 de febreiro de 2025 e aprobada por unanimidade. Porén, lamentou que a Xunta continúe sen actuar, malia que

o PP tamén votou a favor.

A alcaldesa de Alfoz subliñou que “a senda está sendo moi utilizada por veciños dos dous concellos, e precisamos que se remate canto antes para garantir a seguridade de quen a emprega a diario”. Denunciou ademais que, desde a aprobación parlamentaria, “non houbo ningún contacto da Xunta co Concello, nin sequera unha comunicación oficial”. Daniel Castro avanzou que presentará novas iniciativas na Cámara galega para obrigar á Xunta a actuar de forma inmediata e poñerse en contacto co goberno local de Alfoz. “Non podemos permitir que unha infraestrutura útil quede a medias”, concluíu.

O GDR Terras de Miranda promove un turismo sostible

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terras de Miranda vén de poñer en marcha unha iniciativa orientada a potenciar o turismo na Mariña lucense desde unha perspectiva sostible, de calidade e non masificada, coa mirada posta nun reto clave: romper coa estacionalidade que concentra a maior parte das visitas nos meses de verán.

Neste contexto, o GDR ofrece a concellos e empresas da comarca a posibilidade de incorporar as súas propostas turísticas a un novo portal web, deseñado especificamente para dar visibilidade a experiencias e actividades que se poden gozar no territorio ao longo

de todo o ano.

Este espazo dixital, que será o escaparate principal do proxecto, complementarase cunha estratexia de difusión nas redes sociais e campañas de márketing orientadas a promover as ofertas de outono e inverno, co obxectivo de atraer visitantes durante os meses tradicionalmente considerados “vales turísticos”.

As entidades interesadas en sumar os seus contidos ao portal poden facelo contactando con Julio Sánchez, responsable da empresa que xestiona a oficina técnica do proxecto, a través do correo electrónico juliosanchez@imbatia.es.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

A FONDO

O segredo da eterna xuventude, cada vez máis preto?

O proxecto RENACE busca os biomarcadores asociados ao envellecemento saudable nas persoas centenarias para avanzar na mellora da calidade de vida nas etapas máis avanzadas da existencia, especialmente superados os oitenta anos

Conseguir a inmortalidade foi sempre un tema recorrente en películas e libros, como un elemento de ficción do máis desexable, aínda que o feito de vivir para sempre non sexa do gusto de todos. Pero o que si se considera moito máis desexable é a prolongación da vida, aínda que non a calquera prezo; é importante que esta sexa de calidade.

Nos últimos anos, o que parecía un mito está a converterse xa en algo moi real. O segredo da mocidade xa non é tan segredo e está gardado polos nosos centenarios, aqueles amigos, veciños e familiares que, contra todo prognóstico, superaron os cen anos de vida. Os nosos libros de historia demostrano e os datos estatísticos corroborano: a esperanza de vida de homes e mulleres aumenta, e faino de forma progresiva e imparabile. Son os centenarios os que confirman este dato, aqueles que nos amosan que vivir por enriba dos cen anos está cada vez máis preto. E son tamén eles os que gardan no seu interior o segredo para chegar tan lonxe.

Para atopar ese segredo, púxose en marcha o proxecto RENACE, que ten como obxectivo final estudar esta lonxevidade nos nosos centenarios e poder extraer conclusións que poidamos aplicar na vida diaria para seguir o seu exemplo de cumprir anos. Este proxecto RENACE (Rexistro Nacional de Centenarios de España) está a cargo dos doutores Pilar Rodríguez Ledo, Cristina Santomé Sánchez e Lorenzo Armenteros del Olmo, desde Lugo e para o resto do territorio nacional. Este proxecto tivo un pilotaxe hai dez anos, cando se estudou a un grupo de 70 centenarios. Agora a meta é máis ampla, quérese aumentar a información “na busca de biomarcadores asociados ao envellecemento activo, xa que seguramente os centenarios de agora non son exactamente os mesmos que os de hai dez anos”, explica o doutor Armenteros. Este estudo non só quere “coñecer”, tamén quere



poder asociar o envellecemento saudable a dar calidade de vida a eses anos. Este estudo, que está promovido pola Sociedade Española de Médicos Xerais e que está na súa fase inicial, xa conseguiu un respaldo importante ao recibir un dos primeiros Premios de Investigación en Saúde Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal. Que o fai diferente esta vez? Algo tan complexo como que no estudo participan especialistas en enfermaría, internistas, xeriatras e pacientes de forma conxunta, aplicando biomarcadores asociados ao envellecemento saudable, que se unirán aos datos clínicos, epidemiolóxicos e sociosanitarios. O proxecto, de feito, está a traballar agora mesmo en crear esa rede de investigadores por toda España.

VIVIR 150 ANOS

O doutor Armenteros avanza que o aumento da esperanza de vida é tan rápido que se estima que se podería chegar a vivir unha media de entre 125 e 150 anos no próximo século. De feito, a OMS estima que os centenarios se van multiplicar por 12 en 50 anos, ou por 15 en Europa, especialmente en Galicia, onde a porcentaxe de

persoas lonxevas é moi elevada. Pero como explica o doutor Armenteros, se a natureza segue o seu curso, “serán moi poucos os escollidos que cheguen a esta idade cunha calidade o suficientemente boa para desfrutar deses anos que están vivindo de máis”. Para poder mellorar iso, teñen claro que hai que comezar desde agora a educar en hábitos saudables, porque ese é o gran segredo “para que a nosa vida, se é máis longa, sexa mellor”. Neste punto destaca que os enfermos de Alzheimer viven moito, aínda que se descoñece a razón, pero a súa calidade non é boa ao estaren desconectados do mundo. “O que temos que facer desde o sistema sanitario e sociosanitario é dar calidade de vida a eses anos”, engade o doutor. E exemplifica coa osteoporose, unha enfermidade que aparece na vellez, pero que está condicionada polos hábitos dos primeiros 20 anos de vida. O gran problema é que se sabe que a nosa vida actual non vai axudar a darnos esa calidade: o estrés, as comidas pouco controladas e o sedentarismo son contrarios a un futuro saudable, por iso a aposta segue a ser educar aos mozos “xa que nos adultos a expe-

riencia dinos que é un fracaso”.

OS TRES PIARES

Como explica Armenteros, o segredo para unha vida longa e de calidade está no coidado de tres piares fundamentais: o sono, a actividade física e a alimentación. “Hai estudos previos que nos din que o verdadeiro segredo é a vida saudable, nin a medicación nin a protección cardíaca”, recalca Armenteros.

Con este novo estudo búscase tamén estudar aos novos centenarios, que tiveron experiencias vitais moi diferentes daqueles que tiñan esta idade hai dez anos. É dicir, estudar o seu pasado e o seu tipo de vida. Nos primeiros indicios, o volume de centenarios é maior nas grandes cidades, pero observaron que a maior parte deles eran persoas que viñan do ámbito rural e migraron ao urbano, cunha vida activa, tanto física como intelectual, e unha alimentación natural.

Xunto a isto, tamén se estudará se existe un condicionante xenético para esta lonxevidade, pero segundo as primeiras aproximacións, si tería peso, pero só nun 15 %, “pero é o entorno o que ten realmente peso”, engade.

O sono, a actividade física e a alimentación son os tres piares básicos nos que se debe educar para acadar, nun futuro próximo, unha esperanza de vida de ata 150 anos





Galicia supera os dous mil centenarios e podería pasar a formar parte da rede de zonas azuis de lonxeidade excepcional que existen no mundo

DE CARA AO FUTURO

Ademais da educación desde a infancia en hábitos saudables, as conclusións médicas din que hai que cambiar a atención sanitaria e tamén a sociosanitaria para as persoas maiores. A aposta está por centros de coidado que lles permitan seguir levando a vida que tiñan e manter a independencia, na procura da felicidade, outro eixe moi importante para dar calidade de vida. “Sabemos xa como se envellece, a nivel bioquímico, polo tanto podemos lograr, non a inmortalidade pero si ter un maior control”, avanza Armenteros. Para apostar polo futuro, a idea é coñecer o presente e o pasado. No estudo realizado en 2011 xa se obtiveron resultados importantes sobre estas persoas lonxevas. Entre as coincidencias positivas atopadas estaba a inexistencia de alteracións metabólicas, como a diabetes, ou a falta de tumores, “o que nos leva a pensar en que tiñan unha boa defensa inmunolóxica”. Pero tamén é certo que todos coincidían en ter artrose e hipertensión


O CASO GALEGO

Galicia é un dos lugares de Europa onde existe un volume máis elevado de centenarios, estimándose que roldan os 2.000. De feito, está preto de conseguir a certificación para sumarse ás cinco zonas azuis de lonxeidade excepcional do mundo. Este listado está encabezado por Okinawa (Xapón) e Cerdeña (Italia), pero Galicia xa acada unha taxa de 75 centenarios por cada 100.000 habitantes, e dentro de Galicia, a provincia de Ourense lidera a estatística. Ademais, os índices de enfermidades coronarias, de cancro e de demencia senil nestes lugares son sensiblemente inferiores aos do resto do mundo. O recoñecemento aos nosos lonxevos é habitual nalgúns concellos galegos, que non pasan por alto os seus aniversarios, facéndolles un agasallo. Na provincia de Lugo é moi habitual facer esta acción e debido ao aumento dos mesmos. É unha acción coa que se quere deixar claro un respecto pero tamén algo do noso desexo de chegar ata tan avanzada idade, pero de facelo, facelo ben!



ONDE ESTÁN OS CENTENEARIOS?

As zonas azuis son áreas xeográficas do mundo nas que a poboación conta cun elevado número de persoas centenarias, un concepto acuñado por Dan Buettner. A proporción de persoas centenarias é un indicador que pode amosar dunha maneira máis clara esa variabilidade xeográfica. En España identificáronse 48 UT que parecen ser zonas azuis, con poboacións que superan as 7,5 persoas centenarias por cada 10.000 habitantes en 2020. O concello asturiano de Llanes, cunha poboación envellecida pola emigración, ostenta o récord de lonxeidade feminina entre os municipios máis poboados de España, con 29 mulleres centenarias por cada 10.000. O territorio coa maior lonxeidade poboacional do Estado atópase no cuadrante noroccidental peninsular. Unha UT situada ao noroeste, que inclúe os concellos menos poboados e máis rurais das provincias de León, Asturias, Lugo e Ourense. En conxunto suma máis de 60.000 habitantes e conta con 12,5 persoas centenarias por cada 10.000. Lalín (Pontevedra) e Monforte de Lemos (Lugo), con arredor de 20.000 e 19.000 habitantes, teñen 12,9 e 11,4 persoas centenarias respectivamente. Incluso Ourense, con máis de 100.000 habitantes e 7,9 centenarios por cada 10.000, destaca como a cuarta capital provincial con maior lonxeidade. Llanes presenta unha das proporcións máis altas de España, con 16,3 centenarios por cada 10.000. Tamén destacan pola súa elevada lonxeidade poboacional o oeste de Galicia, tres UT formadas polos municipios máis rurais de Castela e León —excluíndo León— e zonas menos poboadas de Huesca, con entre 9 e 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. É tamén o caso de



Ciudad Rodrigo, con 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. Outras áreas máis rurais de Cantabria, Extremadura, Castela-A Mancha (agás Toledo), Zaragoza, Teruel e Lleida presentan proporcións entre 5 e 7. A metade das 691 UT presenta unha lonxeidade poboacional baixa (menos de 2,5 centenarios por cada 10.000 habitantes), afectando o 86 % das UT no caso dos homes e só o 27 % no das mulleres. O sur e sueste de España constitúen o extremo oposto, con proporcións moi baixas, inferiores a 5 centenarios por cada 10.000 habitantes, menos da metade da rexistrada no noroeste. Isto acontece en todos os municipios andaluces e nas provincias da costa mediterránea, Baleares, centro peninsular, País Vasco, Navarra e Canarias, así como noutros municipios poboados. En moitas destas áreas a proporción non supera os 2,5 por cada 10.000. Porén, existen “illas de lonxeidade” no sur. Baena (Córdoba) e Baza (Granada), con arredor de 20.000 habitantes, presentan 17,9 e 11,3 centenarios por cada 10.000 habitantes. Tamén destacan Málaga capital e Coín, con 8,2 e 9,7

respectivamente. Isto contrasta co predominio de proporcións menores de 5 ou incluso 3 por cada 10.000 habitantes. Na UT do noroeste, así como nas UT de Castela e León e Huesca, a proporción de mulleres centenarias está entre 15 e 20 por cada 10.000, moi superior á dos homes. Lalín e o oeste de Galicia presentan 16,4 e 13,7 mulleres centenarias por cada 10.000. Llanes alcanza o récord: 28,9 por cada 10.000. As UT máis rurais de Guadalaxara e Cuenca teñen 11,3 centenarias por cada 10.000 mulleres. Pola contra, Andalucía occidental, a Comunidade Valenciana e Baleares, entre outras, presentan menos de 5 centenarios por cada 10.000. Baena destaca con 20,2 centenarias, seguida por Málaga (10,3) e Baza (11,1). Finalmente, a UT do noroeste mostra unha lonxeidade masculina notable, con 6,4 centenarios por cada 10.000 homes, semellante á do oeste de Galicia e dunha UT adxacente composta polos municipios máis rurais de Zamora, Salamanca e Valladolid, que superan os 5 centenarios por cada 10.000 homes. Destacan tamén Lalín (9,1), Valdés (9) e Monforte de Lemos (8).

Foz celebra un agosto cheo de vida co San Lourenzo

O Concello presentou a programación das festas do San Lourenzo, declaradas de interese turístico galego, e faino cunha proposta que vai máis alá da celebración relixiosa e festiva.

“O verán é para vivilo e en Foz temos actividades para todo o mundo: natureza, mar, gastronomía, cultura e deporte”, sinala o alcalde, Fran Cajoto, quen anima a veciñanza e visitantes a gozar da ampla oferta deseñada polo Concello.

O concelleiro de Deportes e Xuventude, Ángel Fernández Neira, lembrou que tamén haberá espazo para a actividade física coas Noites Alternativas de fútbol e volei praia na Rapadoira, ademais do torneo 3x3 de baloncesto, o wipe out no Campo da Cabana ou a Festa Acuática na praia de Tupide.

O San Lourenzo, do 8 ao 11 de agosto, será o prato forte da axenda. As festas comezarán o día 8, ás 20:30 horas na praza Rosalía de Castro, co pregón a cargo de Juan Carlos Fernández Pulpeiro, xornalista e escritor nado en Foz. A música

sica chegará da man do grupo Toxo Guayaba, seguido da orquestra Salsarena, que celebra o seu décimo aniversario, e da disco móbil Infinity, na explanada portuaria.

O día 9 celebrarase o XXXVI Trofeo Vila de Foz ás 12:00 horas no estadio Martínez Otero, co encontro entre a Cultural Leonesa e o CD Lugo. Ao mediodía, haberá sesión vermú coa orquestra Suavecito, que repetirá pola noite xunto ao grupo Clan Zero.

O sábado 10, día grande do patrón, incluírá misa solemne e procesión ás 12:00 horas con acompañamento da banda A Subela, e sesión vermú con orquestra Sinfonía. Pola noite, o grupo Nostalgia, de Vigo, actuará na praza Conde de Fontao. Os tradicionais fogos de artifício, símbolo emocional do verán en Foz, estourarán ás 23:59 no paseo de Laredo. A noite continuará coa verbena das orquestras Sinfonía e Costa Dorada.

O luns 11 será o peche da festa coa actuación do grupo Arizona, a partir das 22:30 horas.

Mariña Patrimonio alerta do abandono do Castro de Fazouro



O colectivo Mariña Patrimonio denunciou o preocupante estado de abandono do Castro de Fazouro, en Foz, un dos poucos castros costeiros musealizados de Galicia e declarado Ben de Interese Cultural. Nunha visita recente, comprobaron que a zona está invadida por herbas altas e vexetación que medra entre os muros das antigas vivendas castrexas, e que o muro de protección do cantil está parcialmente derrubado, con risco evidente de colapso.

A entidade considera que a situación é “unha auténtica vergoña” e que resulta inadmisíbel nun xacemento de tanto valor histórico e paisaxístico. O citado muro, que se construíu para evitar desprendementos

mentos cara ao mar e previr accidentes entre os visitantes, presenta gretas e danos progresivos desde hai tempo. Na súa última visita, xa constataron o derrubamento dunha parte e alertan de que o resto pode caer en calquera momento, supoñendo un perigo real para quen acceda ao lugar.

Mariña Patrimonio reclama unha actuación inmediata das administracións públicas, que inclúa a limpeza da vexetación, a reparación urxente do muro e a consolidación dos restos arqueolóxicos. Subliñan que este espazo “merece respecto e atención”, e denuncian a “desidia institucional” que o mantén en estado de abandono.

A Deputación inviste 390.000 euros na mellora de sete estradas

A Deputación vén de completar un importante plan de actuación no Concello de Foz, cun investimento de 390.000 euros destinado á mellora de sete estradas provinciais que conectan o interior coas zonas costeiras do municipio. Entre as actuacións destacadas atópanse as melloras nas estradas LU-P-2009 e LU-P-6303.

Na LU-P-2009, que comunica o Peirao de Foz con Marzán pola zona de Bispo Santo e a rúa Corporacións, acometéronse labores de fresado, reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e renovación da sinalización horizontal, incluíndo bandas de aparcadoiro e pasos de peóns. Ao estar próxima ao campo de fútbol Martínez Otero, tamén se instalaron separadores de gota para mellorar a seguridade viaria nunha contorna moi transitada.

Pola súa banda, na LU-P-6303, que une Campón con Cordido por Güin, os traballos desenvóléronse entre os puntos quilométricos 2,630 e 4,741. As actuacións consistiron na eliminación de vexetación nas cunetas, soterramento de infraes-



truturas, pavimentación do firme e mellora da sinalización vertical e horizontal con marcas reflexivas. José Tomé enmarcou estas intervencións no “firme compromiso que mantemos coa mellora da rede provincial, a máis extensa de España con máis de 4.000 quilómetros de lonxitude”.

Ademais das dúas vías principais incluídas no proxecto, tamén se levaron a cabo obras noutras cinco estradas do municipio. Na LU-P-2001 melloráronse os primeiros seis quilómetros entre a LU-152 e a N-642, con traballos de reapertura de cunetas, novo pavimen-

to e sinalización. Na LU-P-2013 realizouse un arranxo do firme e reforzouse a seguridade viaria na contorna do colexio de Nois ata a Praia de Arealonga. Na LU-P-2006 acondicionouse o firme e renovouse a sinalización entre os puntos quilométricos 0,949 e 2,405, entre A Cruz e a Praia de Llas. Tamén se pavimentaron e sinalizaron os primeiros 700 metros da LU-P-2011, entre Marzán e a Praia de Llas. Finalmente, na LU-P-3101 acometéronse melloras na drenaxe no tramo comprendido entre os quilómetros 8,717 e 13,024, entre Areas e a LU-152 por Oirán.

O PP denuncia o bloqueio da nova vía das Torres



O Partido Popular de Foz volve criticar o goberno local pola paralización das obras da nova vía das Torres, que conecta a urbanización das Lagoas coa estrada de Llas, preto do cámping. Aínda que o asfalto foi colocado fai semanas, a vía segue pechada ao tránsito, causando molestias aos veciños. O voceiro popular, Javier Castiñeira, lembra que xa alertaran antes e reprocha ao alcalde que prometése rematar en poucos días, pero a realidade é que só se asfaltou e nada máis.

Segundo Castiñeira, as familias teñen que facer percorridos

complicados debido á reorganización do tráfico sen diálogo previo. O proxecto, con orzamento de 68.000 euros, tiña como obxectivo mellorar a mobilidade, pero só se colocaron dous sumidoiros, e o resto está paralizado. O PP esixe explicacións sobre posibles problemas coa empresa ou coa xestión municipal e pide ao alcalde que remate os traballos canto antes, especialmente porque é verán e moita xente reside na zona. Reclaman que se poña fin a esta situación de abandono e desatención ás necesidades da veciñanza.

A oficina rural de Foz renóvase para fortalecer o agro na comarca da Mariña

A Consellería do Medio Rural continúa coa modernización das oficinas rurais de Galicia e investiu máis de 32.000 euros na renovación integral da oficina de Foz. A conselleira María José Gómez visitou as instalacións, que prestan servizo tamén a Alfóz, Burela e O Valadouro, converténdose nun punto clave para a xestión agraria na Mariña.

Durante 2023, a oficina tramitou máis de 250 solicitudes da PAC, o que, para a conselleira, reflicte a súa utilidade para profesionais e nova xente do agro. Gómez salientou tamén o labor dos técnicos e a importancia destas oficinas como espazos formativos, con iniciativas como as titorías sobre nutrición sostible de solos que se están realizando esta semana.

A conselleira destacou que estas actuacións buscan reforzar os servizos públicos no rural e facilitar o acceso á administración sen depender das grandes cidades.

“A residencia debe seguir sendo un servizo público con prezos xustos”

Manuel García é o presidente da nova asociación Agarimos

Como naceu a asociación?

Naceu a partir dunha plataforma que se creou como consecuencia dos prezos abusivos resultantes dunha licitación que pretendían impoñer unhas cotas mensuais inasumibles polos residentes. O feito concreto que motivou a súa creación foi a posta en dúbida do alcalde a darnos lexitimidade como Plataforma. Agora somos unha Asociación con entidade xurídica propia e por tanto esperamos que, a partir de agora, a máxima autoridade do Concello nos lexitime plenamente e conte connosco.

Cal é a principal demanda que defenden neste momento?

A principal demanda é que a Residencia de Foz que hoxe é pública concertada non se converta pola parte de atrás nunha Residencia privada con prezos prohibitivos para os veciños de Foz. Precisamente, por este motivo, consideramos urxente a creación dunha nova Ordenanza para evitar unha especulación nos prezos

Que valoración fan da xestión actual da residencia e do centro de día?

A xestión actual, tanto da Residencia como do Centro de Día, ao noso entender, é impecable, tanto o equipo directivo como os traballadores, están totalmente involucrados na atención aos nosos seres queridos, esta Residencia de Foz é unha gran familia.

Que tipo de actividades ou accións teñen previsto desenvolver?

Un estudo e proposta de medidas concretas e globais para mellorar as condición e coidados dos residentes e usuarios da Residencia e Centro de Día de Foz. Queremos asesorar aos asociados sobre os recursos que ofrece a lexislación vixente actual sobre residencias xerártricas e centros de día, pensións, axudas a dependencia, turismo social e outras na mesma liña. Queremos colaborar coas autoridades e organismos competentes para contribuír ao estudo e resolución dos problemas dos asociados. En definitiva, a Aso-

ciación actuará en todo momento en defensa dos intereses dos residentes e usuarios.

Como presidente: cal é a súa visión persoal sobre o papel que debe ter a sociedade civil no coidado das persoas maiores?

Ao meu xuízo a sociedade civil debe de xogar un papel crucial no coidado das persoas maiores, promovendo o seu benestar, defendendo os seus dereitos, fomentando a súa inclusión na comunidade e asegurarlles unha vida digna, independente e participativa debendo ter un rol fundamental na construción dunha sociedade máis xusta e inclusiva para as persoas maiores e tratar de conseguirlles que poidan vivir unha vida plena e satisfactoria.

Hai contacto ou colaboración con outras asociacións doutros concellos que teñan obxectivos semellantes?

De momento non, pero si que recibimos chamadas doutros Concellos, de particulares, para interesarse pola problemática que tivemos en



Foz e que deu os seus resultados paralizándo a anterior licitación.

Que esperan conseguir a curto e medio prazo?

A curto prazo esperamos que o alcalde nos reciba e atenda a nosa solicitude para manter unha reunión e crear unha comisión co resto de partidos políticos que forman a actual corporación para atender as nosas demandas dun prezo xusto para as cotas residenciais, como así se deriva da Resolución do Tribunal de Contratación Pública de Galicia que desestimou todos os Recursos interpostos sobre o acordo de renuncia á contratación dos Servizos de Residencia e Centro de Día nas condicións propostas na anterior licitación.

Como poden sumarse máis persoas á iniciativa?

Proximamente poñeremos ao dispor dos membros da Plataforma a ficha de afiliación e que faremos extensible a todas as veciños de Foz que queiran afiliarse á nova asociación.

Por que decidiron chamar Agarimos á asociación?

Polo agarimo as persoas maiores e porque neste proceso de loita da Plataforma moitos usuarios da Residencia estaban angustiados porque cos prezos que se pretendían impoñer daban por feito que tiñan que abandonar a Residencia.

Entrevista completa en:
www.amariñaxa.com

A vila foclega revive a lenda do bispo Gonzalo na XIII Festa Normanda

A vila de Foz prepárase para mergullarse na historia e na lenda coa celebración da XIII Festa Normanda, que terá lugar entre os días 28 e 31 de agosto. Esta edición conta co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que achega 6.000 euros á súa organización, e coa colaboración da Xunta. O evento, promovido pola Asociación Desembarco Normando,

recupera cada ano a memoria colectiva dunha resistencia épica: a da poboación local, encabezada polo bispo Gonzalo, fronte ás invasións normandas nas costas focenses.

A imaxe que ilustrará esta edición é obra do recoñecido muralista e grafitreiro lucense Diego AS, quen representou unha figura labrega como símbolo da identidade popular.

O programa inclúe o tradicional desembarco vikingo, que se representará o sábado a partir das 13.30 horas no porto, un mercado medieval, xogos infantís e tradicionais, actuacións de batucadas, espectáculos de malabares e unha ampla oferta gastronómica en postos repartidos pola zona portuaria. A festa abrirase o xoves co pregón do profesor Pepe Peinó.

Forxán celebra o día 15 a súa III Festa do Mexillón

O barrio de Forxán, en Foz, acollerá o 15 de agosto a terceira edición da Festa do Mexillón, que terá lugar desde as 14.00 horas na área recreativa Bispo Santo. Por 15 euros, o público poderá degustar un menú con mexillóns, empanada, viño ou auga, requeixo e café. A festa contará con carpa, servizo de bar e unha completa programa-

mación lúdica, incluíndo unha actuación musical e sesión de DJ para animar a tarde. Tamén se instalarán colchonetas gratuítas para os máis pequenos. A organización garante un ambiente festivo para todas as idades nun espazo natural. Para máis información, pode contactarse no teléfono 982 877 446.



Por Viveiro reclama melloras no espazo público e na accesibilidade urbana



O grupo municipal Por Viveiro vén de trasladar ao Pleno da Corporación catro peticións centradas na mellora do coidado urbano, da accesibilidade e da oferta de lecer para a infancia. A formación reclama ao Goberno local que actúe con dilixencia ante diversas deficiencias detectadas en puntos destacados do municipio.

O concelleiro Manuel Galdo solicitou actuacións inmediatas na contorna da igrexa de San Francisco, especialmente na zona do Cantiño Lois Tobío, onde “a maleza medra sen control e invade as fachadas do templo, ofrecendo unha imaxe negativa dun espazo de gran valor histórico e cultural”. Ademais, denunciou o mal estado das bandeiras da Avenida de Galicia, fronte á estación de autobuses, que “un ano máis amosan un avanzado de-

terio que transmite abandono e deixadez”.

Noutra liña, o portavoz Bernardo Fraga reclamou a recuperación do proxecto dun parque infantil cuberto, acordado ao remate de 2024 pero excluído finalmente do Plan Único da Deputación de Lugo. Considera esta infraestrutura “necesaria como alternativa de lecer nos días de choiva” e esixe explicacións ao actual Executivo sobre a súa desaparición do plan provincial. Por último, Galdo tamén instou a mellorar a accesibilidade na rúa Xunqueira, na beirarrúa da estrada LU-540 en dirección Lugo, onde se acumulan “barreiras arquitectónicas, firme deteriorado e falta de espazo”. O grupo pide que estas cuestións se aborden con urxencia “por responsabilidade institucional e respecto á veciñanza”.

As Festas de San Roque estarán cheas de música e bo sabor

A conta atrás para as Festas de San Roque 2025 xa comezou en Viveiro, onde a emoción vai en aumento ante a chegada dunha das celebracións máis emblemáticas do verán na comarca. O atleta internacional Adrián Ben, natural de Viveiro, será o encargado de pronunciar o pregón que inaugurarán oficialmente as festas do xoves 14 de agosto, ás 19:30 horas, na Biblioteca Pública Municipal da vila. A noite do xoves 14 abrirá o programa o Dúo Vivarium, seguido pola orquestra Suavecito e o grupo De Ninghures, que encherán a praza de enerxía e baile para dar a benvida ás festas. O venres 15, a música subirá de nivel coa actuación da re-

coñecida orquestra Super Top e das irmás Azúcar Moreno, que traerán o seu carisma e ritmos inconfundibles a Viveiro, prometendo unha noite para lembrar.

A festa continuará o sábado 16, cunha verbena que mestura o mellor das orquestras tradicionais e os sons máis modernos. A orquestra Escapate e o cantante Dasoul serán os encargados de poñer a banda sonora dunha noite que se prevé multitudinaria.

Como despedida, o domingo 17 terá lugar a clásica sardiñada popular, unha cita imprescindible para os amantes da gastronomía local, que cada ano reúne centos de persoas.

A zona da Misericordia contará cunha nova rotonda máis eficiente

A Xunta de Galicia impulsará a reordenación do tráfico na contorna da capela da Nosa Señora da Misericordia, en Viveiro, coa construción dunha nova rotonda que substituirá a intersección rotatoria actual por unha glorieta circular máis segura e eficiente. Así o confirmou esta mañá o delegado territorial de Lugo, Javier Arias, durante unha visita á zona.

Segundo anunciou Arias, a previsión do Goberno galego é contar co proxecto de trazado antes de que remate o ano, para proceder á súa supervisión e posterior exposición pública. A intervención busca ordenar o fluxo de vehículos entre as estradas autonómicas LU-862, LU-539 e LU-540, nun punto cunha elevada densidade de tráfico, especialmente de entrada e saída ao centro urbano e en dirección Lugo.

A futura glorieta localizarase no encontro entre as estradas LU-862 e LU-539, aproveitando os terreos liberados trala desaparición dun edificio que ata o de agora condicionaba a configuración do cruce. A intersec-



ción actual, de trazo elíptico, será substituída por unha solución circular máis funcional e segura.

A Axencia Galega de Infraestruturas está redactando o proxecto, que incluírá non só a nova glorieta, senón tamén os entronques coas vías afectadas, as melloras na mobilidade peonil, a integración urbanística da actuación e a reposición de servizos afectados.

O delegado territorial salientou que se trata dun punto estratéxico polo volume de tráfico que rexistra, tanto en dirección ao núcleo urbano de Vi-

veiro como cara a Lugo pola LU-540. Neste sentido, lembrou que “a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas tamén está executando obras de mellora da seguridade e da capacidade desta estrada en 15,5 quilómetros entre Viveiro e Ourense, ás que destina 8,2 millóns de euros”.

Con esta actuación, a Xunta busca reforzar a seguridade viaria nun dos principais accesos a Viveiro, mellorando a fluidez da circulación e reducindo os riscos nun punto de elevada conxestión.

O PSOE reivindica o impacto das súas políticas tras avances clave

O Concello está a vivir un momento de transformación urbana e fortalecemento dos seus servizos públicos, grazas a unha serie de actuacións que o PSOE local atribúe ao traballo planificado e executado polo goberno anterior presidido por María Loureiro. Entre os avances máis salientables están a renovación integral da Rúa do Porto en Celeiro, a mellora das beirarrúas en Magazos, a apertura do vaso pequeno da Piscina Municipal e a recente cesión dun novo local para uso municipal por parte da Xunta de Galicia.

A remodelación da Rúa do Porto en Celeiro supuxo unha intervención de máis de 680.000 euros, financiados principalmente pola Deputación, que permitiu modernizar infraestruturas soterradas, saneamento, pluviais, iluminación e telecomunicacións, e mellorar a accesibilidade e urbanismo nunha zona



vital para a actividade portuaria e económica. Pola súa banda, en Magazos, un tramo de 750 metros de beirarrúas foi renovado e ampliado, incrementando a seguridade viaria e favorecendo a mobilidade peonil. Paralelamente, o vaso pequeno da Piscina Municipal volveu estar operativo tras instalarse unha desumectadora, unha obra con financiamento do Plan Deputación que sufriu certos atrasos debido á DANA en Valencia, pero que finalmente foi completada grazas á planificación do anterior goberno. Ademais, o ximnasio do complexo está en proceso de renovación integral dos seus aparellos, cun convenio de 50.000 euros promovido durante a etapa socialista.

Un paso máis para a mellora dos recursos municipais veu da man da Xunta, que entregou ao Concello un local de 33,5 metros cadrados na rúa Rosalía de Castro para ampliar os servizos públicos. Segundo os socialistas, esta cesión é froito dunha tramitación iniciada pola exalcadesa María Loureiro e a exconcelleira Miriam Bermúdez. O PSOE destaca que estas actuacións amosan un modelo de xestión responsable, con visión a longo prazo e compromiso coa veciñanza, e reproba que o actual goberno do Partido Popular “viva da inercia” e “non recoñeza o traballo previo”. Lembran ademais que moitos proxectos estaban avanzados ou listos antes da moción de censura.



de 5 días para 2 persoas con todos os gastos pagados

SORTEAMOS UNHAS VACACIÓNS EN

GRAN CANARIA

Sorteo Presidencial o domingo 31 de agosto no Centro das Festas a partir das 22:00 h. Regras completas na web do ASGA.

Para ver o anuncio nos establecementos asociados a ASGA, chamado do 14 ao 31 de agosto

SOBRE O NOSSO COMERCIO E A NOSTRA ALDEA

REBADEO

AYUNTAMIENTO DE VALLADOLID

REBADEO

AYUNTAMIENTO DE VALLADOLID

Aprobado o orzamento 2025 co apoio de PSOE e Por Viveiro

O Concello de Viveiro vén de aprobar en pleno o orzamento municipal para o ano 2025, que ascende a 14.998.922,46 euros. A proposta contou cos votos favorables do Partido Popular, Por Viveiro e PSOE, mentres que o BNG optou pola abstención. Trátase dun dos primeiros grandes acordos do novo executivo local tras a moción de censura celebrada en marzo, coa que asumiu o control da administración viveirense.

Desde o goberno local sinalan que a elaboración deste orzamento converteuse nunha prioridade desde o seu desembarco no Concello, e que foi obxecto de diálogo con distintos grupos para garantir a súa aprobación. O tenente de alcalde, Martín Vale Cobo, cualificou o documento como “realista e responsable” e indicou que responde a un contexto condicionado pola elevada débeda herdada e polos compromisos asumidos no plan de

axuste, vixente ata o ano 2037.

O orzamento dedica o groso dos recursos, un 91,45 %, a gastos de funcionamento: en concreto, 6.932.140,78 euros destinaranse a gasto corrente e 6.785.576,47 euros a persoal. Ademais, recóllese unha partida de 557.495,75 euros para amortización da débeda, o que supón un 3,71 % do total. Como novidade, o executivo local incorporou un convenio coa Axencia Galega de Turismo para accións de promoción por valor de 145.000 euros. Tamén se inclúen subvencións nominativas destinadas a entidades e colectivos pendentes dos exercicios 2023 e 2024.

Vale Cobo insistiu en que “os recursos propios son limitados” e que será “imprescindible contar co apoio doutras administracións” para poder afrontar investimentos e proxectos a medio prazo. Tamén anunciou que o goberno municipal xa traballa no deseño dos or-

zamentos para 2026, que agardan presentar e aprobar en tempo e forma para garantir unha maior estabilidade e previsión nas contas municipais.

PSOE. O PSdeG-PSOE votou a favor dos novos orzamentos a pesar de cualificalos de continuistas e improvisados, pois consideran que sen eles parálzanse proxectos, axudas e servicios públicos. Destacan que estes orzamentos non avanza e manteñen o modelo deixado polo goberno socialista anterior, demostrando que aquel traballo non foi tan malo. Critican que a partida para investimentos baixou drasticamente e cuestionan a ausencia de fondos prometidos para equipamentos culturais, deportivos e o Conservatorio, competencia da Xunta. O PSOE comprométese a manter unha oposición firme e responsable, con compromiso coa veciñanza.

Danza, música e tradición na 45ª Mostra Folklórica

O Concello de Viveiro presentou a programación da XLV Mostra Folklórica Internacional, que se celebrará do 6 ao 10 de agosto como un dos eventos culturais máis destacados da vila. Organizada polo grupo Bagoas da Terra, esta edición contará coa participación de formacións procedentes de Galicia, País Vasco, Polonia, Chile, Senegal, Portugal e Murcia, reforzando o seu carácter internacional. A Mostra forma parte da rede mundial do CIOFF, organismo vinculado á Unesco, e busca preservar o patrimonio cultural inmaterial a través da música, a danza e os traxes tradicionais.

A programación inclúe actividades para todos os públicos, cunha atención especial á infancia. O día 7 celebrárase a Mostra Infantil; o 8, Bagoas da Terra ofrecerá un concerto especial; e o 9 terá lugar o Desfile das Nacións e o espectáculo “Especial Polonia”, protagoni-



zado polo ballet ŁANY. A gala final será o domingo 10, coa participación de todos os grupos convidados.

Durante toda a semana haberá audicións espontáneas polas rúas, e na Biblioteca Municipal poderá visitarse a exposición “Indumentaria tradicional galaico-asturiana no Camiño de Santiago”. Desde o Concello animan a participar nunha cita que promove o diálogo intercultural e pon en valor o folclore como símbolo de identidade colectiva.

A vila avanza na súa seguridade con un Plan municipal fronte ás inundacións

O municipio contará por primeira vez cun Plan de Actuación Municipal (PAM) ante Inundacións, tras ser aprobado pola Xunta de Galicia. Este plan de protección civil está deseñado para previr, actuar e recuperar fronte a situacións de risco por enchentes, un problema recorrente no municipio. Elaborado segundo a normativa estatal e autonómica, o documento segue as directrices do INUNGAL e do Plan de Xestión do Risco de Inundación Galicia-Costa.

O PAM inclúe un estudo detallado do territorio, especialmente do río Landro, punto vulnerable en casos de fortes chuvias, e identifica as áreas con risco significativo de inundación. Establece procedementos segundo as fases de emerxencia (prealerta, alerta, emerxencia e normalización) e define a coordinación entre órganos implicados, centros de control e espazos para acoller a poboación. A alcaldesa subliñou que é unha ferramenta fundamental para

mellorar a capacidade de resposta adaptada ao territorio. O plan tamén contempla accións preventivas, formación para o persoal e campañas informativas. A coordinación con plans supramunicipais asegura unha resposta integrada ante eventos meteorolóxicos extremos. Esta iniciativa fortalece a resiliencia de Viveiro fronte ás inundacións, especialmente nun contexto de cambio climático que aumenta a frecuencia de fenómenos extremos.

Viveiro reforza as restricións aos patinetes eléctricos

O Concello vén de facer pública unha advertencia formal á cidadanía a través dun bando municipal, no que insiste na prohibición de circular con patinetes eléctricos por beirarrúas, zonas peonís, paseos marítimos, travesías e o casco histórico da vila. A medida busca garantir a seguridade dos viandantes e preservar os espazos públicos destinados ao uso exclusivo das persoas. A alcaldesa de Viveiro, María del Carmen Gueimunde, sinalou que “ante a elevada presenza de pa-

tinetes eléctricos que transitan a diario a gran velocidade por zonas nas que teñen expresamente prohibido circular, vémonos na obriga de reforzar esta mensaxe para evitar riscos innecesarios e manter a seguridade cidadá”. A rexedora apelou á responsabilidade individual e colectiva da veciñanza e advertiu que “o incumprimento destas normas será considerado unha infracción grave e poderá supoñer unha sanción económica de ata 200 euros”.

nahrin

Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA GANAR UN DINERO EXTRA MIENTRAS AYUDAS A LAS PERSONAS A VIVIR MEJOR?

Con Nahrin puedes empezar tu propio negocio en el sector del bienestar sin inversión inicial y con total flexibilidad.

- COMISIONES ATRACTIVAS Y SIN TECHO DE GANANCIAS
- PRODUCTOS NATURALES SUIZOS CON GRAN DEMANDA
- FORMACIÓN Y APOYO PARA IMPULSAR TU ÉXITO
- COMPATIBLE CON TU TRABAJO O COMO INGRESO PRINCIPAL

¡EMPIEZA HOY A HACER CRECER TU ECONOMÍA!

NAHRIN MÁS INGRESOS, MÁS LIBERTAD.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA

MANIPULADOR DE ALIMENTOS

APLICADOR FITOSANITARIOS

BIENESTAR ANIMAL

PROTOCOLOS DE ACOSO

PRERREQUISITOS -APPCC

PROTECCIÓN DE DATOS

FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Osa do Mar reafírmase como referente musical cun cartel con máis de vinte bandas



A música volverá ser a gran protagonista en Burela o primeiro fin de semana de setembro coa chegada dunha nova edición do festival Osa do Mar. Do 5 ao 7 dese mes, a vila converterase nun auténtico escenario a ceo aberto con máis de vinte concertos gratuítos repartidos por distintos espazos urbanos, nun evento que xa se consolidou como un dos encontros culturais máis destacados do verán na Mariña lucense.

A edición deste ano aposta por un cartel ecléctico e interxeracional, no que figuran nomes de primeiro nivel como Baiuca, símbolo da mestura entre tradición galega e vangarda electrónica, ou o dúo de rap feminista Las Ninyas del Corro. Marlena, Mujeres, Siloé, Barry B, Yoly Saa, Galician Army ou Repion completan unha programación que tamén dá espazo a talentos emerxentes como Carabela, Querido, Puño Dragón ou Tomás Porteiro. Pero Osa do Mar é moito máis ca

música. Os organizadores insisten na súa vocación comunitaria e transformadora, cunha aposta clara por dinamizar a vida cultural e económica da contorna a través de actividades complementarias, propostas gastronómicas, zonas de descanso e espazos pensados para todos os públicos. Trátase dunha celebración pensada para compartir, descubrir e gozar en familia ou con amizades.

Entre os obxectivos do festival está o de visibilizar o talento galego e fomentar un modelo de ocio sostible e accesible. A presenza de artistas como Ortiga, Galician Army ou o propio Baiuca testemuña esta vontade de poñer en valor a creación musical do país sen deixar de lado nomes recoñecidos a nivel estatal. Coa súa combinación de música, territorio e participación, Osa do Mar promete volver converter Burela nun epicentro cultural cheo de vida, enerxía e identidade.

Novo ciclo gratuíto de cine nas prazas durante agosto

O cine regresa ás rúas de Burela este verán da man dunha nova edición do seu ciclo de proxeccións ao aire libre, unha proposta xa consolidada que enche de vida e cultura as noites estivais. O Concello vén de anunciar unha programación pensada para todos os públicos, cun total de cinco filmes que se exhibirán en diferentes prazas do municipio entre os meses de xullo e agosto.

O mes de agosto comezará coa proxección o día 15 na Praza das Casas Baratas, que acollerá ‘Chicken Run: Amencer dos Nuggets’, outra entrega de animación apta para todas as idades. A última sesión será o 29 de agosto, de novo na Praza da Mariña, coa comedia

italiana ‘Odio el verano’.

Todas as funcións serán gratuítas e comezarán ás 22:30 horas, ofrecendo unha alternativa de lecer segura, familiar e accesible para veciñanza e visitantes. A concelleira de Cultura, Lina Gómez, sinalou que “o cine na rúa é xa unha cita esperada do verán en Burela, que permite gozar do bo tempo, do encontro entre veciños e veciñas e do cinema para todos os públicos”.

Gómez animou á participación asegurando que “agardamos que a programación sexa do agrado de toda a xente e que as prazas volvan encherse de ilusión, risas e bo ambiente”.

Burela crea o Rincón Multicultural para fomentar a diversidade

O Concello de Burela presenta o Rincón Multicultural, un espazo para reflectir e compartir a diversidade cultural das comunidades que viven no municipio. Este proxecto terá un punto físico na Biblioteca Municipal e estará tamén dispoñible en formato dixital na web do Concello.

Segundo o concelleiro Mario Pillado, a idea xurdiu tras a participación do goberno local nas xornadas sobre literatura caboverdiana organizadas polo IES Perdouro. Alí comprometeronse a incorporar obras de autores caboverdianos na biblioteca, pero decidiron ampliar o proxecto para incluír todas as culturas e orixes representadas na vila.

Durante os últimos meses, traballaron con bibliotecas dos centros educativos para perfilar a iniciativa. Unha das propostas destacadas é recoller a tradición oral das distintas nacionalidades, coa intención de crear audiolibros ou podcasts, dado que hai dificultade para atopar textos en linguas como o crioulo ou o uolof. Así pre-



tenden preservar o coñecemento oral e manter vivas as memorias culturais.

Na recente reunión entre o goberno e representantes das comunidades migrantes, o proxecto recibiu unha acollida moi positiva, con suxestións como organizar mostra de roupa tradicional ou un podcast multicultural.

O primeiro paso será este verán, cun encontro interxeracional na

Casa da Xuventude para recompillar contos, lendas, cantigas e outros elementos do legado oral das comunidades residentes, para poñelos por escrito.

Pillado destacou a colaboración co tecido educativo e asociativo local e convidou a toda a veciñanza a participar, subliñando que todas as persoas ou colectivos que queiran compartir tradición oral ou experiencias serán ben recibidos.

O Concello aposta por unha mobilidade segura e accesible

O equipo de goberno vén de anunciar dúas actuacións clave para mellorar a seguridade e accesibilidade nas súas principais vías urbanas. Por unha banda, avanza os preparativos para a renovación integral do semáforo do cruce dos Castros, que leva semanas funcionando en modo ámbar intermitente debido á obsolescencia do sistema actual. Por outra, recuperarase a presenza de dous pasos de peóns na Avenida Arcadio Pardiñas, atendendo unha demanda histórica da veciñanza.

No caso do semáforo, desde o goberno local explican que o sistema leva máis de 25 anos en funcionamento e presenta múltiples deficiencias técnicas. “A electrónica está totalmente desfasada e o cableado subterráneo moi deteriorado”, sinalan. A solución pasa pola substitución completa do dispositivo, coa instalación dun regulador de última xeración, lentes LED actualizadas e novo cableado máis seguro. A previsión é que o semáforo estea operativo de novo en dúas



ou tres semanas.

Mentres, na Avenida Arcadio Pardiñas, recuperarase un dos pasos de peóns eliminados hai anos — aínda que non no punto exacto, si moi próximo — xa que, segundo explican, “a xente segue cruzando por alí de forma natural, así que é hora de adaptarnos”. Os pasos serán elevados para favorecer a redución da velocidade e protexer aos viandantes.

Ademais, o proxecto nesta rúa céntrica inclúe a creación dun espazo “Bica e Arrinca” diante da farmacia, pensado para pa-

radas rápidas, e unha zona azul con estacionamento gratuíto limitado no tempo durante o horario comercial, medida que facilitará a rotación de vehículos e beneficiará ao comercio local. Polas noites e fins de semana, o aparcadoiro quedará libre de restricións.

Desde o Concello defenden que estas actuacións forman parte dun plan máis amplo de transformación urbana en Burela, coa vista posta “nunha vila máis cómoda, segura e centrada nas persoas”.

Concertos ao aire libre e gratuítos durante todo agosto



O Concello de Burela reforza a súa oferta turística e cultural para o verán cunha programación ampla que pon en valor a identidade local, a cultura mariñeira, os recursos naturais e a música en directo. A través de diversas rutas guiadas xa activas, veciños e visitantes poden descubrir o territorio desde distintas perspectivas, todas elas ligadas ao mar, esencia do municipio. Entre as propostas destacadas están a Ruta Xeolóxica, que explora a singularidade da contorna costeira; a Ruta Mariñeira, centrada nas tradicións pesqueiras; e a Ruta do Peixe, que inclúe a posibilidade de asistir en directo á poxa na lonxa, un dos momentos máis característicos e apreciados. Como novidade, incorpórase unha ruta de observación de aves, aproveitando o paso migratorio de diversas especies na zona, que está a ter unha excelente acollida.

Ademais, continúa a promoción do Barco Museo Reina do Carmen, unha xoia do patrimonio turístico local que ofrece unha visión directa da tradición pesqueira a través dunha embarcación real convertida en museo. O concelleiro de Turismo, Ramiro Fernández, agradeceu o traballo dos colectivos que colaboran para potenciar o turismo en Burela, destacando os bos resultados que

demonstran a eficacia do traballo conxunto.

Paralelamente, Burela prepárase para un mes de agosto cargado de música e festa coa nova edición do ciclo “Verán Bonito”, unha iniciativa organizada polo Concello en colaboración co sector hostaleiro local. A programación musical desenvólvese en varios espazos, como a zona do Rompeolas, L’Urbana e a Terraza do Nordés, ademais doutros puntos como A’Mares e Salitre, reforzando o compromiso coa dinamización estival.

Os concertos gratuítos ao aire libre comezarán o 6 de agosto coa Festa Remember, con DJ Xevi, que revive os sons dos anos 80, 90 e principios dos 2000. O 9 de agosto preséntase o directo de Edu Calvario en Salitre e o 10, DJ Pepu & Blood Skeleton actuarán na Terraza do Nordés. O 13 de agosto, Clau & Santi repetirán actuación.

O grupo Superglú actuará en dúas ocasións: o 14 e o 27 de agosto en Rompeolas e L’Urbana, coa súa mestura de pop, soul e sons contemporáneos. O 15 e o 24 de agosto, DJ Senín repetirá escenario, e o 17, DJ Pepu regresará á Terraza do Nordés. O 20 de agosto, o grupo Carta de Axuste ofrecerá outro concerto en formato banda en Rompeolas e L’Urbana.

A Asociación de Veciños O Vencello reclama melloras na Ribeira do Perdouro



A Asociación de Veciños “O Vencello” de Burela lanza un aviso público ante a falta de seguridade e as carencias na conservación da Ribeira do Perdouro, un dos lugares máis emblemáticos do municipio, que combina unha área xeolóxica e unha praia.

Nun escrito dirixido “a quen corresponda”, a asociación pon en cuestión a seguridade no acceso a este espazo, sinalando que “non é posible un acceso seguro a un dos lugares máis emblemáticos do noso pobo”. Ademais, reclaman a instalación dunha papeleira fixa

na zona co obxectivo de “mellorar a conservación do espazo”, unha medida que consideran necesaria para manter limpo e respectado o contorno natural.

Outro dos puntos que destacan é o risco que supoñen os eucaliptos situados no cantil, que “representan un perigo evidente, tanto pola súa inestabilidade como polo risco que supoñen para as persoas”. A Asociación reclama, así, que se tomen medidas urxentes para garantir a seguridade dos visitantes e preservar un dos recunchos máis valorados do municipio.

O PP acusa á alcaldesa de incumplir a normativa nas obras do camiño de Pron



O Partido Popular de Burela vén de criticar publicamente o que cualifican como unha nova irregularidade cometida pola alcaldesa, Carmela López Moreno. Segundo denuncian, o cartel informativo obrigatorio da obra de mellora do camiño de Pron foi colocado unha vez finalizados os traballos, e non antes do seu inicio, como esixe a normativa vixente.

Desde o PP local sinalan que “calquera veciño ou veciña sería sancionado por un incumprimento deste tipo”, polo que consideran que “non se pode permitir que a alcaldesa actúe coma se estivese por riba da lei”. A formación popular entende que esta actuación evidencia unha vez máis “a falta de rigor e o desleixo na xestión municipal que caracterizan o goberno local”.

A colocación do cartel, que debía informar sobre os datos básicos da obra e o seu financiamento, foi detectada a pasada semana cando xa se dera por rematada a actuación no camiño. Os populares denuncian que este feito vulnera as condicións de transparencia esixidas en toda actuación pública financiada con fondos públicos.

Recoñecemento europeo para o IES Monte Castelo

O IES Monte Castelo de Burela foi seleccionado como Escola Mentora do Parlamento Europeo para o curso 2025-2026, logo de tres anos como centro embaixador. O instituto foi elixido entre máis de 390 centros de todo o Estado, destacando polo seu labor na promoción da cidadanía europea, a participación xuvenil e o coñecemento das institucións da UE. Como Escola Mentora, ofrecerá apoio e recursos a novos centros

que se incorporen á rede “Escolas Embaixadoras”, axudando na creación de proxectos sobre democracia e dereitos fundamentais. Desde a dirección destacan o esforzo do alumnado e profesorado durante estes anos, con múltiples actividades e debates arredor dos valores europeos. Este recoñecemento reafirma o compromiso do centro cunha educación crítica, participativa e con visión internacional.



CORBAR
MAQUINARIA

**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**

**EXTENDEDOR DE SILO
MODELO
VINIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS**



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN**



**CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL**



**ENCHILLA
MAIZ
MODELO CORISTANCO**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,
FORESTALES, BIOMASA...**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Ribadeo converterase en escaparate do mellor cinema curto

Ribadeo prepárase para vivir unha nova edición do Festival de Cine Curto, que este ano alcanza a súa cuarta convocatoria cunha programación chea de emoción, talento e creatividade audiovisual. A cita terá lugar os días 7 e 8 de agosto, e contará cunha madiña de excepción: a recoñecida actriz galega Mabel Rivera, que dará un toque especial a esta celebración da sétima arte. O evento arrancará o xoves 7 de agosto no Cine de Ribadeo cun *photocall* a partir das 19:30 horas, conducido pola artista Prado Rúa. A continuación, ás 20:00 horas, proxectaranse as curtametraxes seleccionadas, que recollen historias que emocionan, fan sorrir e invitan á reflexión, tanto de creadoras e creadores locais como doutras procedencias. A programación continuará o venres 8 de agosto no Teatro de Ribadeo, repetindo a estrutura da xornada anterior: ás 19:30 horas celebrarase o *photocall*, e ás 20:00 horas dará comezo a gala final. Durante a gala, o público poderá gozar da actuación en directo do grupo Kornucopia, que porá a nota musical a unha noite que se prevé chea de emocións e recoñecementos.

O Concello avanza na cesión dos terreos do novo centro de saúde

O goberno local acaba de dar un paso fundamental para facer realidade a construción do novo centro de saúde da vila. Segundo confirmou o alcalde, Dani Vega, xa se procedeu á ocupación formal dos terreos nos que se levantará a infraestrutura, o que marca o inicio da conta atrás para que a Xunta de Galicia asuma o proxecto. “Imos ter un centro de saúde moderno, con máis prestacións e mellor situado estratexicamente, o que permitirá unha conexión máis áxil coa autovía e, por tanto, co Hospital da Mariña”, explicou Vega. Mentres tanto, os servizos médicos do centro de saúde actual estarán garantidos durante o verán. A Consellería comprometeuse a cubrir todas as baixas e vacacións, incluída a praza de pediatría, que en anos anteriores quedara descuberta. Vega celebrou este logro como “resultado dunha etapa intensa de diálogo coa administración autonómica”, e insistiu en que “a sanidade non é competencia municipal, pero si unha prioridade política”. O pleno municipal no que se abordaron estes asuntos tamén incluíu a aprobación doutras cuestións económicas, como facturas pendentes do ano 2022 relacionadas co alumeado público ou co contrato



das fotocopiadoras, así como modificacións orzamentarias necesarias para recibir subvencións destinadas a melloras no pavillón, no campo de fútbol ou en diversas rúas. Tamén se trataron partidas para o programa de xantar na casa, a residencia de maiores ou as subvencións previstas nos orzamentos de 2025. Acordáronse por unanimidade os festivos locais de 2026: o día da patroa e o martes de Entroido. Un dos momentos máis simbólicos da sesión foi a aprobación do irmandamento co municipio uruguaio de Tala, onde desenvolveu parte da súa obra o poeta ribadense El Viejo Pancho. “Será o segundo irmandamento da historia de Ribadeo, tras Loctudi”, sinalou Vega. Porén, o pleno estivo marcado pola tensión política. O BNG acusou ao

alcalde de manter unha “actitude prepotente e provocadora” e de empregar o seu cargo para lanzar “insidias e falsidades” contra a oposición. Criticaron especialmente a inclusión por urxencia de documentación que non se lles remitiu a tempo, o que lles impediu revisar con detalle as facturas presentadas. Tamén cuestionaron os ataques recibidos ao presentar unha proposta para crear unha sala de estudo na Biblioteca El Viejo Pancho. A pesar da polémica, a medida foi aprobada grazas a un acordo coa concelleira de Cultura. Desde o BNG reclaman “máis respecto institucional e menos crispación”, mentres que desde o goberno local salientan “o clima de consenso e os avances logrados para Ribadeo”.

Renovados espazos clave coa mellora da rúa Illa Pancha e do Parque de San Miguel

O Concello vén de completar dúas actuacións de mellora urbana en espazos emblemáticos da vila: a rúa Illa Pancha e o Parque de San Miguel. As obras, que contaron cun financiamento do 100 % por parte da Xunta de Galicia, permitirán, segundo o goberno local, dignificar o entorno, facilitar o acceso e incrementar a seguridade en zonas que presentaban un acusado deterioro. No caso da rúa Illa Pancha a intervención centrouse principalmente na renovación do pavimento e na posta a punto dunha vía moi transitada. A segunda actuación tivo lugar no Parque de San Miguel, un espazo verde con vistas privilexiadas á ría de Ribadeo, e que consistiu en dotar de seguridade todo o perímetro, mellorar os accesos dende a estrada do Cargadeiro, e colocar unha soleira de pedra que facilita a conexión coa área verde. O rexedor puxo en valor o investimento nun parque que cualificou como “un lugar idílico que debemos conservar entre todos”. Subliñou ademais a importancia de que tanto a administración como os propios veciños colaboren no coidado deste tipo de espazos.

A Xunta renovará o peche do colexio Gregorio Sanz



O Colexio Gregorio Sanz de Ribadeo contará cun novo peche perimetral grazas ao investimento de 326.000 euros anunciado pola Xunta de Galicia. Así o confirmou o alcalde do, Dani Vega, quen subliñou que a actuación, xa en fase de licitación, responde a unha “demanda urxente e moi necesaria” tanto da dirección do centro como das familias do alumnado. Vega explicou que “o actual peche está moi deteriorado, levaba anos con problemas serios e había que

tomar unha decisión”. O rexedor considera que esta é unha “xestión acertada” pola situación de inseguridade que se viña producindo en determinados puntos da cerca, onde o Concello tivo que realizar reforzos provisionais nos últimos tempos para evitar riscos. “É certo que hai moitas necesidades, pero temos que priorizar. Non podemos permitir que a falta de traballo e de planificación acabe afectando aos nenos do noso colexio”, indicou Vega.

O desbroce agrava o mal estado do alumeado no paseo do Faro

Veciños e veciñas de Ribadeo veñen de manifestar o seu malestar polo mal estado do alumeado público no paseo da estrada do Faro, un dos puntos máis frecuentados polos residentes e visitantes que pasean cara á illa Pancha. Segundo denuncian, unha parte importante das luminarias non funciona, o que xera zonas escuras que afectan á seguridade e ao confort das persoas que transitan por esa zona, especialmente nas últimas horas do día. As queixas céntranse en avarías, ausencia de farois e deterioro das instalacións eléctricas, que segundo indican algúns veciños, poderían terse agravado tras os últimos traballos de desbroce e mantemento da vexetación. Ao parecer, durante estas tarefas non se tivo coidado coas caixas de conexión eléctrica, que foron golpeadas ou danadas pola maquinaria empregada. Os residentes reclaman ao Concello unha revisión urxente da instalación e a reposición das luminarias que



están fóra de servizo. Sinalan que o paseo do Faro é unha zona moi transitada tanto por ribadenses como por turistas, polo que a falta de iluminación representa un risco innecesario e unha imaxe negativa para un dos enclaves máis emblemáticos do municipio. CASA DA RÍA. A Casa da Ría, en Santa Cruz de Ribadeo, presenta un estado de abandono alarmante que preocupa á veciñanza. Segundo comentan os residentes, “hai que velo

para facerse unha idea da dimensión do deterioro”. Este magnífico edificio atópase completamente descochado, vandalizado e coa presenza de árbores que medran na súa cuberta. Os estanques do contorno están putrefactos e todo o entorno cheo de lixo, unha situación que califican como “inxustificable e lamentable”. Sen pedir a súa restauración inmediata, os veciños esixen polo menos un adecentamento para preservar este espazo histórico e evitar o seu progresivo deterioro.

Ribadeo convida a un verán de música, teatro e festas populares

O Concello de Ribadeo chega ao ecuador do verán cunha intensa axenda cultural para agosto e setembro, con propostas variadas que abarcan música, teatro, cine, exposicións e festas populares, dirixidas a todo tipo de públicos. A concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, subliña o compromiso coa diversidade cultural e o impulso ao ocio local.

O mes de agosto comezou con eventos destacados como a festa do percebe en Rinlo e a Xira de Santa Cruz. O sábado 10 actuará Maricarme en concerto e o luns 12 terá lugar o espectáculo familiar 'Disney A la luz de las velas'. O día 14 Charlatán Rodríguez porá música ao verán, e o 15 celebrarase en Ribadeo un dos grandes concertos coa Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias e o Cuarteto Quiroga, dentro do festival Bal y Gay. O 16 celebrarase dúas festas tradicionais: a de San Roque, copatrón da vila, e a Festa da Carne ó Caldeiro en Remourelle. Os días 22 e 23 chegarán a representación teatral "Glamping", a Festa da Ría no Porto e o Guateque no Campo. O 30 de agosto concéntranse tres



eventos festivos: A Malla nas Anzas, a Cedofestiña e o Xara Fest. En setembro, o municipio abrirá o mes coa celebración das Festas da Patroa, pregoadas o 29 de xullo. O 4 de setembro a Coral ofrecerá un concerto solidario a favor da AECC e, durante a primeira quincena, a Oficina de Turismo acollerá unha exposición sobre a historia do estaleiro de Gondán. O terceiro fin de semana acollerá as Xornadas Mar por Medio para afondar na historia mariñeira. Para pechar, o 27 de setembro

o humorista Pepo Suevos actuará no auditorio coa súa "Xira do cuarto de século". Ademais, o programa Mocidade Ribadeo 2025 desenvolverá actividades para a mocidade, como campamentos na Casa do Queixo Grixalba con xogos, excursións e deportes, e as Noites Activas con torneos deportivos e festas na praia, incluíndo un popular Lasertag e a festa acuática na Praia dos Bloques con inchables e tobogáns, totalmente gratuíta e aberta a todos.

A crise económica e urbanística enfronta ao BNG e ao goberno local



A confrontación entre o BNG e o goberno municipal de Ribadeo intensifícase pola situación económica do Concello e unha intervención urbanística supostamente irregular. O voceiro nacionalista, Pablo Vizoso, denunciou que a débeda en facturas sen pagar en 2024 chega a 952.791,76 euros, afectando a pequenas empresas e familias que levan máis dun ano sen cobrar. Acusan o executivo popular dunha xestión descontrolada que esgota partidas orzamentarias do 2025 e critican o baixo aforro declarado, preguntándose como se afrontará a débeda sen prexudicar a economía local. O goberno responde que o BNG

deixou facturas pendentes por máis de 880.000 euros, con pagamentos sen facer en servizos e gastos innecesarios, como seguros de vehículos retirados, e débedas asumidas desde etapas anteriores. Reprochan ao BNG acusacións infundadas e aseguran traballar con responsabilidade. Ademais, o BNG denuncia que o alcalde Daniel Vega ordenou unha intervención na rúa Deputación sen autorización de Patrimonio, o que podería implicar sancións. Critican a falta de transparencia e o desleixo urbanístico, alertando de actuacións en solo residencial sen garantías legais.



O GDR-1 TERRAS DE MIRANDA CONTA CON UN PRESUPOSTO DE 457.173,78€ PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DA ANUALIDADE 2025 DO PROGRAMA LEADER

A convocatoria para a anualidade 2025 do novo Leader 2023-2027 publicouse o día 30 de abril de 2025 e cerrou o prazo para a súa presentación o día 30 de maio.

Esta convocatoria conta con un importe de 457.173,78€ para proxectos produtivos (os que supoñen a realización dunha actividade económica) e non produtivos (proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais e comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades e que non desenvolvan unha actividade económica), repartido en dúas anualidades.

As convocatorias serán sempre por concorrencia competitiva. Publicaranse cada ano.

Están a valorarse 16 proxectos, 2 proxectos non produtivos públicos, 3 proxectos non produtivos privados e 11 proxectos produtivos.

As bases reguladoras das axudas están no DOGA nº 82 do mércores 30 de abril de 2025 e os promotores poderán acceder ao Convenio entre a Consellería de Turismo e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para os proxectos de turismo e ó Baremo das axudas na páxina web do GDR, www.terrasdemiranda.org

A tipoloxía de proxectos é a seguinte: Inversións de natureza produtiva no sector da produción agraria primaria, Inversións de natureza produtiva elixibles en transformación e comercialización de produtos agrarios, Inversións de natureza produtiva elixibles en transformación e comercialización de produtos forestais, Inversións de natureza produtiva que supoñan a creación, modernización e ampliación de todo tipo de empresas que desenrolen actividades non agrarias e Inversións elixibles en proxectos de natureza non produtiva.

Neste programa Leader introdúcese a figura do bono activa rural que se basa en un importe de axuda a tanto alzado (máximo 18.000€) destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrarias en zonas rurais. A axuda está vinculada ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial durante polo menos durante 5 anos, contados desde a data de alta censa.

Se necesitas algún tipo de información, consulta ou asesoramento, poden acudir á oficina do GDR, con cita previa, sita na Rúa Julia Pardo Montenegro, 13,º de Mondoñedo, a través do teléfono: 982507111 ou do e-mail: terrasmiranda@gmail.com.

Cervo prepara unha nova edición da súa festa do ovo frito

Cervo contará cunha das citas máis queridas do seu verán festivo o vindeiro mércores 14 de agosto: a Festa do Ovo Frito, que este ano alcanza a súa décimo oitava edición. A partir das 20:00 horas, a Praza do Souto converterase nun espazo gastronómico e musical no que o prato estrela será o sinxelo pero infalible ovo frito, acompañado de bo ambiente e animación para todos os públicos. A ración terá un prezo de 7 euros, e a organización garante que ninguén marchará sen probar este manxar tan popular. Mentres o público agarda polas súas racións, a música en directo será a protagonista, cun programa que promete manter o ambiente festivo durante toda a velada. Un dos momentos máis esperados chegará co DJ Conxuro, que se encargará de poñer o punto e final á festa cunha sesión chea de ritmo para bailar ata a medianoite. A Asociación Cultural Airiños do Xunco e os Cabaleiros da Bidueira volven ser os impulsores desta celebración, que conta tamén coa colaboración do Concello de Cervo e da veciñanza, cuxo apoio é fundamental para facer posible o evento ano tras ano.

O Concello incorpora unha nova pantalla dixital con datos en tempo real

O Concello de Cervo acaba de poñer en funcionamento unha nova pantalla dixital de información ambiental e meteorolóxica na rúa Beiramar, xunto á Praza dos Campos, no corazón de San Cibrao. Trátase dun dispositivo de última xeración que ofrece datos en tempo real, específicos para o entorno costeiro. O panel proporciona información moi útil para residentes e visitantes, especialmente no verán, cando se incrementa a actividade ao aire libre. Así, amosa non só as previsións do tempo convencionais, senón tamén detalles como a temperatura da auga, o estado do mar, o movemento das mareas ou a altura das ondas. Ademais, inclúe alertas ante fenómenos meteorolóxicos adversos e indicadores sobre a calidade do aire, contribuíndo á sensibilización ambiental e á prevención de riscos. A información que ofrece esta nova ferramenta está elaborada



por Meteogalicia e varía segundo a época do ano e as condicións locais. A alcaldesa de Cervo quixo agradecer á Xunta a súa implicación e destacou que “se trata dunha ferramenta útil, tanto para os veciños como para os visitantes, que ofrece información ambiental fiable e en tempo real, reforzando a seguridade e a planificación das actividades ao aire libre na nosa contorna”.

Cervo mellora o Parque das Lobeiras cunha nova varanda de ferro integrada na contorna



O Goberno local vén de completar a renovación total da varanda do Parque das Lobeiras, un espazo natural moi utilizado polos veciños e veciñas da localidade. A actuación, sufragada integramente con recursos propios do municipio, supón unha mellora importante tanto no ámbito da seguridade como no estético deste punto de encontro. Os traballos consistiron na retirada da estrutura anterior, xa deteriorada, e na instalación dunha nova varanda de ferro, un material que, segundo destacan des-

de o goberno local, destaca pola súa alta resistencia, durabilidade e un mantemento reducido. A alcaldesa, Dolores García Caramés, explicou que se trataba dunha obra “necesaria”, acometida con fondos municipais “para dar unha resposta áxil e eficaz á demanda da veciñanza e garantir a seguridade neste espazo público, evitando así riscos innecesarios”. Ademais, subliñou que a nova varanda contribúe a reforzar a estética da contorna, integrándose no entorno natural do parque.

O Guioncho recobra vida coa colaboración veciñal en Lieiro



A emblemática Fonte do Guioncho, situada na parroquia de Lieiro, recuperou parte do seu esplendor grazas a unha acción conxunta entre o Concello de Cervo e a Asociación Cultural Comisión de Festas Santa Isabel. A intervención enmárcase no Plan Acción de Alcoa e centrouse na limpeza e acondicionamento do espazo. A alcaldesa, Dolores García Caramés, achegouse ao lugar para participar persoalmente nos traballos, destacando a importancia deste tipo de actuacións que “permiten recuperar espazos singulares que forman parte da nosa identidade colectiva”. Durante a xornada, a rexedora expresou o seu agradecemento pola implicación do tecido asociativo local, ao

tempo que puxo en valor o esforzo compartido por manter e coidar o patrimonio común. Desde o Concello subliñaron a vontade de continuar impulsando iniciativas que promovan a conservación de enclaves históricos e naturais do municipio, sempre da man da veciñanza e das entidades sociais. “A cooperación é fundamental para manter vivo o noso entorno e para transmitir ás novas xeracións o valor do que herdamos”, sinalou García Caramés. A Fonte do Guioncho, ademais do seu valor patrimonial, é un espazo moi querido polos veciños de Lieiro, polo que a súa posta a punto foi recibida con entusiasmo pola comunidade local.

San Cibrao conmemora os 40 anos da Festa da Maruxaina



O Concello organizará o sábado 9 de agosto unha edición moi especial da emblemática Festa da Maruxaina, que este ano celebra o seu 40 aniversario. A cita, que terá lugar en San Cibrao, promete unha intensa fin de semana con propostas para toda a veciñanza e visitantes, consolidando a súa condición de Festa de Interese Turístico Galego. Durante os festexos non faltarán os actos máis esperados, como o tradicional desembarco e xuízo popular da Maruxaina, ademais doutras actividades culturais, musicais e lúdicas, que se manterán en segredo para sorprender ao público. A Asociación Amigos da Maruxaina fixo público o cartel anunciador e o

deseño escollido este ano é obra de Blanca Fernández Dacal, quen recibiu os parabéns da organización por crear “un cartel precioso e moi identificativo de San Cibrao”, segundo destacaron nas redes sociais.

OUTRAS ACTIVIDADES. O 22 de agosto o peirao de San Cibrao converterase no punto de partida dunha nova aventura dentro do programa Enredando no Verán. A proposta, unha ruta en kaiak, estará dispoñible en horario de mañá, de 12:30 a 14:00 horas, e de tarde, de 16:00 a 20:00 horas. As persoas interesadas poderán inscribirse no propio peirao, momentos antes do inicio da actividade.

A Queimada de Cervo homenaxeará a Xosé Vizoso

O vindeiro 23 de agosto, Cervo volverá ser epicentro da maxia e do lume coa celebración da súa 47ª Queimada Popular, un evento declarado de interese turístico que mestura tradición, rituais ancestrais e creatividade gráfica. A edición deste ano será, sen dúbida, unha das máis emotivas da súa historia, xa que renderá tributo ao artista Xosé Vizoso. Por vez primeira, o cartel do evento non leva a súa sinatura. Mais lonxe de representar unha ruptura, esta ausencia convértese nunha ponte entre xeracións: é o seu fillo, Daniel Vizoso, quen toma o relevo e deseña unha obra cargada de sentimento, simbolismo e continuidade. A cita comezará ás 23:00 horas na Praza do Souto, onde se recreará unha vez máis o célebre ritual da queimada, cun aquelarre cheo de lume, esconxuros e ambientación máxica. Unha celebración que busca espantar os malos espíritos e conxurar boa sorte para a comunidade. Ao longo do día, as rúas de Cervo vestirán de época co tradicional Mercado, no que veciñanza e visitantes poderán gozar de postos de artesanía, produtos locais e animación con traxes tradicionais.

A veciñanza mobilízase pola súa escola pública ante os recortes

A Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do CEIP da Pontenova continúa mobilizada contra a supresión dunha das unidades de Educación Infantil para o curso 2025-2026, unha medida que, segundo denuncian, rompe a continuidade educativa dos menores, implica a perda dunha docente e vulnera a normativa de ratios establecida pola Lei 5/2024. A decisión foi comunicada pola Inspección Educativa a finais de xuño, despois de rematar o curso escolar, e pese ás reclamacións da ANPA, foi confirmada sen opción de diálogo.

Ademais, as familias alertan do “abandono estrutural” do centro, cunha longa listaxe de deficiencias que inclúe fendas, humidades, aseos insalubres ou falta de accesibilidade. “Non falamos de estética, falamos de saúde e seguridade”, advertiu a presidenta da ANPA, Iria Bermúdez. As obras acometidas pola Xunta este verán —cun investimento próximo aos 50.000 euros— son, segundo a entidade, insuficien-



tes e tardías, lembrando que o teito dunha aula permaneceu caído desde decembro ata xullo.

Malia as declaracións do delegado territorial da Xunta, Javier Arias, que destacou as melloras na eficiencia enerxética, a ANPA considera que a Consellería evita comprometerse cunha reforma integral e acusa ao Goberno galego de actuar por presión social. “Se non berramos, non fan nada”, afirman. Como resposta á situación, o pasado 23 de xullo unha ampla representación veciñal desprazouse a

Lugo para protestar fronte á sede da Xunta, convocada pola ANPA e polo Concello. Alí reclamaron melloras tanto no centro educativo como no ámbito sanitario, onde tamén denuncian a falta de persoal e o incremento das listas de agarda. “Loitamos polo básico: unha educación pública digna e unha sanidade que nos atenda”, reivindicaron os asistentes.

A ANPA insiste en que non calarán: “Seguiremos loitando polos dereitos das nosas fillas e fillos. O rural tamén merece respecto”.

Vilameá prepárase para tres días de festa con churrasco, música e moita tradición

A parroquia de Vilameá, no concello da Pontenova, vivirá entre o venres 8 e o domingo 10 de agosto unhas festas patronais que combinan tradición e animación musical para todos os públicos. A comisión organizadora deseñou un programa que arrincará o venres coa clásica gran churrascada, e continuará durante a fin de semana con misas, procesións e sesións vermú amenizadas por diferentes grupos.

O venres 8, a partir das 22:00 horas, o aroma do churrasco inundará as rúas coa celebración da gran churrascada popular. Por 20 euros no caso dos adultos e 12 euros para os nenos e nenas de 3 a 12 anos, as persoas asistentes poderán degustar empanada, churrasco, chourizo, sobremesa, bebida e café. Os tickets están xa á venda en diferentes establecementos

loais, como a Sidrería A Mina, a Librería Eugenia ou a Panadería Millán, así como a través dos membros da comisión organizadora. Despois da cea, a festa prolongarase coa actuación da orquestra D’Noche e o DJ Bombardero, que garantirán a animación ata altas horas da madrugada.

O sábado 9 de agosto terá lugar a misa solemne e a tradicional procesión a partir das 13:30 horas. A continuación, o Grupo JB Son ofrecerá unha sesión vermú que dará paso, pola noite, a unha gran verbena co mesmo grupo e co DJ Bombardero.

Por último, o domingo 10 será o día de despedida destas festas patronais, cunha nova misa e procesión ao mediodía, seguida da sesión vermú a cargo do Dúo Zafiro, que porá o broche final á celebración.

A Pontenova prepárase para vivir unha nova edición do BaixEo máis festivo

A Pontenova quenta motores para acoller unha das súas citas máis esperadas do verán: o BaixEo 2025, que terá lugar o sábado 16 de agosto, volverá converter o río Eo nun espazo de lecer, creatividade e festa. As persoas interesadas poden inscribirse ata o mércores 13 de agosto ingresando 15 euros na conta do

C.I.T. A inscrición dá dereito ao transporte das embarcacións, á participación como comensal no XXIII Gran Faragull-Eo e inclúe unha camiseta conmemorativa e unha cunca de barro. O evento conta con dous puntos de saída: Piegaponte e Salmeán, e cada participante deberá indicar no momento da inscrición dende onde

quere comezar. O programa arrinca ás 10:30 coa concentración na Chousa, xunto ao Pozo da Ola. A primeira saída está prevista para as 11:00 horas dende Piegaponte e, unha hora despois, ás 12:00, dende Salmeán. O descenso rematará ás 14:00 na Chousa de Abaixo, onde se celebrará o Faragull-Eo.

RAPA DAS BESTAS DE NEIPÍN



A segunda edición da Rapa das Bestas de Neipín consolidouse como un evento clave na Mariña lucense, reunindo centos de persoas arredor dun curro cheo de tradición e vitalidade.

A FAROLA
A FAROLA GALASTUR
Tu lugar de tapeo en Foz
Cocina tradicional gallega y asturiana

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

Oferta de empleo

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

¿Qué ofrecemos?
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

Contáctanos con nosotros
Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Entlo., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

simple. claro. helvetia
Te aseguradora suiza

Barreiros acollerá a VII Concentración Retroclásicos

O municipio converterase, un ano máis, no epicentro da paixón polos vehículos antigos coa celebración da VII Concentración Retroclásicos, organizada pola Asociación Retroclásicos de Barreiros e que terá lugar o 23 de agosto na contorna da praia de Coto. A partir das 10:00 horas abriranse as portas para recibir participantes e visitantes nunha exposición aberta ao público de motos e coches clásicos. Ás 14:30 horas, participantes e acompañantes compartirán unha comida de irmandade no restaurante A Yenka, punto de encontro para os amantes do mundo retro. Xa pola tarde, sobre as 16:00 horas, comezará unha ruta polas praias de Barreiros, na que os vehículos desfilarán por algúns dos espazos costeiros máis emblemáticos do concello. Como é habitual, a partir das 19:00 horas procederase á entrega de trofeos e premios especiais. O prezo da inscrición inclúe a participación no evento, a comida, sorteos e outros detalles. Establécese unha tarifa de 35 euros para adultos e 15 euros para nenos ata 14 anos. As inscricións permanecerán abertas ata o 21 de agosto, podendo formalizarse no teléfono 697 35 60 90, contactando con Pedro.

O PP critica o retraso no desbroce das vías locais

O Partido Popular de Barreiros volveu denunciar o estado das vías municipais no concello. A formación que lidera José Manuel Gómez Puente lamenta que, “a estas alturas do verán”, o goberno local do BNG “aínda non rematase os traballos de desbroce e limpeza”, unha situación que, segundo o voceiro popular, “ofrece unha imaxe moi mala tanto para os veciños como para os turistas que xa están nos areais”. Desde o PP local aseguran que son varias as rúas de titularidade municipal que aínda non recibiron ningunha actuación, cando “os traballos xa deberían estar finalizados” e incluso, puntualiza Gómez Puente, “executándose xa tarefas de revisión e control por se fose necesaria unha segunda pasada”. O voceiro puxo como exemplo o Camiño de San Rosendo, que conecta a zona da Rexa coa Fábrica da Luz, na parroquia de Celeiro de Mariñaos. Neste viario, ao seu xuízo, “é urxente actuar” xa que dá acceso a diversas vivendas. Tamén citou o barrio de Vilar, en San Cosme, unha alternativa

frecuentada polos condutores para chegar á estrada Nacional, onde tampouco se realizaron os traballos. Gómez Puente insistiu na necesidade de planificar mellor estas actuacións, lembrando que “Barreiros conta con medios propios suficientes” para poder executar estes labores con máis antelación. “Non todos os anos podemos ofrecer esta mala imaxe”, afirmou, antes de recalcar que o desbroce non é só unha cuestión estética, senón tamén de seguridade: “Mellora a visibilidade en curvas e cruces, e permite ver sinais de tráfico que hoxe están ocultas pola maleza”, indicou. Desde o PP lembran tamén que o Concello dispón de dous tractores, un deles financiado pola Deputación, “polo que non se entende esta demora nos traballos”, sostivo Gómez Puente. O popular puxo outro exemplo da situación: zonas xa desbrozadas, como o acceso á praia do Acantilado, nas que, segundo afirma, “a herba non se recolleu e quedou tirada, dando tamén unha mala imaxe”.

A Deputación mellora o acceso á praia de Coto cun investimento de 210.000 euros



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, visitou Barreiros para comprobar o resultado das obras de mellora na estrada LU-P-0611, que conecta o Barrio Novo coa praia de Coto. Esta vía, de máis de dous quilómetros de lonxitude, é un dos principais accesos á zona costeira do municipio, especialmente transitada durante o verán. A actuación, executada pola empresa Grupo Bascuas 2008 SL, consistiu na limpeza de cunetas, a renovación do firme con aglomerado en quente e a mellora da sinalización horizontal e vertical. O investimento total ascendeu a 210.000 euros. Durante a visita, José Tomé estivo acompañado pola alcaldesa de Ba-

rreiros, Ana Ermida, e outros membros do goberno local. O presidente provincial destacou que a intervención supón un importante avance en seguridade viaria e confort para a cidadanía e os visitantes. Subliñou tamén o impacto positivo que terá na proxección turística de Barreiros ao mellorar o acceso a unha das súas praias máis concorridas. A obra forma parte do Plan de Mellora de Estradas da Deputación de Lugo, que prevé actuacións en 400 quilómetros da rede viaria provincial cun orzamento superior aos 15 millóns de euros. Segundo indicou Tomé Roca, preto do 90 % dos 80 proxectos previstos xa están en proceso de contratación.

O ritmo de Uganda e Ruanda soará no Pascual Veiga

Mondoñedo acollerá o 21 de agosto un concerto solidario do grupo Los Ugandan Sticks, que traerá ao auditorio Pascual Veiga a forza dos tambores de Ruanda. A actuación, prevista para as 20.00 horas, servirá para recadar fondos para o proxecto Música para Salvar Vidas, que apoia crianzas orfas en Uganda mediante a música e a danza. O espectáculo contará con artistas como Wasswa Swaibu Semwogerere ou Katumba Samuel, e promete unha noite de enerxía e tradición africana. As entradas custan 10 euros e poden mercarse na Oficina de Turismo, unha hora antes do evento ou en giglon.com. Ademais, o 22 de agosto ás 12.00 horas haberá un obradoiro de percusión para público infantil e adulto, cun enfoque participativo que busca achegar os ritmos africanos á veciñanza mindoniense.

Espectáculos e actividades para todos os públicos no verán mindoniense

O Concello aposta forte pola cultura e o entretemento das familias cunha programación infantil que encherá o verán de espectáculos pensados para todos os públicos. Ata mediados de setembro, a cidade acollerá actividades escénicas, actuacións de humor, teatro e incluso un campamento medieval que converterán Mondoñedo nun referente de lecer para os máis pequenos. As rúas do centro histórico transformaranse en escenarios abertos, achegando a cultura á vida diaria. En agosto a diversión comeza o sábado 9 e o domingo 10 de agosto celebrárase un dos pratos fortes da programación: o Campamento Medieval Infantil, con actividades de títeres e ambientación histórica na Praza do

Seminario. Este evento contará con personaxes caracterizados, xogos tradicionais e pequenas representacións que recrearán a vida na Idade Media. O sábado 13 de setembro, ás 18:00 horas, chega “Pasma de Pedra”, unha obra da compañía Mircromina Teatro que se representará no atrio da igrexa dos Remedios. E como colofón, o luns 15 de setembro celebrárase o Día do Neno, cunha programación especial a partir das 18:00 horas. Desde o Concello destacan que esta programación ten como obxectivo “ofrecer alternativas culturais, educativas e lúdicas para que as familias gocen do verán con propostas de calidade e adaptadas aos intereses da cativada”.

Mondoñedo revivirá o seu pasado co Mercado Medieval

Do 7 ao 10 de agosto, Mondoñedo acollerá a XXXIII edición do seu tradicional Mercado Medieval, cunha programación diversa que ofrece máis de 70 actividades para todos os públicos. O evento, organizado polo Concello e a Asociación O Pasatempo, converterá as rúas da cidade nun escenario histórico cheo de animación, música, teatro e recreacións. O xoves dará comezo cun desfile infantil a cargo dos nenos e nenas do campamento de verán, seguido dun concerto da Escola de Música no claustro da Catedral. O venres abriranse os postos ás 20:00 horas e celebrárase unha cea medieval na igrexa da Alcántara, complementada con xogos, recreacións históricas e unha queimada popular. O sábado, Día do Turista, incluírá o pregón de Valentín Insua, campañeiro da Catedral, ademais de desfiles de compañías medievais, degustacións gastronómicas, espec-



táculos de cetrería, teatro infantil, bautismos de cabaleiros e torneos. A xornada rematará cun concerto da Mekanika Rolling Band. O domingo continuará a festa con música en directo, animacións, exhibicións e unha voda mozárabe. Pechárase cun espectáculo de lume e un desfile final. O mercado reunirá compañías de recreación de toda España e converterá Mondoñedo nun espazo onde revivir a historia a través dos sentidos.

Xogar, aprender e crecer: o compromiso Guillem Veiga

A Asociación Guillem Veiga Iglesias, creada por familias e profesionais, traballa pola concienciación, o apoio e o ocio inclusivo desde Barreiros

Por Ana Somoza.

Barreiros conta cunha entidade que leva anos acompañando familias na detección e atención dos trastornos do desenvolvemento infantil. A Asociación Guillem Veiga Iglesias, creada por familias e profesionais, traballa pola concienciación, o apoio e o ocio inclusivo nunha comarca onde o acceso aos recursos especializados pode ser complicado. Desde a súa fundación, naceu coa vontade clara de ser unha referencia para aquelas familias que “non saben onde acudir cando detectan algunha alarma no desenvolvemento dos seus fillos”. Así o explican desde a propia entidade, que se formou “familias e profesionais que tivemos que vivir a odisea de conseguir recursos axeitados para os nosos fillos”. Esta experiencia persoal e colectiva foi a chispa que motivou a creación dun espazo de apoio e orientación que hoxe segue a medrar. Dende o ano 2023, a asociación conta cun local nas escolas indianas de Santiago de Reinante, “e pouco a pouco estamos conseguindo ampliar a nosa oferta no ámbito da concienciación e o ocio inclusivo”. Esta sede física supón un punto de encontro fundamental para as familias da Mariña, pero tamén o inicio dun proceso de expansión para chegar a máis xente e ofrecer servizos máis variados.

LÍÑAS DE ACCIÓN. Actualmente, a Asociación Guillem Veiga Iglesias centra a súa actividade en tres eixes principais. En primeiro lugar, traballan na “mellora da calidade de vida da infancia e as súas familias”. Atenden “principalmente a familias que teñen inxedanzas sobre o desenvolvemento dos seus fillos, pero tamén que precisan orientación para a tramitación de axudas, conseguir apoios ou profesionais específicos”. Un exemplo deste compromiso foi a campaña de concienciación que desenvolveron o ano pasado nas escolas infantís da Mariña, “sobre a importancia dun diagnóstico precoz”, unha iniciativa que tivo “moi boa acollida, viaxando incluso a Lugo”. Un segundo eixo importante é “dar valor á diversidade”. Para iso, organizan “actividades de concienciación e sensibilización, charlas, obradoiros e programas para os centros escolares” como “O mar de diversidade” ou “Ser diferentes

é un punto a favor”. Nestas propostas, a infancia “pode coñecer e incluso vivir en primeira persoa diferentes discapacidades”, comprendendo que “hai moitas formas de facer as cousas”, como “non todos nos comunicamos falando, ou non nos desprazamos camiñando”. Destacan a importancia de que “a nosa infancia saiba que ser diferente non é algo negativo, todo o contrario, na diversidade está a riqueza” e que “aínda que unha persoa teña unha discapacidade, iso non lle impide desenvolverse na vida cos apoios necesarios”. Finalmente, a asociación aposta polas “actividades formativas e de ocio inclusivo”, tentando desenvolver proxectos como “Xogos Diversos no Verán”, que crea un espazo lúdi-

“Pretendemos que as familias non se queden con inxedanzas cando se trata do desenvolvemento dos seus fillos”

co accesible para todos, e o “Diversiprix”, un evento que se celebra o 29 de xuño e do que están “moi orgullosos”. Este último consiste nun circuito de xogos en equipo onde os participantes, con e sen discapacidade, conviven e traballan xuntos para resolver retos, fomentando a convivencia e o cambio de actitude cara á diversidade.

ATENCIÓN FAMILIAR. No que respecta ao público ao que dirixen os seus servizos, a asociación atende “todo tipo de familias”, xa que a súa oficina está “aberta á comunidade”. Chegan principalmente “crianzas con trastornos do desenvolvemento, con ou sen diagnóstico, pero tamén con dificultades de aprendizaxe, problemas de conduta, necesidade de apoios educativos, etc.”. Tamén é frecuente que acudan “adolescentes que non foron diagnosticados e precisan información sobre servizos pedagóxicos e mesmo de ocio inclusivo onde sentirse aceptados e aprender habilidades sociais”. As inxedanzas que expresan as familias son diversas, pero unha cuestión

fundamental para a asociación é que cada vez cheguen máis casos de nenos menores de tres anos, “o que para nós é moi importante para a detección temperá dos trastornos do desenvolvemento”. Entre as preocupacións máis habituais están que “o seu fillo aínda non empezou a falar, que non se relaciona cos seus iguais, pero tamén con problemas de conduta entre outros”. A entidade recalca que “pretendemos que as familias non se queden con inxedanzas cando se trata do desenvolvemento dos seus fillos”. O seu obxectivo é “confirmar ou descartar a súa sospeita para acceder o máis axiña posible a equipos de diagnóstico especializados e a unha intervención específica”, pois esta “é esencial para favorecer o desenvolvemento e a calidade de vida dos nenos e nenas e ao mesmo tempo favorecer o benestar emocional das familias”.

ACOMPANÑAMENTO. Ao contactar con eles, a familia recibe un trato individualizado. Explican que o máis importante para a asociación “é ofrecer un espazo onde as familias poidan compartir as súas inxedanzas e recibir unha atención profesional próxima e especializada”. Para iso, “concértase unha primeira cita coa traballadora social e a coordinadora psicopedagóxica”, unha reunión na que “podamos escoitar as súas demandas, detectar sinais de alerta no desenvolvemento das crianzas para, se fora preciso, iniciar un proceso de avaliación diagnóstica”. En moitos casos, para coñecer ben a situación, “son precisas varias citas tanto cos pais como coas crianzas”, pois o obxectivo é “entender as necesidades das crianzas e poder orientar cara a unha intervención axeitada”. Para iso contan cun



equipo multidisciplinar “de carácter psicopedagóxico, moitos colaboran desinteresadamente”.

FAMILIAS. As familias son o corazón da asociación, e dende o inicio “son as que determinan en que podemos axudarlles”. Cando contactan, a entidade intenta “crear un ambiente de confianza e soporte, tanto emocional como profesional”. En ocasións, simplemente “derivamos a outros profesionais”, pero sempre “establecemos vías de comunicación para que poidan contar con nós e gozar de todos os servizos que imos creando”. Recoñecen que “a paternidade está cargada de ilusións e expectativas que nos enchen de felicidade, malia que en ocasións certos acontecementos poden envorcar todas as nosas expectativas”. Ademais, a asociación sinala que “os trastornos do desenvolvemento son cada vez máis coñecidos, pero iso non nos impide que sempre se vexan acompañados de certos mitos que o dificultan todo”. Por iso, consideran fundamental “desmitificar

e mostrar que outros cativos con TEA son totalmente autónomos na actualidade, así como trasladarlles que tomar as medidas de apoio necesarias determinan en gran medida esta autonomía”.

SOÑO. Ao preguntar cal é o seu soño a medio e longo prazo, a resposta da asociación é clara: “Queremos seguir aportando o noso granito de area cara a unha Mariña máis accesible e inclusiva, onde se valore a diversidade”. Para iso, comprométese a seguir “creando espazos e proxectos para sensibilizar á sociedade”.

Pero o gran obxectivo actual é “converter a nosa oficina de atención ás familias nun servizo estable e autosuficiente”. Están a buscar vías de financiamento para “que conte con un orzamento que nos permita ter un equipo multidisciplinar estable, persoal que se vaia formando e crecendo para mellorar o servizo ás familias”.

Reportaxe completa en:
www.amariñaxa.com



O PSOE critica como “tardía e insuficiente” a proposta urbanística en Pedride

A Agrupación Socialista de Xove cualificou de “electoralista, tardía e insuficiente” a recente proposta do Goberno local do Partido Popular para modificar o uso do solo no barrio de Pedride, un espazo situado entre a Urbanización Palmeiro e o núcleo urbano da vila. Segundo o PSdeG, esta decisión chega logo de máis dunha década de parálise deliberada por parte do propio alcalde, Demetrio Salgueiro, quen mantivo sen avances urbanísticos esta zona a pesar de contar cos servizos básicos dende os anos noventa.

Os socialistas lembran que foi o propio rexedor quen, no ano 2012, impulsou un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que impedía a construción de vivenda unifamiliar nesta franxa, pensada en orixe para unir e integrar Palmeiro co centro de Xove. “Nunca é tarde para rectificar”, recoñecen dende o PSdeG, “pero é evidente que esta proposta responde máis ao calendario electoral que a unha visión estratéxica de futuro”. Desde o grupo municipal tamén se denuncia a renuncia a dous accesos clave previstos na futura

vía de alta capacidade: un á altura do campo de fútbol, que daría servizo á Urbanización Palmeiro, á parroquia da Rigueira e ao sur do municipio; e outro fronte ao Polígono Industrial de Camba. “Foi o equipo de Salgueiro quen aceptou suprimir eses enlaces e conformarse cun único acceso na zona de Parceiros, o que deixa a vila e a súa contorna directa completamente desconectadas”, critican.

Para o PSdeG-PSOE de Xove, esta recalificación é pouco máis ca un “parche” nunha política urbanística sen rumbo. “En dezaioito anos de Goberno do PP non se fixo nada por promover vivenda, nin nos núcleos principais nin nas parroquias. Agora queren disimular esa inacción con medidas improvisadas”, aseguran.

A agrupación socialista conclúe alertando de que “Xove non pode seguir perdendo oportunidades polo abandono e a falta de proxecto do Partido Popular. Precísase unha vila pensada para medrar, atraer poboación e actividade económica, e iso só será posible cun cambio real na forma de gobernar”.

A Deputación investirá máis de 1,6 millóns en melloras viarias

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Xove, José Demetrio Salgueiro Rapa, asinaron un convenio de colaboración polo que o organismo provincial investirá 1.636.807,30 euros no acondicionamento de catro vías do municipio e na cesión ao concello das dez estradas provinciais que vertebran o seu territorio.

O acordo, formalizado na Casa Consistorial de Xove, supón a transferencia de 45 quilómetros de vías e estenderase ao longo de catro anualidades. Inclúe melloras en catro estradas concretas: a LU-P-2601, a LU-P-6606, a LU-P-2604 e a LU-P-2605. José Tomé destacou que esta actuación responde á filosofía da Deputación de “cooperación e asistencia a todos os concellos da provincia” e subliñou que se realiza “sen distincións de ningún tipo e sen importar a cor política, porque cremos que é así como se constrúe un territorio máis vertebrado, máis igualitario e con máis oportunidades para toda a veciñanza”.

O mandatario provincial puxo este convenio en relación con outras iniciativas similares, como a recente cesión ao Concello de Palas de Rei dun tramo urbano da LU-P-2901, e indicou que esta colaboración con Xove “mellorará a mobilidade, a seguridade e a calidade de vida dos



veciños e veciñas”.

No que respecta ás actuacións concretas, investirase preto de 478.000 euros na segunda fase do acondicionamento da LU-P-2601, que conecta a estrada autonómica LU-862 con Portiño de Morás, mellorando un treito de algo máis de dous quilómetros comprendido entre os puntos quilométricos 2,850 e 5,524. Con esta intervención quedará renovado o trazado completo da vía.

Tamén se realizarán melloras nun treito da LU-P-6606, que une Augadoce con Fontao por Faro, cun orzamento de máis de 141.000 euros, actuando entre os puntos quilométricos 2,222 e 4,629.

A LU-P-2604, que discorre desde a LU-862 ata Valcarria por Monte, será rehabilitada na súa totalidade cun

investimento que rolda os 857.000 euros.

Por último, acometerase a mellora do firme da LU-P-2605, que comunica A Tronca con Tarolo por Vila, cun custo algo superior aos 160.000 euros.

Unha vez finalizadas estas obras e aprobada a cesión en sesión plenaria, a Deputación transferirá oficialmente ao Concello de Xove a titularidade destas estradas xunto con outras seis máis: a LU-P-2602, que vai de Porto de Morás a Beltrán; a LU-P-2603, desde a LU-862 ata a LU-P-2061 por Chao de Aldea; a LU-P-2606, que une Xove con A Rocha; a LU-P-2607, entre Cruceiro e Portocelo; a LU-P-2609, entre Sumoas e Toimil; e a LU-P-2610, que conecta Vara coa Área pola praia de Esteiro.

Xove propón un verán de natureza e coñecemento

O Concello continúa este verán coa súa aposta por un turismo sostible e de proximidade, poñendo en valor a riqueza natural e cultural do municipio a través dun ciclo de rutas guiadas. O xoves 7 de agosto será a quenda de San Tirso de Portocelo, un espazo de gran singularidade no que se afondará na historia arqueolóxica da zona e nas curiosas pareidolías que ofrece a paisaxe da Roncadoira. Dúas semanas despois, o xoves 21 de agosto, realizarase unha segunda ruta polo Esteiro de Xove, centrada na xeoloxía e os valores ambientais do litoral entre Muiñelo e Punta da Mansa.

Ambas as camiñadas estarán conducidas por Boris Vilar Vidal, guía especializado que achegará unha ollada divulgativa sobre flora, fauna, formacións xeolóxicas e tradicións locais. Para participar será preciso inscribirse previamente enviando un correo a rutasgalicianorte@gmail.com, xa que as prazas son limitadas.

O BNG iniciou unha recollida de sinaturas ante a falta de reposición da médica

O BNG de Xove puxo en marcha unha campaña de recollida de sinaturas para esixir á Xunta de Galicia a cobertura urxente da praza de médica de cabeceira no centro de saúde da vila, que permanece sen cubrir desde a xubilación da doutora Eiriz hai xa varios meses. Segundo denunciou a responsable local do BNG, Pilar Vázquez, a situación está a provocar graves prexuízos para as persoas usuarias, que carecen dunha atención continuada e mesmo non poden pedir cita a través da aplicación móbil do Sergas, ao non haber ocos dispoñibles durante semanas. “A día de hoxe non hai citas antes do 28 deste mes”, advertiu. Vázquez lembrou que a degradación do servizo comezou coa non reposición do terceiro médico de familia, o que deixou a toda a po-

boación —cada vez máis maior e con máis necesidades asistenciais— nas mans de tan só dous profesionais, e que agora só queda unha facultativa con praza fixa no centro.

A campaña de sinaturas pretende reclamar unha atención sanitaria digna e estable, freando o que consideran unha perda constante de dereitos nos pequenos municipios. “Levamos anos pedindo que se cubra a praza da pediatra, sen resposta. Agora está a suceder o mesmo coa médica de familia, e non o podemos permitir”, insistiu Vázquez.

O obxectivo é trasladar esta demanda tanto á Consellería de Sanidade como ao Parlamento galego, nun intento de frear o desmantelamento progresivo da sanidade pública en Xove.

Impulsan a posta en valor das ruínas de San Tirso

O Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López, visitou o Concello de Xove para coñecer de primeira man o enclave histórico de San Tirso en Portocelo, onde proximamente se acometerán traballos de escavación e conservación arqueolóxica.

Durante o percorrido estivo acompañado polo alcalde, Demetrio Salgueiro, así como pola concelleira de Cultura, Dolores Meitín; a concelleira de Turismo, Cecilia Duarte; e o edil Manuel Ángel Meitín. A intervención será posible grazas a un convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Xove, cunha achega económica de 25.000 euros por parte da administración autonómica.

O lugar no que se vai actuar comprende o castro de Mechiluide e a antiga igrexa de San Tirso, un conxunto de grande valor histórico e patrimonial. Sobre o terreo, o



conselleiro explicou que con esta actuación “pretendemos favorecer a súa posta en valor e tamén o coñecemento deste sitio arqueolóxico para avanzar na súa investigación e caracterización”.

Esta iniciativa enmárcase nas políticas da Consellería para protexer e difundir o patrimonio cultural galego, promovendo o seu estudo e conservación como elementos clave para o desenvolvemento local e o coñecemento histórico.



“Xuances é vida, é tradición, é terra, é familia e futuro”

Un colectivo veciñal de Xove aposta pola recuperación de festas tradicionais e actividades para frear o despoboamento e revitalizar a vida comunitaria

Por Ana Somoza.

En Xuances, unha pequena parroquia do concello de Xove, a vida no rural resiste grazas á implicación dos seus propios veciños. A Asociación de Veciños de Xuances, fundada hai case trinta anos e agora en plena etapa de renovación, traballa por frear o despoboamento recuperando festas, organizando eventos gastronómicos e reforzando a identidade local.

INICIOS. En Xuances, parroquia do Concello de Xove, a vida segue latexando grazas á forza dunha asociación veciñal que non se resigna a ver esmorecer o seu rural. Daniel, o actual presidente da Asociación de Veciños de Xuances, conta que a entidade naceu no ano 1996 cun obxectivo claro: “mellorar a calidade de vida da veciñanza, velar polos intereses da parroquia e servir de nexo conector entre os veciños e as diferentes administracións”. Aínda que recoñece con humildade que cando a asociación se fundou el “non nacera”, destaca que está vivindo un momento de “rexurdir” ante as novas necesidades da poboación. Explica que os tempos cambiaron e que agora resulta imprescindible “afondar no eido social e cultural”, buscando manter “viva, activa e dinámica a vida no rural”. Este espírito marca a nova etapa dunha entidade que, tras case trinta anos de historia, non quere limitarse a xestionar servizos senón revitalizar a vida comunitaria.

VALORES. A vida en Xuances é, para Daniel, “moi familiar, cun especial arraigo á terra e un enorme respecto ás tradicións”. Lembra que antigamente os eventos sociais vinculábanse ao traballo colectivo: “a sementeira, a malla, o muíño...”. Hoxe, recoñece, esas tarefas xa non se realizan como antes, pero desde a asociación buscan incentivar “a cooperación e a interacción social entre a veciñanza, como se fixo toda a vida, aínda que as maneiras sexan outras”.

ACTIVIDADES. A entidade retoma agora unha axenda de actividades que fora quedando adormecida. Daniel destaca o traballo da anterior directiva, encabezada por Balbino García, Casemiro Pernas e Dora López, que “aguantaron a asociación en tempos complicados da pandemia da Covid-19”, evitando a súa desaparición. Agora, coa nova

Roma nun día” e prefiren avanzar “pouco a pouco”.

IMPLICACIÓN VECIÑAL. “Sen a veciñanza nada sería posible”, afirma Daniel. Recoñece que ao principio percibiron certa apatía, pero co paso dos meses o entusiasmo foi medrando. “Cada vez observamos maior aceptación por parte da xente, o cal parece indi-



directiva, buscan crear “un calendario de actividades para todo o ano”, con eventos que fomenten “a interacción entre os veciños e a dinamización da vida no rural”. Entre as propostas máis destacadas está a recuperación da “Festa na Honra a San Pedro Fiz”, celebrada na ermida de Ceranzos. “Recuperámola este ano; non se celebraba desde 2019”, explica con orgullo. Trátase dunha festa con “fonda tradición e devoción”, que atrae xente “de diferentes puntos da comarca”, mesmo camiñando ata a ermida despois de deixar o coche o día anterior. Ademais, a asociación organiza eventos gastronómicos nos que logran reunir preto de cen persoas: “xuntámonos a comer e pasamos uns días en comunidade”. O seu soño sería recuperar festas tradicionais como a malla, aínda que recoñece que “non se fixo

car que imos no camiño correcto”, di. Iso si, advirte que “é cedo para xulgar” e que deberán seguir traballando para consolidar esa tendencia.

NOVOS PROXECTOS. A curto prazo, o foco está na organización da festa de San Pedro Fiz. Pero hai ideas que latexan no fondo: “gustaríanos manter e preservar o patrimonio material e inmaterial da parroquia”. Pensan en recompilar “os testemuños dos nosos maiores”, para evitar que se perdan. Con prudencia, insiste en que

“non imos falar antes de tempo”: serán proxectos que irán anunciando cando chegue o momento.

RELACIÓN CO CONCELLO. A relación coas administracións é “necesaria e inevitable”. No caso do Concello de Xove, Daniel subliña que “sempre nos brinda o apoio necesario, como fai co resto de asociacións do municipio”. Coas demais administracións recoñece que “leva dous días” no cargo, pero agarda que exista tamén esa “vontade de colaborar cos veciños”.

DESAÍOS DO RURAL. En Xuances, como noutras aldeas galegas, o despoboamento segue sendo o maior desafío. Daniel lembra que “tivemos algún burgo que chegou a quedar despoboado”, tras épocas nas que “contaban con máis de cincuenta veciños”. Porén, algunhas desas aldeas volvéronse habitar. Segundo el, isto débese a un cambio de prioridades: “é moita a xente que se vai vivir ao rural”. Tamén apunta á chegada de persoas doutras partes de España, que elixen Xuances para pasar o verán, atraídas por un clima

ciñais segue a ser esencial no rural galego. Defíneas como “motores de dinamización social e cultural” e como ferramentas que poden “influír no desenvolvemento local, propoñendo ideas, xestionando proxectos e facendo de ponte entre a veciñanza e as administracións”. Sinala que son “espazos de democracia real e de acción directa”, onde a veciñanza pode organizarse e tomar decisións.

XENTE NOVA E MEMORIA. A xuventude debe ser o futuro do rural, pero recoñece que “hoxe en día é complicado desenvolver unha vida aquí”, pola escaseza de emprego e pola tendencia da sociedade á concentración nas cidades. “Deberemos traballar nese eido”, admite.

Tamén pensan en recuperar a memoria dos maiores, como xa comentou ao falar de futuros proxectos. Non queren que se perdan esas historias, esas experiencias que forman parte do patrimonio inmaterial de Xuances.

COMO SUMARSE. Daniel anima á veciñanza a achegarse á asociación. “Sumarse é moi doado: basta con propoñer ideas ou colaborar nas actividades”. A quen non participa aínda, lanza unha mensaxe clara: “a parroquia tamén é responsabilidade súa, e todo o que se fai, faise pensando en todos”. Canto máis se implique a xente, “máis forte será a comunidade”. Actualmente contan con “55 casas asociadas”, o que supón “o 60 % da poboación da parroquia”. Un dato que contrasta cos inicios: “cando se comezou hai case 30 anos formaban parte uns 10 socios”. O crecemento é evidente, pero a meta é seguir sumando.

UN SOÑO: UNHA PARROQUIA VIVA. O gran soño da Asociación de Veciños de Xuances é claro: que a parroquia siga viva. “Queremos unha parroquia chea de vida, con servizos básicos cubertos, con xente nova, con actividade cultural e co orgullo de pertencer a un lugar que coida as súas raíces”. Daniel remata cun desexo sincero: “gustaríame volver ver unha parroquia chea de xente, porque é certo que vivimos nun lugar fermoso, pero sen xente non deixaría de ser un de tantos”. Cando se lle pide que defina Xuances en poucas palabras, responde sen dudar: “Xuances é vida, tradición, terra, familia e futuro”.

“Debemos fomentar e tentar manter o repoboamento mediante a dinamización cultural e social da vida no rural”

“Queremos unha parroquia chea de vida, con xente nova e co orgullo de pertencer a un lugar que coida as súas raíces”

amable e unha tranquilidade “impensable na cidade”. A asociación quere contribuír a ese rexurdir, “dentro das nosas posibilidades”, mediante “a dinamización da vida no rural”, facendo atractiva a vida alí. “Debemos fomentar e tentar manter o repoboamento”, insiste.

O PAPEL DAS ASOCIACIÓNS. Para Daniel, o papel das asociacións ve-



CURSO 2025/2026

Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso.

WU preparation

Cambridge English Qualifications

Anglia

Reserva ahora!

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es/matricula

Aberto o prazo de inscrición en Madrugadores e Ludiseráns

O Goberno local abriu o prazo para inscribirse nos programas municipais Madrugadores e Ludiseráns, que se desenvolverán durante todo o curso escolar 2025–2026 co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar das familias do municipio. As persoas interesadas disporán de prazo ata o 20 de agosto para formalizar a súa solicitude. O servizo de Madrugadores funcionará cada día lectivo entre as 8:00 e as 9:30 da mañá, permitindo que o alumnado chegue ao centro educativo antes do inicio das clases, mentres que o programa Ludiseráns estará operativo

polas tardes, en horario de 15:30 a 19:00 horas. Ambas propostas están pensadas para nenos e nenas desde 1º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria, e prestaranse dende o primeiro ata o último día de curso. O alcalde de Trabada, Rubén García, explicou que “continuamos apostando por estas iniciativas de conciliación, que sabemos son esenciais para moitas familias. Por iso, facemos un esforzo constante para manter activos estes servizos, facilitando a organización diaria e contribuíndo a mellorar o benestar da nosa veciñanza”.

O PP alerta dunha situación económica crítica no Concello

O Grupo Municipal do Partido Popular de Trabada expresou a súa “profunda preocupación” pola deriva económica do Concello, tras analizar o Plan Económico Financeiro derivado do incumprimento da estabilidade orzamentaria en 2024, con máis de 236.000 euros de déficit. O voceiro popular, José María Fernández, cualificou a situación de “moi seria” e acusou o goberno socialista de xestión “irresponsable”. Fernández advertiu de que os veciños xa están pagando as consecuencias, como a duplicación da taxa da auga, o incremento do IBI

nun 50% ou a suba na recollida do lixo. Tamén avisou de futuros recortes e posibles eliminacións de axudas a asociacións. Criticou, ademais, o retraso na cesión do centro de saúde á Xunta por non ter separadas as instalacións eléctricas, e o alugueiro dun local para Correos, que podería aforrarse usando espazos municipais. Lembrou que o Consello de Contas xa alertara da situación, e que, malia recibir ingresos históricos, “o Concello está máis endebedado ca nunca”. Por iso, pediu un cambio urxente de rumbo político.

O Concello aposta por mellorar o rural con novas infraestruturas

O Concello de Trabada deu comezo esta semana a dous proxectos estratéxicos que reforzarán a calidade de vida da veciñanza: a construción dun *pump track* no complexo deportivo municipal e dun novo centro social na parroquia da Ría de Abres. Ambas as iniciativas supoñen un investimento conxunto de máis de 246.000 euros, financiados maioritariamente pola Deputación de Lugo mediante convenios de colaboración. No caso do *pump track*, trátase dun circuíto especialmente pensado para a práctica de bicicletas, patíns, monopatíns e outros vehículos sen motor. Este tipo de instalación está deseñada para ser utilizada por persoas de diferentes idades e niveis, desde nenos pequenos ata adultos afeccionados ao deporte urbano. O proxecto conta cun orzamento que supera os 50.000 euros. Segundo explicou o alcalde, Rubén García, “a nosa intención é continuar ampliando a oferta deportiva neste espazo que se converteu nun punto neurálxico do lecer en Trabada. No complexo xa se realizaron importantes investimentos: construíuse unha pista de pádel, unha multideporte, un campo de bolos tradicionais, unha tirolina infantil e tamén se instalou recentemente un novo tobogán. Agora, con este *pump track*, damos un paso máis na aposta polo deporte ao aire libre, accesible e interxeracional”. O alcalde tamén subliñou que esta



obra busca ofrecer alternativas de lecer activas e saudables para a mocidade, ademais de dinamizar un espazo que cada vez conta con máis uso e demanda. “Queremos seguir creando espazos seguros, activos e integradores que contribúan á saúde e á convivencia social, fomentando ao mesmo tempo o desenvolvemento do rural”, apuntou. En paralelo, o Concello tamén iniciou as obras dun novo centro social na parroquia da Ría de Abres, que era ata o momento a única do municipio sen un espazo propio para reunións, encontros e actividades comunitarias. Esta actuación responde a unha demanda histórica da veciñanza e contará cun investimento total de máis de 196.000 euros, dos cales a Deputación achega 190.000 euros e o Concello, algo máis de 6.000 con

fondos propios. Rubén García asegurou que “levamos anos desexando executar este proxecto. Agradecemos á Deputación de Lugo o seu apoio para facer posible esta obra, que sen dúbida marcará un antes e un despois na vida comunitaria da parroquia”. O novo centro permitirá dispoñer dun espazo axeitado para desenvolver actividades sociais, culturais e asociativas, fortalecendo así a cohesión veciñal e dinamizando a vida local. Desde o Concello destacan que ambas as intervencións son “un paso máis na estratexia municipal de dotar todas as parroquias de servizos públicos dignos, modernos e funcionais, reducindo desigualdades e garantindo o acceso equitativo a oportunidades no conxunto do territorio municipal”.

O Valadouro adapta os horarios de verán na Casa da Cultura e no ximnasio municipal

O Concello do Valadouro vén de anunciar novos horarios para dúas das súas principais instalacións municipais: a Casa da Cultura e o ximnasio municipal. Estas modificacións estarán vixentes durante os meses de verán e teñen como obxectivo adaptar os servizos públicos á realidade estacional e ás necesidades da veciñanza. Desde o 1 de xullo, a Casa da Cultura abrirá as súas portas en horario de mañá, de luns a venres entre as 9:30 e as 14:00 horas. Polas tardes, as dependencias permanecerán

pechadas ata novo aviso, coincidindo co período estival. Pola súa banda, o ximnasio municipal, situado na Avenida Deputación, número 3, fronte ao pavillón polideportivo, tamén contará cun horario especial de verán que estará vixente ata o 29 de agosto. Durante este tempo, o centro deportivo abrirá os luns, mércores e venres polas mañás, de 10:00 a 13:00 horas, mentres que pola tarde estará dispoñible de luns a venres en horario continuo de 19:00 a 23:00 horas.

Amado Lar celebrará 40 anos cun reencontro aberto a antigos membros

A Asociación Cultural Amado Lar cumprirá este ano catro décadas de traxectoria e quere festexalo cunha homenaxe moi especial: un acto conxunto no que se convoca a todas aquelas persoas que tocaron, bailaron ou cantaron nalgunha etapa dentro do colectivo. A celebración está prevista para o domingo 31 de agosto, coincidindo coa XXXV edición da Mostra Folclórica, un dos eventos máis emblemáticos organizados pola entidade. “Gustaríanos que fose unha xornada de reencontro, na que poidamos reunir á xente que fixo posible a historia de Amado Lar”,



sinalan desde a organización. Con ese obxectivo, a entidade anima a antigos e actuais integrantes

a sumarse ao grupo de WhatsApp creado para facilitar a coordinación e ofrecer máis información sobre o desenvolvemento do evento. A través desa canle comunicarán horarios, ensaios e demais detalles da xornada. Desde a asociación destacan que o acto busca recoñecer o legado colectivo dunha entidade que, desde 1985, promove a cultura tradicional a través da música, o baile e a convivencia interxeracional. “Amado Lar é máis ca unha asociación: é unha familia que leva 40 anos compartindo tradición, valores e comunidade”, conclúen.

Aprobado o orzamento do 2025 con máis de 3,1 millóns de euros

O Concello de Alfoz deu luz verde en Pleno ao orzamento municipal para o exercicio 2025, que ascende a 3.108.296,98 euros, unha cifra récord que supón un incremento de medio millón de euros respecto ao exercicio anterior.

Este crecemento vén impulsado polo aumento das subvencións finalistas procedentes doutras administracións, o que, segundo o Goberno local, é froito dunha “excelente xestión” e dunha planificación “realista e prudente” que permite manter os investimentos sen recorrer ao aumento de impostos.

A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz, destacou que “é un orzamento que reflicte o compromiso co futuro de Alfoz. Seguimos avanzando en servizos, en infraestrutura e en calidade de vida, sen comprometer a nosa saúde financeira. Non temos débeda e cada euro que entra invístese pensando na veciñanza”.

Un dos puntos fortes do novo docu-

mento económico é o incremento da partida de investimentos, que supera os 1,1 millóns de euros. Entre os proxectos máis destacados figura a mellora da eficiencia no ciclo da auga, cun investimento de 413.059,14 euros, dos cales 372.449,83 serán achegados a través do PERTE de dixitalización do ciclo da auga, un programa financiado con fondos europeos.

Esta actuación permitirá modernizar a rede municipal de abastecemento e reducir perdas hídricas, ao tempo que se promove un uso máis sostible deste recurso esencial.

O novo orzamento tamén consolida o apoio aos programas sociais, como o Servizo de Axuda no Fogar, e mantén as subvencións tanto nominativas como por concorrencia competitiva para asociacións veciñais, culturais, educativas e deportivas. Desde o Concello subliñan que as contas municipais manteñen o equilibrio orzamentario sen acudir

a operacións de crédito, mantendo a débeda en 0 euros. Ademais, prevese a incorporación de remanentes de tesourería ao longo do ano, o que permitirá reforzar partidas ou impulsar novos proxectos.

Precisamente, entre as iniciativas que se financiarán con eses remanentes está a redacción dun PEPRI (Plan Especial de Protección e Reforma Interior) para o núcleo histórico de Castro de Ouro. A elaboración deste plan suporá o primeiro paso para tramitar unha ARI (Área de Rehabilitación Integral), co obxectivo de preservar e rehabilitar este enclave patrimonial.

“A tramitación da ARI é unha das principais aspiracións deste goberno municipal, agora que temos aprobado o Plan Básico Municipal. Queremos poñer en valor o noso patrimonio e facilitar que a veciñanza poida rehabilitar as súas vivendas con apoio das administracións”, afirmou a rexedora.

Carballido prepárase para vivir unhas festas de San Roque cheas de música

A parroquia de Carballido converterase entre o 16 e o 18 de agosto nun dos centros neuráxicos da festa popular na Mariña. A celebración de San Roque 2025 promete tres xornadas intensas de animación, música para todos os gustos e unha churrascada que xa é todo un símbolo na comarca.

O venres 16 de agosto será o punto de partida da festa, cunha sesión vermú a cargo do Grupo Lume, que se encargará de encher de ritmo e alegría o mediodía no adro. Pola noite, o mesmo grupo volverá coller o escenario durante a verbena, nesta ocasión acompañada do DJ Balbin. O sábado 17 a música continuará con forza. O Dúo Belinda será o protagonista da sesión vermú e a verbena nocturna acollerá un dos pratos fortes da fin de semana: a actuación conxunta do Dúo Belinda e da Orquestra Capitol de Bertamirás.

O luns 18 será o día grande da festa. A tradicional macrochurrascada de Carballido, recoñecida xa como un dos momentos máis agardados do verán na zona. A música dese día correrá a cargo da Orquestra Finisterre, e a despedida da festa quedará nas mans da Discomóvil Conxuro, unha das habituais en Carballido, que prometerá estirar a noite ata case o amencer.

Reparado o muro de acceso ao Castelo de Castrodouro



Dende o Concello anunciou a finalización das obras de reparación do muro de contención na subida ao Castelo de Castrodouro, un elemento clave para garantir a seguridade e conservación deste ben patrimonial declarado Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1994. A intervención foi financiada con 35.965 euros procedentes do Plan Deputación Cooperación cos Concellos. A actuación executouse logo de detectar unha bolsa de auga que estaba a provocar danos estruturais no muro. Tras realizar o estudo técnico necesario, procedeuse á súa consolidación e estabilización.

“Era unha actuación urxente e prioritaria. Grazas á axilidade dos traballos conseguimos re-

matalos antes da celebración do Mercado Medieval, garantindo así o acceso seguro á veciñanza e visitantes”, destacou a alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda.

Como parte dunha segunda fase de melloras, o Concello tamén avanzou que se acometerá a impermeabilización da canaleta da fortaleza. O obxectivo é evitar futuras filtracións de auga e seguir avanzando na preservación dun dos principais elementos patrimoniais do municipio.

Estas actuacións, sinalan desde o Goberno local, evidencian o compromiso do Concello de Alfoz coa protección e posta en valor do seu patrimonio histórico, así como co impulso do turismo cultural na comarca.

Comezan os trámites para declarar a Festa dos Chóferes de Interese Turístico Galego



O goberno local deu comezo ao expediente para solicitar que a tradicional Festa dos Chóferes sexa recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia. Despois desta edición xa se preparan para conmemorar o 60 aniversario dunha festa que vai máis alá do festivo e que se consolidou como emblema cultural da comarca da Mariña Lucense.

A alcaldesa e concelleira de Turismo, Efigenia Maseda, destaca que esta celebración “non é só unha homenaxe aos condutores, senón un acto colectivo que reflicte a nosa historia e fortalece o sentido de comunidade”. Lembra que durante seis décadas foron os propios veciños e veciñas quen mantiveron viva esta cita “que forma parte da nosa alma como pobo”.

A festa, organizada pola Asociación

Cultural e Xuvenil O Castelo, mestura tradición relixiosa con animación musical, incluíndo misas, verbenas e unha singular procesión automobilística que percorre todas as parroquias do municipio. Este desfile de vehículos, moitos deles decorados para a ocasión, remata cunha emotiva bendición na igrexa de San Pedro de Mor, mantendo viva unha tradición iniciada en 1965.

O Concello destaca que a declaración de Interese Turístico permitiría reforzar a proxección da festa e garantir apoio institucional, contribuíndo á súa protección e difusión fóra da comarca. “É unha oportunidade para dar visibilidade ao traballo silencioso de moitas persoas e poñer en valor o que levamos construído entre todos”, afirma Maseda.

Alfoz Limpo limpa as estradas e cunetas do municipio

O colectivo Alfoz Limpo volveu saír á rúa co obxectivo de mellorar o aspecto das estradas do municipio e contribuír á protección do entorno natural. Nesta ocasión, a actuación centrouse nas cunetas das vías, onde un grupo de persoas voluntarias percorreu diferentes tramos para retirar os residuos que, ao longo do tempo, foran quedando acumulados.

Ao longo da mañá, a veciñanza recolleu plásticos, latas, botellas, ferralla e outros refugalloos que non só deterioran a imaxe da paisaxe rural, senón que tamén supoñen un risco ambiental para a flora, a fauna e os cursos de auga próximos.

Desde o colectivo lembran que “o lixo non aparece só: alguén o deixa”, unha mensaxe clara que busca fomentar a responsabilidade individual e a necesidade de cambiar hábitos de comportamento. “Entre todas e todos podemos facer que desapareza”, engaden, apelando á colaboración cidadá para manter o



municipio limpo durante todo o ano. A organización fixo público o seu agradecemento ás persoas participantes, destacando a súa entrega e o seu compromiso. Ademais, animaron a toda a veciñanza a sumarse ás vindeiras xornadas de limpeza, que se anunciarán proximamente. “Con pequenas accións como esta, en Alfoz demostramos que a implicación cidadá é clave para avanzar cara a un futuro máis sostible”, subliñaron.

Novo sendeiro litoral entre Os Castelos e a praia de Fomento



O Vicedo conta cun novo sendeiro peonil que une Os Castelos coa praia de Fomento, unha actuación que supón a recuperación da antiga servidume de tránsito e a posta en valor da contorna costeira deste enclave da Mariña lucense. O trazado, de 395 metros de lonxitude, foi deseñado para garantir a accesibilidade mediante pendentes suaves e un percorrido completamente integrado na paisaxe. A actuación, executada polo Servizo Provincial de Costas, supuxo un investimento de preto de 400.000 euros. Pedro Blanco, delegado do Goberno en Galicia, incidiu na importancia desta intervención para

reforzar a conexión entre dous dos espazos máis representativos do Vicedo, recuperando un antigo paso costeiro e ofrecendo á cidadanía un novo espazo para o paseo e o desfrute da natureza. “Estamos a falar dun investimento que non só potencia o turismo, senón que tamén contribúe á conservación do litoral”, sinalou. O novo percorrido, de dous metros de ancho medio, favorece a mobilidade peonil nunha contorna de gran interese ambiental, mellorando o acceso á costa e permitindo aos visitantes gozar da riqueza paisaxística da zona con seguridade e comodidade.

O PSdeG pide medidas urxentes para previr incendios forestais

O grupo municipal do PSdeG-PSOE do Vicedo presentará no próximo pleno unha moción centrada na prevención de incendios forestais, ao tempo que fai balance da primeira fase da súa campaña participativa Escoitámosvos, co obxectivo de fortalecer a conexión coa veciñanza e dar resposta ás súas inquedanzas. En canto á moción, os socialistas propoñen intervir de maneira decidida sobre as parcelas que se atopan sen limpar nas inmediacións das vivendas, un feito que —segundo indican— está a xerar “preocupación crecente” entre a poboación, especialmente durante os meses de verán. “A acumulación de maleza nas fincas próximas aos núcleos habitados provoca alarma, e non podemos quedar de brazos cruzados”, sinalan. O PSdeG lembra que a normativa galega obriga a limpar as parcelas situadas a menos de 50 metros de calquera vivenda antes do 31 de maio. Por iso, instan ao Concello a notificar formalmente ás persoas propietarias sobre estas obrigas e a establecer prazos claros. De non producirse a limpeza, propoñen activar a xestión subsidiaria mediante o convenio existente con SEAGA, vixente desde



2019, repercutindo os custos ás persoas responsables. A iniciativa tamén contempla campañas anuais de sensibilización para implicar á cidadanía na loita contra os lumes. “Manter limpas as parcelas é unha responsabilidade colectiva. A prevención non pode depender unicamente da vontade individual”, subliñan. Ao tempo, a agrupación socialista vén de rematar a primeira etapa da súa campaña Escoitámosvos, coa que percorreu seis parroquias —Mosende, San Román do Val, Riobarba, Cabanas, Suegos e Negradas— para manter encontros presenciais coas veciñas e veciños. Durante estas reunións, recolléronse propostas e

demandas que serán analizadas e trasladadas aos plenos ou ás administracións competentes. “Gobernar tamén significa saber escoitar”, insisten desde o PSdeG, que cualifican os encontros como “próximos e construtivos”. A derradeira reunión desta fase celebrouse o domingo 27 de xullo, e serviu para facer balance e reforzar un proxecto político construído “coa xente e desde abaixo”. Os socialistas aseguran que seguirán traballando con humildade e compromiso, apostando por unha forma de facer política centrada “nas persoas, na escoita constante e na acción”.

vegadeo

Convocado o V Premio “Ría del Eo”

O Concello acaba de abrir a convocatoria da quinta edición do Premio de Poesía “Ría del Eo”, unha iniciativa que pretende recoñecer a creación literaria en galego-asturiano e contribuír á preservación e dignificación desta lingua propia do occidente asturiano. O certame está dirixido a todas as persoas maiores de idade que non teñan vinculación coa organización e permíte presentar ata tres poemas orixinais e inéditos por autor ou autora. O prazo para entregar as obras estenderase ata o 1 de setembro de 2025. Os textos deberán estar escritos en galego-asturiano, conforme ás Normas Ortográficas de 2007, e non superar os 250 versos. Cada obra presentárase sen asinar, identificada cun lema ou pseudónimo, e acompañada dun sobre pechado que conteña os datos da persoa participante. O galardón consistirá nun premio único de 1.500 euros. O fallo do xurado darase a coñecer no mes de outubro e será inapelable. A entrega do premio celebrárase nun acto público durante o mes de novembro.

Vegadeo intensificará a vixilancia sobre solares e edificacións en mal estado

O Goberno local vai comezar un plan intensivo para garantir a limpeza e o mantemento adecuado de solares, fincas e edificacións en todo o termo municipal. A iniciativa chega tras a finalización do período de exposición pública da nova ordenanza municipal que regula estas obrigas e ten como obxectivo asegurar un entorno urbano máis seguro, hixiénico e coidado. Segundo anunciou o alcalde, César Álvarez Fernández, o consistorio procederá a realizar inspeccións técnicas e a emitir requirimentos individuais aos propietarios para que, dentro dun prazo determinado, acometan as tarefas de limpeza, peche ou rehabilitación necesarias. En caso de incumprimento, o Concello poderá abrir expedientes sancionadores e incluso executar

os traballos de maneira subsidiaria, repercutindo os custos sobre os titulares. A normativa tamén contempla actuacións específicas en inmobles que poidan supoñer un risco por ruína técnica, económica ou urbanística, os cales poderán ser obxecto de informes e trámites administrativos para a súa declaración formal de ruína e posterior demolición ou consolidación. Desde o Concello faise un chamamento á veciñanza para colaborar coa medida, especialmente aos propietarios de bens inmobles en mal estado, e pídeselles que revisen canto antes o estado das súas propiedades. O obxectivo é contribuír ao mantemento dun Vegadeo limpo e seguro, co respecto debido ao medio urbano e á calidade de vida colectiva.

Carmen e Miguel, proclamados Rei e Raíña de Prata 2025



Vegadeo xa ten nova parella real para o 2025. A asociación cultural Leña Verde vén de anunciar que Carmen Madariaga e Miguel Lombardero serán os encargados de representar a figura do Rei e da Raíña de Prata nas vindeiras festas grandes da localidade, un título honorífico que se converteu nos últimos anos nun dos momentos máis entrañables e agardados do verán. A coroación da nova realeza popular tivo lugar no Soutón, pouco antes do tradicional encontro amigable entre o Vegadeo C.F. e o Ribadeo F.C., e reuniu a numeroso público que non

quixo perderse este acto cargado de simbolismo, recoñecemento e humor. A elección dos Reis de Prata non é só un xesto simbólico: naceu co obxectivo de homenaxear a persoas queridas e activas na vida local, con espírito participativo e moitas ganas de festa. En 2024, Conchita e Domingo foron os protagonistas, cun apoio de 121 e 284 votos respectivamente nun proceso no que participaron preto de 900 persoas. “Deixaron o listón moi alto”, recoñecen desde Leña Verde, pero aseguran que Carmen e Miguel “están máis que preparados para recoller o testemuño”.

Un museo ao aire libre para recoñecérmonos como pobo

Eduardo de Martís impulsa o Museo da Identidade Cultural Galega, unha proposta pioneira para reflexionar sobre quen somos e cara onde imos

Por Ana Somoza.

No lugar de Xestoso, na parroquia de Cabanas, no Concello de O Vicedo, medra unha iniciativa singular chamada a consolidarse como un espazo de encontro, reflexión e orgullo colectivo. Trátase do Museo da Identidade Cultural Galega, un proxecto impulsado por Eduardo de Martís, quen leva máis dunha década madurando a idea e traballando con constancia para facela realidade.

“Foi no ano 2009 cando empezou a coller forma”, explica Eduardo. Naquel momento, unha exposición itinerante sobre a identidade galega percorreu diversos espazos, incluíndo a Semana de Galicia en París e mesmo o Parlamento Europeo en 2010. Tamén tivo percorrido por distintos puntos de Galicia, onde recolleu un interese crecente entre o público. “A exposición quedábase curta en tempo. Vimos que había ganas de afondar, de ir máis alá, e iso foi o que nos fixo ver que había un camiño por abrir”, sinala.

ESPAZO SIMBÓLICO. Ese camiño conflúe agora nun prado próximo ao Teatro das Cortes, onde se ergue este museo ao aire libre, pensado para estimular a memoria colectiva e fomentar o coñecemento de nós mesmos como pobo. “A proposta está situada nunha pradeira en Xestoso, desde onde se pode contemplar unha instalación a ceo aberto que ofrece unha representación da identidade cultural galega contemporánea”, explica o seu impulsor. Esa representación está conformada por trinta fotografías dispostas como un bosque simbólico, que Eduardo define como “fitos da nosa identidade”.

INFANCIA E FUTURO. Ademais dese percorrido visual, haberá unha carpa destinada a exposicións temporais e monográficas que dean visibilidade a referentes do presente galego. O terceiro espazo da proposta está pensada especialmente para os máis novos: unha actividade de procura de valores identitarios agochados na contorna, deseñada como unha especie de xogo didáctico que pretende axudar ás crianzas a orientar o seu porvir. “É unha maneira de implicar á infancia e de ofrecerlles ferramentas para

recoñeceren as súas raíces”, afirma. O museo non busca tanto conservar como inspirar. Segundo explica Eduardo, o obxectivo principal non é outro que “difundir a identidade cultural galega e amosar testemuñas de como nos inflúe esa identidade en aspectos coma a integridade, a autoestima ou os camiños de futuro”. A súa visión é clara: sen coñecemento e orgullo da propia identidade, é difícil construír unha sociedade cohesionada e segura de si mesma.

DIVERSIDADE E IDENTIDADE. Preguntado polo concepto de identidade cultural galega, responde sen titubeos: “É aquilo que nos define e nos constitúe como comunidade. Aquilo que conforma o noso imaxinario colectivo”. Para el, a identidade galega non

cia de “evidencias tan ricas como o noso patrimonio material e inmaterial”, e lamenta que moitas veces esa riqueza pase desapercibida ou non sexa suficientemente valorada. Por iso, defende que a máxima do museo debe ser a diversidade: “Queremos reflectir a riqueza que temos ao noso carón, darlle visibilidade e facer que a xente a recoñeza como propia”. A proposta conta cun forte componente simbólico, mais tamén cunha vocación práctica e transformadora. Eduardo insiste en que non se trata só dun proxecto cultural, senón tamén social e educativo. “Temos que ser conscientes de que a identidade inflúe nas nosas vidas cotiás. Axúdanos a saber quen somos, de onde vimos e onde podemos chegar”, afirma. E engade: “Un pobo que perde o seu referente identitario

“O obxectivo principal do proxecto é divulgar a identidade cultural galega e mostrar como inflúe na nosa integridade, autoestima e porvir”

“A proposta nace nun paraxe moi simbólico e cargado de significado: unha pradeira no Xestoso, con vistas que nos conectan co noso pasado, presente e futuro”

se limita ao plano cultural, senón que se manifesta tamén no eido económico, nas oportunidades e retos que presenta o territorio, e no social, marcado por un envellecemento da poboación pero tamén polo fenómeno dos novos poboadores que escollen Galicia como fogar. No cultural, subliña a importan-



é un pobo que se desorienta”. A día de hoxe, o proxecto camiña con recursos propios e grazas á colaboración desinteresada de moitas persoas. “Partimos dun enfoque orgánico. É dicir, apoiámonos nos nosos propios medios e nas achegas que nos van chegando de persoas e entidades”, explica. Ao mesmo tempo, están



a traballar na creación dunha base de posibles colaboracións futuras, tanto a nivel institucional como asociativo. Iso si, queren manter un diálogo aberto con todos os axentes do territorio. “Queremos escoitar, compartir e construír de forma colectiva”, apunta.

PARTICIPACIÓN. O museo tamén terá unha intensa programación

obradoiros estarán orientados a distintos públicos e buscarán fomentar a participación activa, a reflexión e a creación colectiva. A proposta chega nun momento especialmente delicado para a cultura galega, ameazada pola globalización, a homoxeneización cultural e a perda de referentes locais. Neste contexto, Eduardo recoñece que iniciativas coma esta poden ter un papel relevante como forma de resistencia. “Esta valoración terá que facela cada quen; mesmo o tempo o dirá”, comenta. Iso si, lembra que a imaxe tomada o día da inauguración da primeira instalación “fala por si soa” e reflicte a forza simbólica que pode ter unha proposta coma esta. A reflexión sobre a identidade non é para el un exercicio nostálgico nin académico, senón unha necesidade vital. “Podemos ter autoestima ou integridade se viramos as costas á nosa identidade?”, pregúntase. A resposta está implícita na pregunta, mais tamén nas accións concretas que está a desenvolver.

MIRADA AO PORVIR. O Museo da Identidade Cultural Galega, que xa abriu as súas portas nunha primeira fase, quere converterse nun faro que ilumine o noso pasado para entender o presente e proxectar o futuro. Eduardo asegura que non é un museo para mirar cara atrás, senón para mirar cara dentro. “A identidade é unha chave que abre portas, non unha carga que nos limita”, conclúe. Neste tempo en que todo parece acelerarse e despersonalizarse, proxectos coma este recordan que a cultura non é só o que herdamos, senón tamén o que decidimos construír. Desde unha pradeira no corazón do Vicedo, un bosque de imaxes, voces e símbolos comeza a medrar para axudarnos a recoñecernos e seguir camiñando como pobo.

paralela, con visitas guiadas, obradoiros e actividades educativas que permitirán implicar á veciñanza e dar continuidade ao traballo iniciado. “O Teatro das Cortes xa conta cun público importante, e pensamos que é unha oportunidade perfecta para colaborar na cohesión sociocultural da zona”, afirma Eduardo. Os

Aprobada de forma definitiva a nova ordenanza da recollida de residuos

O Concello xa ten en vigor a nova ordenanza fiscal que regula a taxa polo servizo de recollida de lixo. A normativa establece diferentes tarifas anuais en función do tipo de vivenda ou negocio. Os domicilios familiares e os aloxamentos turísticos con capacidade inferior a dez prazas deberán aboar 178,23 euros. Pola súa banda, as vivendas localizadas en zonas rurais terán unha cota reducida de 142,59 euros. Os establecementos de hostalaría e hospedaxe tamén contan con tarifas específicas. Así, hoteis e apartamentos deberán pagar 477,42 euros, mentres que pensións, casas de hóspedes, colexios e centros de natureza pagarán 238,75 euros ao ano. Os bares e cafeterías sitúanse nesta mesma franxa, mentres que as tabernas terán unha cota anual de 144,39 euros. En canto ao sector da alimentación, os supermercados e almacéns de froita ao por maior deberán aboar 478,35 euros, mentres que as pescaderías e carnicerías terán unha taxa de 238,75 euros anuais.

O BNG critica o peche da Oficina de Turismo e o abandono de servizos básicos

O BNG de Lourenzá denunciou que a Oficina de Turismo do municipio continúa pechada en pleno verán por falta de persoal, unha situación que cualifican de “deixadez absoluta” por parte do goberno local. A portavoz municipal, Belén Fanego, advertiu de que a traballadora encargada do servizo acolleuse ao seu permiso legal, pero o Concello non tomou medidas para garantir a atención aos visitantes e peregrinos que nestas datas chegan á vila. “Non é de recibo que Lourenzá, cun patrimonio tan valioso, teña a oficina de turismo pechada precisamente cando máis falta fai”, sinalou. Fanego preguntouse se o Concello conta cunha bolsa de emprego ou se activou algún procedemento ante o Servizo Público de Emprego para cubrir a baixa. A formación nacionalista esixe a recuperación inmediata do servizo e maior responsabilidade na xestión turística e administrativa. Tamén critican que outros servizos esenciais, como o de Correos, repiten os problemas do ano pasado, agora estendidos no tempo, e de-



nuncian o abandono do municipio nun momento de máxima afluencia. A veciñanza lamenta que o goberno local escude a súa inacción na suposta falta de apoio da Xunta ou da Deputación, mentres se acumulan tarefas sen facer, como a limpeza viaria ou o mantemento de espazos públicos. “Só fai falta darse unha volta polo concello para ver o estado de abandono de áreas de lecer e infraestruturas que poderían ser un gran reclamo turístico”, conclúen.

Mar Ferreiro levará a poesía laurentina ao ciclo Lugopoética

A poeta Mar Ferreiro Rozas, natural de Lourenzá, será unha das protagonistas do ciclo poético Lugopoética 2025, unha proposta cultural que converterá Lugo nun escenario para a reflexión e o diálogo arredor da poesía galega durante o derradeiro trimestre do ano. A escritora participará escenario o 16 de outubro con Lucía López Cancio e Gustavo E. Díaz Rey, nun encontro a tres voces no que se lerán versos e se debaterá sobre o proceso creativo. Este evento forma parte do programa organizado pola UNED de Lugo, que se desenvolverá ao longo de seis xoves entre outubro e decembro. As sesións, cun formato bautizado como “Paso a dous”, buscan poñer en valor o traballo de autores e autoras vencellados entre si a través da súa obra ou da súa traxectoria vital. As citas terán lugar presencialmente na sede da UNED e tamén se poderán seguir en directo a través da súa canle de YouTube, ofrecendo así unha alternativa accesible a todos os públicos. A programación arrancará o 2 de outubro coas intervencións de Carmen Blanco García e Claudio Rodríguez Fer, e continuará tras o encontro no



que participará Ferreiro con catro citas máis: o 30 de outubro con Ana Vila Portomeñe e Paco Ledo; o 13 de novembro con Manuel Regal Ledo e Xosé Antón Miguélez Díaz; o 27 de novembro con Xoan Neira e Xosé Carlos Ulloa García; e, por último, o 11 de decembro, día no que se pechará o ciclo con Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes. Desde a UNED subliñan que Lugopoética 2025 pretende achegar o mundo da poesía tanto a lectores habituais como a persoas que se inicien no xénero, combinando a lectura de versos coa reflexión crítica. O acceso a todos os encontros será libre e gratuito.

ourol

A Xunta avala a repotenciación do parque eólico en Oourol

A Xunta de Galicia vén de declarar a utilidade pública, en concreto, o proxecto de repotenciación do parque eólico de Muras, promovido por Iberdrola Renovables Galicia, S.A., que se sitúa nos concellos de Muras e Oourol (Lugo). A resolución, asinada pola Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, tamén reconece a compatibilidade do proxecto cos aproveitamentos forestais e cos dereitos mineiros existentes na zona. O acordo, aprobado polo Consello da Xunta o 19 de maio de 2025, permitirá a modernización das instalacións do parque, garantindo ao mesmo tempo o respecto polas masas forestais de montes veciñais afectados e polos dereitos mineiros da concesión LU/C/05386 Marisa Rega Fracción 1ª. Durante a tramitación realizouse o proceso de información pública e a audiencia ás comunidades de montes de Espenucas, Algosas, Couteiro, Pico de Paredes e Costa de Cebrán (Sixto), así como Serra de Loibán, Costa de Cebrán, Lombas e Pico o

Raso (Oourol). Segundo consta no expediente, estas comunidades non presentaron alegacións ao proxecto. A repotenciación do parque eólico de Muras enmárcase na aposta de Galicia pola transición enerxética e a modernización das infraestruturas renovables existentes, co obxectivo de incrementar a eficiencia, reducir o impacto ambiental e garantir o abastecemento de enerxía limpa. O proxecto cumpre coas distancias mínimas a núcleos de poboación e conta coa declaración de impacto ambiental favorable emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, incorporando as medidas correctoras e de seguimento necesarias. A autorización outorgada pola Xunta inclúe a compatibilidade con dereitos mineiros e forestais, garantindo que a execución das infraestruturas non interfira nos usos actuais, ao tempo que se compromete ao mantemento da rede de camiños principais de acceso ao parque, fundamentais para a veciñanza e os gandeiros da zona.

riotorto

Riotorto contará cunha mellora no trazado da estrada LU-P-5501 en Ferreiravella



A parroquia de Ferreiravella verá mellorado o trazado da estrada provincial LU-P-5501 grazas a unha intervención financiada pola Deputación de Lugo, que vén de adxudicar as obras por un importe superior aos 60.000 euros. Trátase dunha actuación puntual pero estratéxica, que permitirá reforzar a seguridade viaria nun tramo que presenta problemas debido á súa configuración actual. Segundo informou a voceira do Goberno provincial, Pilar García

Porto, as obras centraranse na corrección de dúas curvas localizadas nos puntos quilométricos 4,965 e 5,765, respectivamente. Estes dous treitos da vía, que conecta Meira con Riotorto, serán obxecto dunha remodelación que inclúe traballos de desmonte, nova pavimentación e balizamento. O prazo de execución previsto para esta mellora é de tres meses a partir do inicio das actuacións. O obxectivo é facilitar a condución e reducir o risco de accidentes.

A Confederación do Cantábrico realiza labores de limpeza no cauce do río Turia

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico iniciou os traballos de mantemento, conservación e mellora no leito do río Turia nas inmediacións de Piñeiro. Estas actuacións contan cun orzamento inicial de 6000 euros e execúntanse ao longo de 300 metros de leito, co obxectivo de retirar árbores caídas e outros restos vexetais, co fin de evitar a formación de tapóns e manter a capacidade de desaugadoiro do leito. Os traballos realízanse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, xa que nas zonas urbanas os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos. Durante o pasado ano 2024 investíronse en Lugo 371.438,36 euros repartidos en 34 actuacións en 13 municipios.

DEPUTACIÓN

Aprobada a reclamación para manter os servizos sanitarios no rural no verán

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes en sanidade, que manteña os servizos médicos nos consultorios do rural da provincia durante o verán e que active un plan de choque para evitar peches e redución nos horarios de atención. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo tras unha proposta de Goberno que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP.

Explicou o Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria, que “temos hoxe moitos consultorios pechados, xustamente durante o verán que é cando máis xente hai”. Enmarcou a iniciativa “no compromiso da institución cos servizos públicos universais e de calidade, especialmente coa sanidade” da institución provincial, considerando os recortes “un sin sentido que vai en contra do traballo que todos facemos para consolidar a provincia como un destino turístico sostible e atractivo”.

Nesa mesma liña, a Deputada pola Chaira, Marisol Morandeira, engadiu que a Xunta “consigue facer realidade algo máis difícil aínda: empeorar máis a deficiente atención sanitaria que reciben os galegos e as galegas”. Explicou que ás eivas tradicionais



de longas listas de espera, déficit de persoal, e aos problemas crónicos en urxencias e atención primaria, ou a “sanidade de segunda” no rural, “se suman coma sempre os recortes de verán”, que provocan unha descompensación maior, posto que se trata dunha época do ano no que tamén se incrementa a poboación.

Morandeira citou ao Conselleiro de Sanidade, que anunciou o peche do 8,3% das camas hospitalarias no verán e tamén “dalgún consultorio, como todos os anos” e lamentou que na provincia de Lugo, “como resultado do desmantelamento das áreas sanitarias de Monforte de Lemos e A Mariña, a porcentaxe de

camas hospitalarias pechadas será do 11,5%; máis de tres puntos por encima da media galega”.

Detallou a deputada que en Guitiriz, os recortes extra de verán van supoñer o peche, “probablemente por tres meses”, do consultorio de Parga. Tamén que cerren os de Doiras, no concello de Cervantes, ou o de Castro de Rei, que desde a pandemia non recuperaron o horario normal de luns a venres. Na Mariña, o consultorio de Cervo e Centro de Saúde de San Cibrao compartirán unha única médica.

O texto da proposta recolle, ademais, instar á Xunta de Galicia a apertura dos consultorios de Par-

ga, Doiras e Castro de Rei, coa recuperación dos seus horarios habituais; a recuperación dos servizos e ampliación de horarios no consultorio de Cervo e no Centro de Saúde de San Cibrao; e a substitución de todas as prazas de medicina de familia que se atopan sen cubrir por xubilación en Oural, O Valadouro, Ribadeo, Trabada, Viveiro, Xove e naqueles centros nos que existe ausencia de profesionais sanitarios, como no caso do Vicedo ou Riotorto.

A voceira do grupo provincial do BNG, Iria Castro, volveu poñer o foco na escaseza de profesionais de medicina de familia e pediatría en numerosos centros de saúde da provincia de Lugo. Advertiu de que o plan da Xunta para o verán “volta a basearse na precarización dos médicos residentes, que exercen sen unha supervisión clara, e na prolongación voluntaria das xornadas laborais”. Fixo unha crítica irónica ao respecto: “¿Están preparando un festival ou xestionando a sanidade pública galega?”, preguntouse.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS. A Corporación Provincial acordou na sesión plenaria dúas Declaracións Institucionais: unha delas realizada con motivo do Día Internacional con-

tra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos -que se celebrará o vindeiro 23 de setembro-; e outra na que a institución provincial pon de manifesto o “firme compromiso” de acadar unha sociedade baseada no respecto a lei e a convivencia. Todos os grupos políticos con representación na Deputación de Lugo -PSdeG, BNG e PPdeG- acordaron aprobar ambos textos que pretenden erradicar calquera forma de violencia, discriminación e odio, e promover unha sociedade inclusiva e segura baseada na igualdade e nos dereitos humanos.

Ademais, a Deputación tamén amosa o seu apoio ás políticas públicas que protexen ás vítimas, fomentan os valores educativos e fortalecen a cohesión social. Así mesmo, pon en valor a importancia de manter unha colaboración activa entre as administracións locais, as forzas de seguridade e a sociedade civil para construír un entorno libre de explotación, racismo e calquera forma de discriminación.

No mesmo pleno, o PSdeG non logrou sacar adiante a moción na que pedía que Elena Candia, presidenta provincial do PP, deixase a política e pedise desculpas ás persoas afectadas pola Operación Pulpo, na que foi investigado o socialista José Ramón Gómez Besteiro, expresidente da Deputación. O BNG optou pola abstención, algo que o voceiro do PP, Antonio Ameijide, interpretou como “a soidade política de José Tomé”, ao que instou a dimitir directamente.

Licitadas as prestacións básicas de Centros de Atención a Maiores

A Xunta de Goberno aprobou a licitación dos contratos para a prestación dos servizos básicos nos 9 Centros de Atención a Maiores que a institución provincial ten en funcionamento por un importe conxunto de case 7 millóns de euros. Así o avanzou a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que “a duración do contrato será dun ano prorrogable por outras tres anualidades máis”.

Nestes contratos inclúese a cobertura na área de formación básica e instrumental, en actividades e programas, e tamén en servizos xerais para a promoción da autonomía persoal e a atención aos usuarios e usuarias como alimentos, bebidas, produtos de hixiene, etc. Ademais, inclúense os custos derivados da contratación de persoal necesario para dar cobertura a este tipo de prestacións: persoal de limpeza,



persoal de cociña e xerocultores e xerocultoras.

García Porto avanzou que son preto de 7 millóns de euros de orzamento que se licitan en contratos individuais para cada centro. “Estas cifras dan conta do gran esforzo investidor que estamos a facer para manter os

centros de atención a maiores que puxemos en marcha desde a institución provincial. Asegurando así os mellores coidados e as mellores condicións de vida e de benestar dos 293 usuarios e usuarias que atendemos nos nosos centros”, recalcou a voceira



Apoio a Raiolas Lugo

A nova xunta directiva da Asociación Raiolas Lugo, entidade que agrupa a pais, nais e persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e trastornos de comunicación social, foi recibida polo presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca.

Durante o encontro, Tomé Roca salientou os 25 anos de labor “tan fundamental como necesario” que Raiolas Lugo leva desenvolvendo na atención das persoas con TEA e as súas familias. “Co seu traballo diario

tratan de mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias, buscando a súa plena integración familiar e social”, subliñou o mandatario provincial.

O presidente destacou a estreita colaboración entre a Deputación de Lugo e Raiolas, que se plasma en proxectos como a gala solidaria Diez Raz10nes ou no apoio ao Centro de Día da entidade, cuxo local foi cedido e acondicionado pola institución provincial.

MAR

Preocupación na Confraría de Celeiro polos actos vandálicos

A Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Celeiro, no porto de Viveiro, amosa a súa alarma ante os actos vandálicos reiterados que están a afectar o seu emblemático edificio, que forma parte do patrimonio cultural de Galicia. Esta sede social, que simboliza a historia e a identidade da comunidade mariñeira local, sofre danos que a entidade quere frear con medidas contundentes.

O edificio actual, proxectado en 1928 polo enxeñeiro Salvador Pernas Soto e inaugurado en 1932, destaca polo seu estilo tardo-modernista e forma parte do Plan Básico Autonómico do patrimonio cultural galego. Desde a Confraría, presidida por Domingo Rey, lembran que se trata dun ben protexido polo Consello Territorial de Patrimonio Histórico de Lugo.

Segundo explican, cada ano repítese actos vandálicos que ensucian con area e manchas os cristais e as escaleiras que dan ao mar e á praia, especialmente por parte de persoas que se bañan na zona, so-



bre todo nenos e mozos. “O edificio está cheo de ‘pegotes’ de area nos seus cristais, paredes e escalinatas”, denuncian, facendo fincapé na importancia de preservar este ben histórico.

Para facer fronte a esta situación, a Confraría non descarta “tomar medidas contundentes”, como colocar sinais preventivas ao redor do edificio e solicitar o apoio das forzas de seguridade para que se intensifiquen as vixilancias e se eviten novos danos.

Ademais, a entidade presentou un proxecto para obras de conserva-

ción e mantemento do inmobile, cun orzamento de máis de 384.000 euros, co obxectivo de garantir a súa preservación sen modificar as súas características esenciais, e conta co informe favorable da dirección xeral de patrimonio cultural.

A Confraría fai un chamamento á responsabilidade e á protección do patrimonio local, recordando que este edificio non só é un punto de referencia para os mariñeiros de Celeiro, senón tamén un ben cultural da comunidade galega que merece ser respectado e coidado.

A CIG alerta da “desprotección” da costa de Ribadeo ante o narcotráfico

O sindicato CIG vén de denunciar a situación de “desprotección” na que se atopa a costa galega, e especialmente a zona de Ribadeo, na loita contra o narcotráfico debido á inoperatividade dos medios do Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA). A central sindical advirte de que o buque con base en Ribadeo permanece parado por motivos de seguridade tras detectarse amianto a bordo, unha situación que tamén afecta á embarcación de Muros.

Segundo a representación sindical da CIG na Axencia Tributaria (AEAT), as dúas embarcacións xa duplican a súa vida útil máxima e están “obsoletas”, polo que foron retiradas do servizo por risco para a saúde e seguridade do persoal. Ao mesmo tempo, o helicóptero con base en Vigo —único dispoñible para cubrir toda a costa galega e a cornixa cantábrica— leva máis de cinco meses fóra de servizo por reparacións, sen que se coñeza a data do seu retorno.



“Con este panorama está claro que se lles están dando moitas facilidades aos narcos para que leven a cabo a súa actividade ilegal”, sinala a CIG, que reclama á dirección do SVA “a adopción das medidas necesarias para que tanto as bases de Ribadeo e de Muros como a base aérea de Vigo estean operativas á maior brevidade posíbel”.

A central tamén se opón á posibilidade de substituír os buques galegos por outros barcos retirados do servizo noutras bases do Estado, especialmente en

Andalucía. “Non vale que manden para Galiza embarcacións coa súa vida útil esgotada para navegar pola costa galega e, no caso concreto de Muros, pola Costa da Morte”, advirten. Desde a CIG insisten en que a falta de medios materiais e humanos do SVA supón un grave risco para a eficacia na loita contra o narcotráfico, particularmente en puntos como Ribadeo, que queda sen cobertura marítima nun contexto de elevada actividade ilícita nas rutas costeiras.

Por Nuestro Faro denuncia a prórroga “opaca” da concesión da illa Pancha



A asociación veciñal Por Nuestro Faro vén de denunciar publicamente a recente prórroga da concesión da illa Pancha, aprobada sen previo aviso e sen ofrecer resposta ás múltiples peticións de información remitidas á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. A noticia, que saltou aos medios coincidindo co Ribadeo Indiano, confirma a continuidade da explotación privada do emblemático faro durante cinco anos máis, en condicións que a entidade considera “irregulares” e “opacas”.

Desde a asociación lembran que esta non é a primeira vez que a illa queda excluída do acceso público. En 2015, Xunta, Concello e Autoridade Portuaria presentaron conxuntamente un proxecto para pechar o recinto ao público e destinalo a uso hostaleiro. Segundo denuncian, a concesión inicial foi tramitada sen concurso público, a través dunha adxudicación directa a Eirobra, a empresa promotora, cuxa xestión foi reprobada en dúas ocasións mediante a bandeira negra outorgada por Ecoloxistas en Acción.

O colectivo asegura que durante esta década a falta de información oficial e a opacidade institucional impediron calquera tipo de protes-

ta efectiva. Como exemplo, apuntan á licenza da cafetería, concedida sen publicidade durante o confinamento, ou ao acceso restrinxido á illa, que non se permitiu ata a apertura do negocio hostaleiro. Aínda que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recoñeceu en 2022 o dereito da cidadanía a acceder á illa, esta ilegalidade prolongouse institucionalmente durante sete anos.

Por Nuestro Faro critica que a día de hoxe o espazo segue carecendo dun plan de protección ambiental, incumprindo así a normativa vixente sobre zonas ZEC e ignorando os informes do Defensor del Pueblo, que recomenda suspender calquera actividade ata contar cos preceptivos estudos ambientais. En palabras do colectivo, “a prolongación da concesión confirma o desleixo das institucións fronte á defensa do patrimonio natural e o dereito á participación cidadá”. Para a asociación, o mantemento dun acceso limitado, sometido aos horarios dunha empresa privada, “non resolve a situación nin garante a protección da illa Pancha”, un enclave que segue en situación de desprotección e “nunha irregularidade institucional asumida e consentida desde hai unha década”.

SEGURIDADE MARÍTIMA



A Confraría de Pescadores de Burela vén de pechar con éxito unha nova edición do curso de Formación Básica en Seguridade Marítima, unha iniciativa que permite aos participantes dar os primeiros pasos cara ao embarque profesional no sector pesqueiro.

Investigación mariña con acento lucense e de impacto global

A investigadora lucense María García Portela identifica unha nova microalga mariña, cunha morfoloxía única e sen precedentes científicos en Galicia

Por Ana Somoza.

Unha teca con forma de repolo, un nome en latín e moita emoción científica. A investigadora María García Portela describe *Thecadinium brassicum*, unha nova microalga atopada na praia do Vao, que engade unha peza ao complexo crebacabezas da biodiversidade mariña.

ORIXE DO ACHADO. A historia comezou entre os grans de area da praia do Vao, en Vigo, durante unha campaña de recollida de sedimentos enfocada no estudo dos dinoflaxelados bentónicos. A investigadora lucense María García Portela, integrante do departamento VGOHAB do Instituto Español de Oceanografía, relata que foi nese lugar onde, ao observar as mostras ao microscopio, viron algo que non cadraba: “Tiña unha morfoloxía moi particular, non se parecía a nada coñecido”.

Segundo explica, nese momento comezaron a sospeitar que podía tratarse dunha nova especie. A primeira reacción foi de cautela. “Nestes casos hai que ser moi prudente”, asegura. Iniciaron un proceso metódico para confirmalo: “Realizamos unha análise xenética comparando rexións do seu ADN ribosomal coas doutras especies coñecidas”. A iso sumaron unha descrición morfolóxica detallada, empregando tanto microscopía óptica como electrónica. Finalmente, todo apuntaba ao mesmo: estaban ante unha especie descoñecida para a ciencia.

FORMA E NOME. Cando chegou o momento de darlle nome, a forma do organismo inspirou a elección. “O máis distintivo é a teca na zona apical, que lembra un pouco a un repolo”, explica Portela. Ese foi o motivo de escoller o nome *Thecadinium brassicum*, facendo referencia ao xénero das brassicaceae.

Non só a teca resultaba particular. O patrón das placas que conforman a súa cuberta tamén era único, e o cingulo —a especie de “pescozo” da célula— presentaba un lixeiro desprazamento ascendente con respecto a especies próximas como *T. kofoidii* ou *T. pseudokofoidii*. Curiosamente, engade a investigadora, “os exemplares recollidos en Galicia resultaron ser algo máis pequenos ca os recollidos posteriormente en Cataluña”. Atribúe esa diferenza a factores ambientais: temperatura, salinidade ou tipo de sedimento.

IMPORTANCIA CIENTÍFICA. Descricións coma esta non son só cuestións taxonómicas. Para Portela,

cada nova microalga descuberta “é unha peza máis no grande crebacabezas da biodiversidade mariña”. Subliña o papel esencial que xogan estes organismos: “Producen osíxeno, forman parte da base da cadea alimentaria e poden ter aplicacións ecolóxicas, médicas ou industriais”. Neste caso concreto, *Thecadinium brassicum* non representa ningún risco para a saúde humana. “Non é unha especie tóxica”, aclara. Porén, insiste na importancia de estudalas con detalle, xa que outros dinoflaxelados si poden producir toxinas. Investigar este tipo de organismos per-

“Ao analizar as mostras atopamos un organismo cunha morfoloxía moi particular, que non coincidía con ningunha das especies rexistradas ata o momento”

mite tamén perfeccionar os sistemas de vixilancia mariña. “É fundamental para prever riscos e evitar problemas futuros”, afirma.

ESTUDO DETALLADO. Para analizar a especie, empregaron diversas técnicas punteiras. A observación inicial fíxose con microscopía óptica, pero foi a microscopía electrónica de varrido (SEM) a que permitiu examinar as estruturas celulares con precisión.

Ademais, realizaron unha PCR sobre unha única célula (single-cell PCR) e secuenciaron distintas rexións do ADNr, co obxectivo de comparar a nivel molecular coas súas parentes máis próximas.

Portela sinala que este tipo de análises son complexas pero cada vez máis accesibles grazas ao avance tecnolóxico. “A xenética ofrécenos unha ferramenta potentísima para distinguir especies que, morfoloxicamente, poden parecer moi semellantes”, afirma.

RICA CONTORNA. Galicia, asegura a investigadora, é un lugar ideal para facer este tipo de descubrimentos. “A nosa xeografía, o afloramento costeiro e a variedade de hábitats mariños crean as condicións perfectas para atopar especies pouco estudadas”, explica. Lembra que moitas destas microalgas viven nos sedimentos ou pegadas a outras superficies, e que a súa pequena dimensión fai que moitas pasen desapercibidas. “Hai moitísimo por descubrir baixo a nosa costa”, insiste.

O achado foi posible grazas á colaboración de varias institucións. Portela destaca o papel do Centro Oceanográfico de Vigo (IEO-CSIC), onde traballa, así como o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), o Laboratorio Europeo de Referencia de Biotoxinas Mariñas (AESAN) e o Instituto de Ciencias do Mar (ICM-CSIC). A sinerxia entre estes centros foi clave para chegar á descrición definitiva da nova especie.

PROXECTOS EN CURSO. O achado de *T. brassicum* non é un feito illado. Forma parte dunha liña de investiga-



ción máis ampla que se desenvolve no departamento VGOHAB do IEO-CSIC en Vigo, onde participan en varios proxectos de ámbito nacional e europeo. Entre os máis destacados está BIOTOX (2023–2026), que analiza as interaccións entre microalgas nocivas como *Alexandrium minutum*, as súas bacterias asociadas e compostos bioactivos procedentes das pradeiras de *Zostera*. “É un proxecto moi ambicioso que combina ecoloxía mariña e biotecnoloxía”, comenta Portela.

Outro proxecto é CIGUAADAPT, que estuda a presenza de especies do xénero *Gambierdiscus* —responsables da ciguatera— nas augas españolas. E participan en MARINNONET, unha rede transfronteiriza centrada na biotecnoloxía mariña. A maiores, o equipo forma parte do proxecto RADIALESNorte, un observatorio oceanográfico que desde 1988 realiza seguimentos en cinco puntos do Cantábrico e o Atlántico: Santander, Xijón, Cudillero, A Coruña e Vigo. “É un traballo continuo, que nos permite observar cambios a longo prazo nos ecosistemas mariños”, sinala.

NOVAS XERACIÓNS. Portela considera que o futuro da investigación pasa polas novas xeracións. “Son fundamentais. Chegan con ideas frescas, formación moi sólida e unha sensibilidade ambiental enorme”, destaca. Vese a si mesma como parte dunha xeración ponte: formouse nun momento de transición e agora colabora con mozos e mozas que manexan con soltura as novas tecnoloxías e están comprometidos coa sustentabilidade. Entre os retos que identifica para a ciencia mariña en Galicia, menciona a falta de financiamento estable e a necesidade de mellorar a transferencia do coñecemento á sociedade. “Non chega con publicar artigos; hai que facer que a información chegue á xente e ás administracións”, di. Tamén ve imprescindible atraer e reter talento: “Hai moita xente moi boa que acaba marchando por falta de oportunidades”.


INFANCIA LUCENSE. María García Portela naceu en Lugo, onde cursou estudos no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes. Conta que a súa conexión co mar non viña da familia nin do entorno inmediato. “Sempre me gustou a natureza, pero o mar comezou a fascinarme durante a carreira de Ciencias Ambientais en Salamanca”, explica. Foi alí onde escoitou falar por primeira vez das microalgas tóxicas. “Parecéronme algo misterioso e apasionante”, lembra. Ese interese levouna a especializarse na súa investigación, e finalmente,

“Cada nova especie que se describe é unha peza máis no grande crebacabezas da biodiversidade mariña”

en 2014, comezou o seu doutoramento en Vigo, no departamento de microalgas nocivas do IEO.

UNHA PAIXÓN DIARIA. Do seu traballo actual no Oceanográfico de Vigo, destaca a posibilidade de “aprender algo novo cada día” e de “achegar unha pequena contribución ao coñecemento mariño”. Tamén valora o feito de traballar cun equipo apaixonado e con acceso a proxectos científicos de gran alcance. “Hai unha motivación compartida, un desexo común de entender mellor o que pasa nos nosos océanos”, afirma.

UNHA MIRADA AO FUTURO. Cando se lle pregunta que lle gustaría conseguir no futuro, responde sen dudar: “Seguir investigando e formando parte de proxectos que teñan impacto social e ambiental”. E engade que a súa prioridade é que o coñecemento non quede pechado nos laboratorios, senón que se converta en ferramenta útil para a sociedade.



DEPORTES

A elite do tiro ao voo volverá a darse cita en Viveiro o 15 de agosto

O tradicional concurso de tiro ao voo que se celebra cada verán en Viveiro chega este 2025 á súa 47ª edición. A Gran Tirada Concello de Viveiro, organizada polo Club de Tiro “San Roque”, desenvolverase o vindeiro 15 de agosto nas instalacións deste colectivo deportivo, situadas na parroquia de Landrove.

A proba contará cunha participación limitada a 84 deportistas, que deberán enfrontarse a un total de 100 pratos no foso olímpico. Para iso dispoñerán de dúas canchas equipadas con 30 máquinas Rosini. Os seis mellores da clasificación xeral terán que competir nun desempate final para dilucidar as primeiras posicións.

A inscrición única para participar custa 60 euros, cun agasallo incluído para os socios do club. A organización lembra que é imprescindible reservar praza con antelación, a través de WhatsApp no número 616 933 646, a partir do día 13 de agosto ás 19.00 horas. Os responsables do evento tamén advirten que poderían modificar o valor dos premios en función do número final de inscritos.

O fútbol de verán en Ribadeo colle forza co I Torneo Breogán

Ribadeo converterase o vindeiro domingo 10 de agosto nun dos epicentros do fútbol galego e asturiano coa celebración do I Torneo Breogán, unha nova proposta deportiva que promete atraer a afeccionados de toda a contorna. O Estadio Municipal Pepe Barrera acollerá dous partidos de alto nivel, cun cartel de luxo.

A xornada comezará ás 12:00h co encontro entre o CD Arenteiro e o Real Sporting de Gijón, un duelo que abrirá o apetito futbolístico da mañá e que irá acompañado dunha sesión vermú e tardeo para o público asistente. Xa pola tarde, ás 19:00h, será a quenda do segundo partido, co Racing Club de Ferrol enfrontándose tamén ao Sporting, nun choque que pechará a primeira edición deste torneo, organizado co apoio do Grupo Breogán.

As entradas para cada partido custarán 15 euros para maiores de 15 anos e 5 euros para nenos/as de entre 8 e 15 anos. Tamén se ofrece un bono especial para os dous encontros, a 25 euros (adultos) e 8 euros (nenos/as entre 8 e 15 anos).

O Club Shitokai Galicia A Mariña de Ribadeo logra catro novos cintos negros



O Club Shitokai Galicia A Mariña de Ribadeo sumou catro novos cintos negros oficiais ao seu palmarés tras a celebración do exame do Tribunal Nacional de Graos organizado pola FAKYDA en Oviedo. Os karatecas Carlos Fernández e Elena Dovale acadaron o 2º Dan, con especial mención á “inestimable colaboración de Alejandra Gómez nos traballos técnicos por parellas”, segundo destaca o club. Pola súa banda, Gael Álvarez e Cristian Rancaño lograron o seu primeiro Dan, converténdose tamén en cintos negros recoñecidos

pola Real Federación Española de Karate (RFEK). Con estes resultados, o club ribadense alcanza a destacada cifra de 160 cintos negros oficiais recoñecidos polo Consello Superior de Deportes, un fito que reflicte o traballo constante e o alto nivel técnico da entidade mariñá. Desde o club destacan “o magnífico traballo realizado por todos os aspirantes”, que superaron con éxito unha proba esixente a nivel estatal e que supón un novo paso adiante na súa traxectoria dentro do karate federado.

Belén Feal convértese na primeira muller en adestrar o equipo feminino do Burela FS

O Burela FS acaba de dar un paso histórico ao anunciar a ferrolá Belén Feal como nova adestradora do seu equipo feminino de Primeira División. Con este nomeamento, convértese na primeira muller que dirixe o conxunto laranxa na súa historia.

A entidade mariñá aposta así por un perfil novo e coñecedor do fútbol sala galego para liderar un proxecto humilde, pero con aspiracións, e adaptado á realidade actual do club. A propia Feal sinalou tras confirmarse a súa incorporación: “Para min é un soño e é unha grande oportunidade. Agradezo a confianza depositada en min”.

Nacida en Ferrol en 1996 e enxeñeira de deseño industrial de profesión, Feal conta cunha ampla traxectoria vinculada ao fútbol sala. Como xogadora, formouse nas canteiras do Parrulo e o Comarcal A Fervenza, chegando a debutar na Primeira División co Valdetires Ferrol. Foi habitual nas seleccións galegas de base, compartindo xeración con deportistas como Vane Sotelo, Ana Rivera, Ale de Paz ou Paula Cortiñas. Con elas conquistou o Campionato



de España Sub-21 de seleccións autonómicas no ano 2015. Dúas graves lesións de xeonllo afastárona do parqué, pero abríronlle as portas dos banquiños. En 2017 iniciouse como técnica nas categorías base do A Fervenza-Narón O Freixo, e esta última tempada logrou levar ao primeiro equipo sénior á terceira posición da Primeira Futgal, con só tres derrotas en 26 partidos. Tamén exerceu como segunda adestradora do Valdetires Ferrol en Segunda División, e foi seleccionadora galega Sub-10, coa que se proclamou campioa de España este pasado mes de maio en Murcia.

Piñeirúa e Pepe Fraga, do CD Foz, liderarán o equipo xuvenil do Real Tapia CF



O fútbol xuvenil do Real Tapia CF contará esta tempada cunha nova dirección técnica. Juan Manuel Méndez Piñeirúa e José María Fraga Cillero, máis coñecido como Pepe, que ata o de agora formaban o equipo de adestradores do CD Foz na categoría cadete, asumirán o reto de liderar ao equipo xuvenil tapiego a partir do mes de setembro. “Mudamos de equipo por cambiar de aires”, sinalaron ambos técnicos,

satisfeitos co novo proxecto deportivo que teñen por diante. No novo destino, Piñeirúa asumirá o papel de primeiro adestrador, mentres que Pepe exercerá como segundo técnico e delegado de campo, formando un tándem que xa comezou a traballar co grupo. “Xa estivemos co novo equipo e comenzaremos en setembro para preparar o inicio da liga en Asturias”, explicaron.

A Cultural Leonesa e o Club Deportivo Lugo enfrontaranse en Foz

O Trofeo Vila de Foz alcanza este verán a súa trixésimo sexta edición cun cartel de luxo: a Cultural y Deportiva Leonesa e o Club Deportivo Lugo medirán forzas o vindeiro 9 de agosto, ás 12:00 horas, no Estadio Martínez Otero. A organización do evento, que presentou este martes oficialmente o encontro, agradeceu a implicación dos dous equipos, así como o apoio do Concello de Foz e dos numerosos colaboradores locais que fan posible a cita deportiva.

As entradas anticipadas teñen un prezo de 8 euros e poden adquirirse no local social do club, no bar O Muelle, en Xoyma ou no Hotel Islanova. Na billeteira do estadio, o día do partido, o prezo será de 10 euros. Os menores de 16 anos poderán acceder de balde. Dende a organización des-



tacan que o campo de xogo está a ser acondicionado para ofrecer as mellores condicións posibles tanto aos xogadores como ao público asistente. Ademais, como novidade desta edición, os asistentes poderán gozar dunha sesión vermú durante o descanso e ao remate do encontro, co obxectivo de converter o trofeo nunha auténtica festa do fútbol e da convivencia.

“Este deporte é completo a nivel físico, mental e táctico”

O Club A Mariña Bádminton busca consolidarse na comarca cun proxecto inclusivo e formativo que aposta polo deporte base

Por Ana Somoza.

O bádminton gaña presenza na Mariña da man do Club A Mariña Bádminton, unha entidade recentemente creada en Ribadeo que aspira a dar a coñecer este deporte “para todas as idades” e formar unha auténtica canteira de xogadores.

UN CLUB NOVO. Nas palabras de José Ramón, presidente do Club A Mariña Bádminton, a idea de crear este colectivo deportivo en Ribadeo “xurdiu de maneira natural”. Explica que tanto el como outro compañeiro xa formaban parte doutro club e detectaron unha carencia importante na zona: “Na Mariña non existía nada relacionado co bádminton”. Foi entón cando decidiron contactar co Concello de Ribadeo. “Falamos con eles e puxémonos mans á obra co seu total apoio”, relata. Para el, contar co respaldo institucional dende o inicio resultou clave. “Sen ese apoio sería complicado levantar algo así”.

OBXECTIVOS CLAROS. O club naceu con dous obxectivos moi definidos: divulgar este deporte e consolidar un equipo competitivo. José Ramón afirma que a curto prazo buscan “dar a coñecer este deporte tan fermoso, gozar e competir a nivel galego, tanto a nivel profesional coma afeccionado”. A medio prazo, a meta é máis ambiciosa: “Elaborar un equipo de liga para competir a nivel nacional e ir ascendendo pouco a pouco”. Con todo, lembra que o camiño será longo: “Isto é un traballo a longo prazo, pero temos ilusión e medios”.

DEPORTE PARA TODOS. O presidente insiste na idea de que o bádminton “é un deporte enfocado a todas as idades”. Na actualidade, contan con xogadores que abranguen dende os 16 ata os 61 anos. “Aquí a idade non importa”, sentencia. O que realmente se valora son “as ganas de gozar”. Explica que no club existen perfís moi diferentes: “Temos xogadores que compiten en categoría nacional cun nivel importante e xogadores que están a iniciarse”. Por iso define o bádminton como “un deporte dirixido a todos”.

CAMIÑO MINORITARIO. Admite que este deporte “non move multitudes como o fútbol ou o baloncesto”, pero percibe que “a xente está a responder ben”. “Segundo se vaia coñecendo máis, seguro que se irá animando máis xente”, asegura. Recoñece que é un traballo que require paciencia: “Hai que sementar”. Para facilitar a participación, ofrecen un “marxe amplo de adestramentos”. Desta maneira, os xogadores teñen flexibilidade para acudir cando lles resulte máis cómodo.

COMPETICIÓN EN MARCHA. O club A Mariña Bádminton non tardou en organizar eventos. “En Ribadeo fixemos a principios de ano un torneo sénior dentro do circuito galego e en decembro teremos outro”, adianta. Tamén acolleron o campionato provincial escolar. Fóra de Ribadeo, compiten por toda España.

“Cada un ao seu nivel”, puntualiza. A próxima cita será en Cedeira. “E despois do verán hai máis cousas por aí”, apunta sen concretar.

IMPORTANCIA DA BASE. O deporte base é fundamental para o club. José Ramón defende que “ademais de ser saudable, mentalmente é unha forma de quitar presión nos estudos, aprender orde, educación, disciplina...”. Está convencido de que “todos deberían practicar algún deporte desde pequenos”. Colaboran con algún colexio de Ribadeo e contan co “apoio incondicional do Concello tanto para promocionar como para crecer como club”.

“O bádminton é un deporte para todas as idades; aquí o único importante son as ganas de disfrutar”

INTEGRACIÓN COMARCAL. O bádminton na Mariña, di o presidente, “aínda non está integrado se o comparamos con outras zonas da provincia como Xove, Viveiro, Terra Chá ou o centro de Lugo”. Lamenta esta situación, máxime cando “no resto de provincias galegas o bádminton é un deporte de referencia”. Apunta que “a Federación Galega é unha das



máis importantes a nivel nacional” e lembra que recentemente Galicia logrou “unha medalla de bronce no campionato de España de seleccións autonómicas”.

VOLUME E AXUDAS. Segundo explica, o club necesita “volume de xogadores”. A curto prazo, asegura que “todo está cuberto grazas ao apoio do Concello, da Xunta e da Deputación”. Admite que “as axudas poderían ser maiores, pero por agora as nosas necesidades están cubertas, grazas a todos eles”. As instalacións son “boas”, recalca. “Non temos nada que envexar aos grandes pavillóns nacionais, quitando os palacios de deportes”. No futuro, cando consigan sacar adiante un equipo de liga nacional, necesitarán patrocinadores: “Os gastos en fichas, dietas, desprazamentos... aumentan moito”.

VALORES FUNDAMENTAIS. A filosofía do club baséase en dous valores principais: “educación e respecto”. José Ramón di que, en segundo lugar, buscan “desfrutar dun deporte minoritario, pero completo ao máximo”. Subliña que o bádminton é “físico, mental, táctico, técnico, coordinado e áxil”. Para el, “é un dos deportes máis completos e o máis rápido dos deportes de raqueta”.

PORTAS ABERTAS. Os requisitos para

unirse ao club son sinxelos: “Ganas de desfrutar, socializar e aprender a xogar a un deporte moi completo e divertido”. Os obxectivos, sinala, “cada un márcalos como queira”. Recorda que “é un deporte mixto, onde homes e mulleres xogan xuntos”. Tamén destaca a integración: “Aquí xogas con persoas con minusvalías ou deficiencias, todos imos á unha”. Considera que “os valores que existen aquí non se comparan cos doutros deportes”.

UN DEPORTE QUE ENGANCH. José Ramón confesa que empezou no bádminton “por culpa dos meus fillos”. Agora, asegura que “é unha parte importante da miña vida”. Cada vez que vai a adestrar “esquecese dos problemas” e asegura que “desconecta e divírtese un montón”. A competición, afirma, tamén lle motiva: “Cada vez compito mellor, motivame desprazarme por toda España e coñecer xente extraordinaria”.

MIRADA AO FUTURO. O presidente do club ve o futuro con optimismo. “Estamos empezando, pero con paso firme”, di. “Co apoio institucional e das familias conseguiremos consolidar o proxecto”, engade. O obxectivo é claro: “Que o bádminton teña o espazo que merece na Mariña”.

Trabada estrea unha carreira andaina de orientación para todos

O vindeiro venres 8 de agosto ás 19:00 horas, o municipio de Trabada converterase no escenario dunha proposta deportiva pioneira: unha carreira-andaina de orientación pensada para toda a veciñanza e tamén para visitantes. A proba, que se desenvolverá polo centro urbano da localidade e terá como punto de saída a Praza do Concello, foi promovida por Castropol Deporte en colaboración co Concello de Trabada.

A iniciativa chega cun claro obxectivo: ofrecer unha alternativa de lecer activa, inclusiva e entretida, na que pode participar calquera persoa, sen importar a idade nin a experiencia

previa en orientación. Tal e como explican desde a organización, “trátase dunha proba que combina o exercicio físico coa capacidade de orientación, e que se pode realizar tanto camiñando como correndo”. Polo tanto, resulta ideal para quen busca unha actividade ao aire libre que mesture diversión, reto e descubrimento da contorna.

A carreira-andaina contará con dous percorridos diferenciados: un de distancia media e outro máis longo, adaptándose así aos distintos niveis de forma física e intereses das persoas participantes. Ademais, ofrecerase a posibilidade de competir individualmente, por

parellas ou en grupos de ata catro integrantes, fomentando o espírito colaborativo.

O alcalde de Trabada, Rubén García, subliñou a importancia desta nova proposta no calendario local: “É a primeira vez que organizamos unha carreira-andaina de orientación e facémolo con moita ilusión. Queremos ampliar e diversificar a nosa oferta deportiva, ofrecendo opcións accesibles, atractivas e pensadas para todos os públicos”. García incidiu tamén en que esta actividade “é unha boa oportunidade para desfrutar do deporte ao aire libre e en familia, ao tempo que se coñece mellor o noso pobo”.

A Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo consolídase no verán

A VII Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo xa conta motores. O evento celebrarase o 23 de agosto e contará cunha ampla variedade de categorías: desde pitufo ata alevín, con circuitos ao redor do parque de San Francisco; as categorías infantil e cadete partirán desde o Faro da Illa Pancha; mentres que a proba absoluta cubrirá un percorrido de 9 quilómetros, cunha saída simbólica desde Rinlo e chegada diante da Casa do Concello de Ribadeo.

A día de hoxe, xa hai case 300 persoas inscritas, segundo datos achegados polo club organizador. O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 20 de agosto ás

23:59 horas, e todas as persoas participantes recibirán unha bolsa do corredor con diversos agasallos. Dende a organización lembran que é obrigatorio levar frontal e recomendable o uso de reflectores por tratarse dunha proba nocturna.

Os dorsais poderán recollerse o mesmo día do evento en Deportes Docobo, entre as 10:00 e as 13:00 horas e de novo de 16:00 a 19:00 horas. Haberá tamén servizo de transporte entre Ribadeo e Rinlo, así como duchas. Toda a información detallada, incluídos os horarios do autobús, publicárase a través das redes sociais do Club Atletismo Ribadeo.

Burela FS recibe o apoio da Deputación e da Xunta para garantir a súa continuidade



O Burela Fútbol Sala continúa a sumar apoios institucionais para facer fronte ao delicado momento económico que atravesamos. Nos últimos días, tanto a Deputación de Lugo como a Xunta de Galicia reafirmaron o seu compromiso co club mariñán cunha achega conxunta de 65.000 euros. Por unha banda, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, entregou persoalmente unha axuda de 35.000 euros ao equipo durante unha visita celebrada na praia do Cabaliño, na que tamén participaron a alcaldesa de Burela e deputada provincial, Carmela López, así como membros da xunta directiva e persoal técnico. Tomé destacou a traxectoria do Burela FS, “un

referente nacional e internacional grazas ao esforzo colectivo”, e salientou o seu compromiso coa igualdade, a promoción do deporte base e a proxección da Mariña e da provincia. Por outra parte, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión co presidente do club, José Luis Sáez, nas oficinas da entidade. Alí reiterou o apoio do Goberno galego, que se materializa nun contrato de patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia cunha achega de 30.000 euros. Arias cualificou o Burela FS como “motor social e económico para A Mariña” e avanzou que se estudarán novas vías de colaboración.

O Emma Cuervo volta a Ribadeo con dobre cita entre históricos



O campo municipal Pepe Barrera de Ribadeo acolleu a presentación oficial da 74ª edición do Torneo Emma Cuervo, unha das citas futbolísticas de verán máis emblemáticas do Estado. O clásico galego do mes de agosto celebrábase este ano o día 6 ás 19:00 horas, cun enfrontamento entre dous equipos históricos: o Real Club Deportivo da Coruña e o Real Oviedo. Durante a presentación, todas as intervencións coincidiron en destacar a relevancia do Emma Cuervo como vicedecano dos torneos de verán en España, e como un evento que transcende o deportivo, xerando actividade económica e visibilidade para o municipio e a súa contorna.

Ademais da tradicional cita masculina, Ribadeo será escenario tamén da quinta edición do Torneo Feminino Emma Cuervo, que se disputará o venres 23 de agosto ás 12:00 horas entre o Deportivo da Coruña e o CA Osasuna. Unha oportunidade para seguir promovendo o fútbol feminino e ampliar o alcance dun torneo que xa é patrimonio deportivo da vila. Organizadores, patrocinadores e representantes municipais fixeron un chamamento ao público para encher as bancadas do estadio Pepe Barrera e contribuír, coa súa presenza, ao éxito destas dúas xornadas que unen deporte, tradición e dinamismo local.

Unha nova directiva para un club con historia e futuro en Foz

O club fozego mira ao futuro cun proxecto deportivo que aposta pola formación, o arraigo local e o crecemento sostible

Por Ana Somoza

O pasado 17 de xullo marcou un antes e un despois na historia do Club Baloncesto Celtas de Foz. Na asemblea anual de socios, formalizouse a dimisión da anterior directiva, encabezada por Carlos Moreda, e constituíuse unha nova xunta liderada por Carmen Alonso Pérez, de 27 anos, que se converteu na primeira muller en presidir a entidade dende a súa fundación hai máis de corenta anos. “Foi un orgullo inmenso asumir esta responsabilidade, máis aínda sendo do pobo e tendo estado ligada aos Celtas dende pequena. Fun unha das impulsoras do equipo sénior feminino e espero que este paso anime a máis mulleres a liderar no deporte”, afirma Carmen Alonso, quen ademais segue exercendo como capitá do equipo sénior feminino. Esta renovación chega cunha directiva comprometida e profundamente ligada ao club. “A maioría de nós fomos ou somos xogadores, e sentímonos moi vencellados aos Celtas. Algúns xa estábamos na anterior directiva, pero con menos implicación activa. Agora decidimos dar un paso adiante polo sentimento e o coidado cara ao club”, explica a presidenta.

CONTINUACIÓN E FUTURO. Cristina Paz López, vicepresidenta, e Ángel Cao Rego, tesoureiro e xogador do equipo sénior masculino, acompañan a Alonso nesta etapa. “Queremos manter a esencia do club, pero cun funcionamento máis organizado e equitativo. Non pode recaer todo o peso nunha súa persoa”, apunta Cao, quen segue unha tradición familiar no club, pois seu pai xa fora presidente e adestrador. A directiva complétase con Darío Romero e Emilio Fraga, “Tobaneko”, membros da anterior xunta, e Carlos Méndez, “Madar”, quen agora asume a coordinación da base. Esta continuidade facilita unha transición sen sobresaltos. “A anterior directiva levaba seis anos e propuxo esta mudanza como unha continuidade. Valoramos moi positivamente o legado que deixan. Grazas á súa xestión, conseguimos unha conexión co pobo que poucas veces se viu: o pavillón está cheo cada fin de semana, a xente responde aos eventos”, lembra Alonso.

OBXECTIVOS DEPORTIVOS. Un dos primeiros retos da nova directiva foi cubrir a baixa dos adestradores dos equipos sénior. “Foi o noso primeiro obxectivo: atopar substitucións axeitadas e lograr que o



club e os novos adestradores se adapten mutuamente. A curto prazo, esa adaptación é clave. A medio prazo, conseguir todo o que se poida conseguir”, explican. Organizativamente, buscan unha estrutura máis repartida. “Haberá responsables da base, dos sénior, da contabilidade, redes sociais, socios e patrocinadores. E temos un grupo de colaboradoras e colaboradores para tarefas do día a día, como a venda de rifas, o bar ou eventos”.

BASE. O traballo coa base é un dos piares fundamentais. “Temos unha base moi potente. A formación de BabyBasket fai dous anos foi clave. Xa temos máis de vinte nenos e nenas nesa categoría. A coordinación buscará seguir medrando e acadando éxitos como os das nosas benxamins este ano”, apunta Carlos Méndez. O club tece alianzas con outros clubs da comarca. “Temos convenios co CB Burela, para compartir xogadores en certas idades. Tamén facemos amistosos co CB Ría de Ribadeo no BabyBasket. Ademais, a colaboración co Concello é constante, tanto en temas deportivos como na mellora das instalacións”.

O REFERENTE FEMININO. O CB Celtas mantén o único equipo sénior feminino da Mariña Lucense. “Levamos seis anos co equipo. Estamos encantadas non só polos logros, senón polo grupo humano e polo futuro que ofrece a todas esas nenas da comarca. Temos xogadoras de Burela, Cervo, Viveiro, Lourenzá, Ribadeo e Foz”, comenta Alonso. Sobre o apoio ao deporte feminino, amóstranse satisfeitas. “Na Mariña temos referentes como as do Fútbol Sala de Burela ou o Barreiros en fútbol. Evidentemente sempre queremos máis apoio, pero no noso club a igualdade entre feminino e mas-

culino é total. Xogamos en igualdade de condicións”.

A IDENTIDADE QUE PERMANECE. “O CB Celtas é historia e tradición. Non entendemos Foz sen os Celtas. Non precisamos proxectos sociais paralelos porque o pobo sempre responde. Marzán enchese, os eventos son un éxito”, di Alonso. A identidade é unha prioridade. “A esencia do club segue viva cando quen lidera sente os Celtas como sós. As fotos de hai trinta anos e as actuais en Marzán son iguais: a mesma xente, xogando ou animando, con algunha cana máis. Manter esa identidade é o noso compromiso”. En canto ao futuro, Alonso é realista: “Soños hai moitos, pero xogar en ligas superiores é difícil economicamente. O noso obxectivo é deixar o club o máis arriba posible, tanto deportiva como socialmente”.

LIDERADO. A presidenta compaxina o cargo co papel de xogadora. “Cando formas parte da directiva, valoras moito máis todo o que hai arredor dun partido. Ves que tes equipamento porque alguén xestionou o pedido, que hai auga porque alguén a mercou, que vas en bus porque alguén o contratou. Todo iso faiche xogar con máis respecto e compromiso”. Sobre o inicio do mandato, recoñece que hai moito que aprender. “Levamos unha semana e xa estamos co Zorza Celtas do sábado 26. Hai moito traballo que non se ve: papeleo, xestións... Pedimos desculpas se algo se nos escapa nos primeiros días”. A mensaxe para a familia celtista é clara: “Grazas. A todas as persoas que estiveron e que estades. Agardamos que sigades aí. Todo o que queira vir, será benvido. Prometemos dalo todo para que este club siga medrando. Sempre: LUME, LUME, LUME!”

COLABORACIONES

Non plus ultra

CULTURA



Rebeca Maseda

Cando miro a foto coa que acompaño este artigo teño a sensación de que a paisaxe non fora real, como se todo o que non vemos en primeiro plano pertencera a outra imaxe, noutro lugar, noutro tempo. Así me sentín cando estiven na illa de El Hierro, onde as cousas van despaciño, as cores son máis vivas e a natureza fala alto e claro. Das piscinas naturais á beira do Atlántico máis azul aos cumios de negro acibeche, sen punto medio. Do sol intenso de Frontera á néboa de Valverde en dez minutos de coche pasando por un túnel, será que é máxico... El Hierro é falar de tradicións, pero tamén de modernidade, podes sentir a devoción pola súa romaría máis popular, a “Bajada” de la Virgen de los Reyes, e constatar a autosuficiencia enerxética observando os aeroxeradores. Tamén

podes pasear entre o basalto caprichoso ou contemplar unha plantaneira xigante no medio da nada, como se estivera pegada con cola ao chan. Paredes de pedra e bosques frondosos de laurisilva. Todo contrastes. Ata as sabinas parecen relaxadas coas melenas ao vento! Hai algo en El Hierro que fai que o tempo non funcione igual. Pode ser o silencio que o envolve todo, espeso como un manto de brétema, ou esa maneira que ten a illa de obrigarte a parar, mirar e respirar fondo. Non é só que sexa pequena —a máis pequena das Canarias sen contar La Graciosa—, senón que está chea de recunchos que parecen sacados dun soño antigo, eses soños onde un pensa que está só e resulta que está acompañado por mil historias que agardan a seren contadas. Unha desas historias fala do Garoé, a árbore sagrada dos bimbaches, os antigos habitantes da illa. Conta a lenda que o Garoé choraba auga doce, que se condensaba nas súas follas grazas aos ventos alisios, e que foi fonte de vida para o pobo que a veneraba. Di a tra-

dición que os conquistadores non deron coa árbore ata que unha moza bimbache, namorada dun soldado, traizoou aos seus reve-

tás soñando. Subir ao miradoiro de La Peña, deseñado por César Manrique, é como ollar o mundo dende un balcón dos deuses: ves o



lando o segredo. O Garoé orixinal foi derrubado por un temporal, pero hai un novo no seu lugar, co seu estanque e a súa aura de misterio, como se o tempo o respectase. A illa está chea deses lugares que non sabes se son reais ou se os es-

val de El Golfo espallado aos teus pés, os viñedos diminutos e o mar sen fin. Ou visitar o Faro de Orchilla, ese punto que foi durante séculos considerado o “fin do mundo coñecido”, onde o meridiano cero se marcaba antes de que Greenwich se puxese de moda. Non é

de estrañar que os mapas antigos sinalasen El Hierro coas palabras “non plus ultra”. Durante a miña estada, deixei-me levar por esa enerxía calada da illa. Dende os sendeiros entre breixos e faias ata os charcos onde o mar se cola e crea piscinas secretas, todo parecía feito a medida do camiñar tranquilo e da conversa amiga. Aquí non hai présa e mesmo as pedras semellan ter lembranza. En Sabinosa aínda se escoitan cantos antigos se prestas ben atención. Alí hai unha parede de pedra na que se pode ler esta frase da escritora canaria María Rosa Alonso: “El Hierro es la isla del silencio, pero no del olvido.” E tiven que anotala no móbil, porque si, El Hierro cala fondo, pero non se esquece. E ao final, queda esa sensación: a de ter pisado un lugar que é moito máis ca un destino turístico. Un recuncho do mundo onde a natureza non se disfrazou para ninguén e onde a alma parece que se solta un chisco. Un sitio ao que queres volver non para repetir, senón para seguir descubrindo.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policía Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policía Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policía Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policía Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policía Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policía Local:	982 56 29 22
Policía Nacional	982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

As Pontes: Fragas, fervenzas e historias

A ruta das Fragas da Ribeira e Lostegal ofrece un paseo a través da natureza máis húmida e salvaxe da comarca

Entre os vizosos montes da localidade das Pontes de García Rodríguez, en pleno corazón da comarca do Eume, agochada entre vales húmidos e fervenzas ocultas, discorre unha das rutas de sendeirismo máis atractivas de Galicia: a PR-G 147, coñecida como a ruta das Fragas da Ribeira e Lostegal. Veciños e sendeiristas coinciden en que se trata dun traxecto “pouco coñecido pero que sorprende”, cun percorrido circular de 19 quilómetros e unha dificultade media que obriga a ir preparados. “Ten bastantes subidas e baixadas, pero son suaves, e compénsano as vistas”, comentaba un dos camiñantes habituais da zona. “Levo feito o traxecto varias veces e sempre descubro algo novo”, engadía. A ruta está perfectamente sinalizada, o que permite percorrerse sen apenas dificultade, sobre todo se se segue o trazado pegado ao encoro da Ribeira. Os que a coñecen ben recomendan comezar no Parque do Eume, á beira do antigo Poboado do

Barreiro, e facelo en sentido contrario ás agullas do reloxo. “Desta maneira afróntase o tramo máis duro cando un aínda vai fresco”, explicaban sendeiristas locais. O percorrido ascende ata o monte Alto da Carballeira, un miradoiro natural situado a 667 metros de altitude. “As vistas dende alí son espectaculares, ves toda a vila e incluso o lago das Pontes, que é bastante novo”, describen. Despois, co-

meza o descenso cara á Fraga do Lostegal, un espazo onde os carballos centenarios, os acivros e os loureiros crean unha cuberta verde que protexe do sol e ofrece frescor mesmo en pleno verán. Ao chegar á beira do encoro, o escenario cambia novamente. Aí, a paisaxe acada a súa máxima beleza. Xunto ás ruínas medio asolagadas do antigo lugar de Chao do Habanero, a natureza móstrase en todo o seu es-

plendor. “Aquí sempre paro un anaco, porque o lugar transmite moita calma”, confesaba un visitante que repetía a ruta cada ano. O traxecto continúa pola Fraga da Ribeira, onde o son da auga entre regatos, fervenzas e musgos acompaña a camiñada. A variedade de flora e fauna é tal que os expertos en botánica e ornitoxía consideran esta ruta unha auténtica aula natural. O camiño remata na ponte de

madeira do Parque do Eume, onde se iniciou a xornada. Mais desde o Concello lembran que a seguridade varía segundo a época do ano: “Cando chove, cochan mollado, as pedras poden ser moi esvaradías, así que hai que extremar a precaución”, sinalan. En resumo, unha proposta para os que buscan conexión coa natureza, exercicio físico e unha experiencia sensorial completa, sen afastarse demasiado da vila.



DATOS



6,5 horas



19 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605